


Ano 1991

DIARIO DE SESIÓNS

NÚM. 57



PARLAMENTO DE GALICIA

III lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 57

Celebrada o mércores, 20 de febreiro de 1991

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto único: Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia, a súa articulación e o seu desenvolvemento futuro.

SUMARIO

<i>Reiníciase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.</i>	Propostas de resolución páx. 3.940
<i>Continúase coa orde do día.</i>	
Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia, a súa articulación e o seu desenvolvemento. (Continuación)..... páx. 3.879	<i>O señor presidente rógalle ó señor secretario que dea conta das propostas presentadas. Así o fai o señor secretario (Iribarren Fernández-Rogina). O señor presidente explícalle á Cámara o xeito no que se desenvolverá este debate das propostas de resolución, e primeiramente abre unha rolda de grupos parlamentarios para que presenten e defendan as súas propostas. Nesta rolda interveñen os señores Oujo Bello (G. P. Mixto), Nogueira Román (G. P. Mixto), Trigo Durán (G. P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Pardo (G. P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G. P. Popular).</i>
<i>O señor presidente abre unha rolda de grupos parlamentarios para que fixen a súa posición. Nesta rolda interveñen os señores Sánchez Presedo (G.P. dos Socialistas de Galicia), Álvarez Domínguez (G. P. do Bloque Nacionalista Galego), Nogueira Román (G. P. Mixto), Sánchez Castiñeiras (G. P. Mixto) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular). Intervención do señor presidente da Xunta de Galicia (Fraga Iribarne). Na rolda de réplica fan uso da palabra os señores Sánchez Presedo (G. P. dos Socialistas de Galicia), Álvarez Domínguez (G. P. do Bloque Nacionalista Galego), Nogueira Román (G. P. Mixto), Sánchez Castiñeiras (G. P. Mixto) e Vázquez Portomeñe (G. P. Popular de Galicia). Intervención do señor presidente da Xunta (Fraga Iribarne).</i>	<i>O señor presidente manifesta que se vai suspender a sesión para reiniciala mañá ás once, e antes de votar as propostas de resolución concederlle unha rolda a cada grupo para que fixe o seu posicionamento definitivo e para comunica-las transaccións, se as houber.</i>
<i>Suspéndese a sesión.</i>	<i>Suspéndese a sesión.</i>
<i>Reiníciase a sesión,</i>	<i>Eran as oito da noite.</i>

Reiníciase a sesión ás dez da mañá.

-DEBATE DE POLITICA XERAL COA COM-PARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE--LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMIA, A ACTUAL SITUACION DA COMUNIDADE AU-TONOMA DE GALICIA, A SUA ARTICULA-CION E O SEU DESENVOLVEMENTO FUTU-RO. (Continuación).

O señor PRESIDENTE: Para fixa-la posición do seu grupo ten a pa-labra o voceiro do Grupo Parlamen-tario dos Socialistas de Galicia.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor presidente, señorías, acudo a esta tribuna para fixa--la posición do Grupo Parlamentario Socialista nes-te debate.

Quixese expresa--la miña satis-facción pola súa celebración e pola oportunidade de ter nesta tribuna ó presidente da Xunta de Galicia. Realmente, hai algúns que din que se os temas importantes de Goberno se medisen polas veces que o presi-dente subiu a esta tribuna, a valo-ración desta etapa debería ser moi negativa, porque non é habitual que o presidente da Xunta de Galicia ocupe esta tribuna.

Trátase dun debate para anali-za--lo balance dun ano nun contexto político novo para Galicia, cunha maioría absoluta que respalda ó Go-berno. Isto comporta unha gran oportunidade desde o punto de vista da dirección do Goberno do país, pero tamén, sen dúbida ningunha, unha enorme responsabilidade.

E innegable que un resultado destas características provoca na sociedade galega unha enorme expec-tación, e eu teño a sensación de que esta expectación cando vai transcorrido un ano, non está ple-namente satisfeita.

Creo tamén que o discurso de onte do presidente da Xunta de Ga-licia foi un discurso excesivamente cargado de xeneralidades, excesiva-mente frío e distante dos problemas concretos da sociedade galega. Eu creo que os homes e as mulleres de Galicia esperaban algunha mensaxe próxima ós seus problemas e resúl-tame difícil atopar nese discurso algunha referencia concreta.

Hoxe vaise realiza--la primeira valoración plural do traballo rea-lizado, e vaise realizar cun deba-te. Eu vou intervir en representa-ción do grupo maioritario da oposi-ción, e vouno facer coa perspectiva dun grupo que pretende non soamente facer unha oposición ó Goberno, se-nón realizar unha política que lle permita facer un relevo ó Goberno da Xunta de Galicia. Non vai ser un debate que se realice desde a con-frontación persoal, vai ser un de-bate político e, polo tanto, un de-bate de ideas, un debate que pre-tende situa--lo Parlamento o máis preto posible das preocupacións dos cidadáns sen abstraccións. Nós con-sideramos que isto non é unha aca-demia para iniciados, senón que é a Cámara que ten que estar preto dos problemas e da sensibilidade do no-so pobo. Polo tanto hai que anali-za--los feitos, valora--los compor-tamentos políticos, e expoñer con respecto as nosas posicións.

Este é, polo tanto, un balance para todos, e eu quería, xa ini-cialmente, facer dúas precisións.

En primeiro lugar, paréceme de xusticia con esta Cámara rescatar para o Parlamento o protagonismo dos acordos institucionais. O pre-sidente da Xunta de Galicia dicía que o Goberno puxera en marcha o Consello de Contas e o Valedor do Pobo, e eu creo que o Consello de Contas e o Valedor do Pobo puxéron-se en marcha por un acordo parla-mentario. Polo tanto, paréceme de xusticia que o que é motivo dunha decisión parlamentaria se lle atribúa ó Parlamento, e o Goberno sim-plemente asuma o papel de formali-zar esta decisión, que é o resulta-

do da propia dinámica parlamentaria.

En segundo lugar, creo que tamén existe no discurso do presidente unha falta de equidade. Na súa exposición omite algo importante, que ademais non debe ser ningún desdouro recoñecelo. Enriba da súa mesa quedaron temas moi importantes en marcha: o tema das autovías, o tema do gas..., e creo que isto non custaba nada recoñecelo. Non supoñía ningunha tacha para o seu traballo. O que nós nos preguntamos é: "se hoxe se producise un relevo, ¿realmente enriba da mesa teríamos proxectos desta entidade e desta magnitude?"

Eu creo, señorías, que a situación de Galicia despois de un ano se podería resumir, ó meu xuício, en tres ideas moi claras. En primeiro lugar, hai unha desaceleración económica; en segundo lugar, hai un claro retroceso social; e, en terceiro lugar, existe unha desatención preocupante polos temas ambientais.

Ese cadro, ó noso xuício, non é independente da orientación política da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten unhas prioridades e uns obxectivos, e se analizámo--los presupostos da Xunta de Galicia, fundamentalmente nos capítulos VI e VII, que son os que marcan a onde van dirixidas as operacións de capital, os investimentos deste país, vemos que hai unhas consellerías que resultan con prioridade e outras non.

¿Cales son as consellerías que non resultan con prioridade? Serían as seguintes:

En primeiro lugar, a Consellería de Traballo é a Consellería que ten un trato peor por parte da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, desde o punto de vista productivo, o sector máis importante que existe no noso país, máis precisado dunha acción profunda por parte do Goberno é a agricultura, e a agricultura nos presu-

postos da Xunta de Galicia ten en investimentos e operacións de capital once puntos menos cá media presupostaria.

Outro presuposto importante de consellerías para a modernización de Galicia é o de infraestructuras (Consellería de Ordenación do Territorio). A Consellería de Ordenación do Territorio ten dezasete puntos menos cá media de investimentos e operacións de capital da Xunta de Galicia.

E se imos ás políticas de benestar, atoparémonos que nestes mesmos capítulos sanidade e vivenda van tamén por baixo da media da Xunta de Galicia.

Se analizámo--lo presuposto global, porque é onde haberá que ter en conta a educación, xa que é unha Consellería fundamentalmente prestadora de servicios, a Consellería de Educación vai por debaixo da media do presuposto da Xunta de Galicia.

Aquí quedan moi claras as distintas opcións políticas que existen nesta Cámara. Emprego, agricultura, educación, sanidade e vivenda resultan castigadas pola Xunta de Galicia, e serían, loxicamente, as consellerías que os socialistas respaldaríamos desde a nosa acción de Goberno.

A todo isto podemoslle engadir que se o analizamos desde a perspectiva dos programas, o que experimenta unha redución moi considerable é o de medio ambiente, que este ano se reduce nun 20%.

Polo tanto, queda claro que existen dúas formas distintas de aborda--los problemas deste país: dar prioridade a estas cuestións que nós consideramos esenciais, ou dedica--lo esforzo da Xunta a outras preocupacións.

Por iso, cando nós dicimos que existe unha desaceleración económica, estamos dicindo que Galicia está vivindo durante o último ano un

período de acusada desaceleración económica. E estamos correndo o risco de que ese esforzo importante que se realizou para que Galicia se enganchase na recuperación económica que chegou en 1987 --dous anos despois que ó conxunto de España, que foi en 1985-- poida frustrarse. Esa desaceleración pódese dicir que existe no conxunto do Estado. Pero eu diríalles ás súas señorías que a desaceleración en Galicia ten unha intensidade superior, tanto desde o punto de vista do crecemento económico coma desde o punto de vista dos indicadores, que me parecen importantes e que deberíamos ter en conta.

En primeiro lugar, o paro rexistrado. O paro rexistrado experimenta en Galicia unha evolución máis negativa ca no resto do Estado; e, en segundo lugar, a caída do investimento estranxeiro para saber se existe ou non confianza no noso país. Mentres en España o investimento estranxeiro sobe un 46%, en Galicia experimenta unha caída, non soamente en termos absolutos, senón en termos relativos respecto da capacidade de captar investimento en competencia co resto das comunidades do Estado.

En consecuencia, máis paro rexistrado, menor investimento estranxeiro, desaceleración económica.

Pero nós pensamos que todo isto non responde a unha dinámica de carácter xeral; estes son datos específicos dentro de Galicia, que, ó noso xuicio, se provocan por dúas cuestións específicas que son responsabilidade deste Goberno. En primeiro lugar, porque mantén unha desacertada política presupostaria; e, en segundo lugar, porque non ten claro un proxecto de desenvolvemento productivo.

Unha desacertada política presupostaria, porque se estamos nun momento en que existe unha tendencia á desaceleración económica deberíamos extrema-lo rigor na aplicación dos nosos propios recursos; e podemos apreciar, en contra do

que se anunciaba, que os gastos correntes aumentan extraordinariamente na nosa Comunidade Autónoma, os gastos de persoal nestes dous últimos anos aumentaron o 35%. Hai que dicirlle algo moi claro á sociedade galega; e é que hoxe hai máis altos cargos ca nunca en Galicia, e hai maiores servizos porque se crearon máis servizos dentro da burocracia da Administración ca nunca, xa que iso é o que a continuación se reflicte nos incrementos presupostarios.

As transferencias correntes, que son as que se financian con recursos incondicionados, esas medran un 80% nun período de dous anos. E claro, ó aumentar tanto os gastos correntes, o que ocorre é que se reduce o aforro público, e se se pretende realizar unha política de investimento e de operacións de capital non queda máis remedio que acudir á débeda; polo tanto, o que está ocorrendo é que a débeda non está soamente financiando actividades productivas, non é unha débeda que lle pedimos a este país para capitalizalo, para crear bens e servizos que van seguir dando rendibilidade de futuro, senón que lle estamos pedindo recursos para consumilos, para agotalos, e, polo tanto, a débeda non é tanto unha opción de política económica, coma, ó meu xuicio, a expresión dun déficit.

Non é soamente un déficit presupostario porque non nos chegan os recursos. O meu xuicio, é un déficit máis importante, é un déficit de gobernación. A débeda en Galicia é un déficit de gobernación. Expressa a renuncia dun Goberno a seleccionar, a dar prioridade, a elixilos seus obxectivos. E lóxicamente hai que renunciar, por exemplo, ó aumento do gasto corrente. E se se pretende tratar de cubrir tódalas decisións, entón o que está ocorrendo é que non se asume o custo de gobernar, e como non se asume o custo de gobernar, o expediente máis fácil é que se traslade ás xeracións futuras, que o paguen os galegos que veñan máis a adiante. O

Goberno non asume o custo, que o asuma o país. E que o asuma o país no futuro.

Por iso nós pensamos que a política presupostaria, a política de desenvolvemento productivo, non é unha política correcta. Habería que distribuí--las responsabilidades entre a iniciativa pública e a iniciativa privada. Eu creo que a iniciativa pública na conxuntura deste país ten que realizar dúas cuestións. Primeiro, capitaliza--lo país, máis capital social, máis infraestruturas, e garanti--los dereitos fundamentais dos cidadáns: educación, saúde, vivenda. Isto parécenos fundamental desde unha concepción de progreso. Mentres que a iniciativa privada debería te--lo peso fundamental no desenvolvemento productivo, non o peso exclusivo, porque nós pensamos que a Xunta debe tamén favorecer--lo desenvolvemento productivo do noso país con accións estratéxicas e selectivas, pero non tratando de manter na nosa sociedade os reflexos proteccionistas. O modelo neste país non pode ser que tódolos galegos se traten de enganchar ó presuposto da Xunta de Galicia; hai que facer unha sociedade autónoma, con capacidade de evolucionar independentemente dos presupostos deste país, e dedica--los presupostos deste país ás prioridades sociais. E pensamos que non existe un proxecto de desenvolvemento productivo.

Se analizámo--la agricultura, que é unha actividade de extraordinaria importancia, os presupostos van once puntos en investimento e en operacións de capital por baixo da media da nosa Comunidade. Segundo un estudio publicado por unha colaboradora do presidente da Xunta de Galicia, dise que dentro de dez anos poderemos alcanza--lo mesmo nivel que tiña Europa hai seis anos, cunha condición: reducir á metade a poboación agrícola e duplica--los postos de traballo non agrarios.

A min preocúpame unha cousa: preocúpame moito que o modelo agrí-

cola poida ser simplemente unha purga, purga--la agricultura de traballadores; preocupárame extraordinariamente que este fose o modelo. Creo que o que hai que facer é un modelo de desenvolvemento productivo para a agricultura do noso país. Hai que ter unha agricultura que sexa un sector potente e dinámico, un sector que poida servir de base para un desenvolvemento desde o punto de vista industrial. Por iso, estamos preocupados pola evolución presupostaria de medidas tan importantes coma o cooperativismo, a mellora das explotacións ou a política de infraestruturas. Estamos preocupados porque notamos que, pese á evolución dos presupostos, estas cuestións tan importantes non gardan relación co monto global dos presupostos da Xunta de Galicia.

Voulles dar un dato moi significativo, simplemente para ilustra--la nosa preocupación. Neste último ano non se declarou en Galicia ningún produto galego de calidade; paréceme que é un dato importante cando hai un Goberno que debe tratar de impulsa--la economía do noso país.

Señor presidente, en moitas ocasións no Congreso dos Deputados falou de lentellas e de garbanzos, eu hoxe vou falar do leite. ¿Saben vostedes como evolucionou o precio do leite no último ano? Pois, no último ano o precio do leite para cada produtor é sete pesetas menos por litro có ano anterior; ese é o balance con que o presidente hoxe acode a esta tribuna, e nos supermercados e nas tendas as amas de casa non atopan o leite cun descenso dos precios.

Loxicamente, aquí algo está ocorrendo, necesítase un marco negociador estable e necesítase unha política que se ocupe dun sector estratéxico para o noso país. En Galicia, o 60% da nosa produción sae fóra do noso territorio. Polo tanto, temos que facer un esforzo importante se queremos que este sector sexa un sector de futuro, hai que modernizalo, e os datos

deste ano desde logo non son optimistas.

Desde o punto de vista forestal, se hai algunha política nun país que necesite estabilidade é a política forestal, porque é unha política que os investimentos maduran en períodos moi longos de tempo, e debería ser obxecto dun consenso por parte de tódolos grupos políticos. Este verán houbo un debate, a Xunta de Galicia comprometeuse a presentar un plan forestal e pensamos que foi para saír do paso, porque non se volveu a saber del. Un plan forestal consensuado non pode ser un plan forestal que o Goberno presente neste Parlamento sen un previo diálogo co resto dos grupos políticos. Se lle queremos asegurar--la confianza e a estabilidade ó sector forestal hai que chegar a un plan consensuado; esta é a única forma de que neste país se poida apostar polo desenvolvemento forestal.

En materia de incendios, débollles dicir que estamos de acordo en que se realicen tódolos esforzos necesarios para acabar con esta praga, pero preocupánnos dúas cuestións. Preocúpanos que se banalicen os temas, que se fale de paracaidistas ou que se fale ás veces de hipóteses, dificilmente contrastables, de bandas organizadas e de cuestións deste tipo. E preocupánon--la evolución que está seguindo o tema dos incendios neste último ano, porque cada vez se destina menos para a prevención dos mesmos e se concentran os esforzos na súa extinción. Isto dígoos por unha razón de futuro. Se nós concentrámon--los investimentos en prevención de incendios, o que estamos é inserindo a política de combate--los incendios na política de desenvolvemento forestal; a prevención de feito é un paso para o desenvolvemento forestal. Mentres que se concentrámon--la política en combate--los incendios, pronto na sociedade galega alguén dirá que estamos aplicando os recursos nos montes máis descoidados, nos montes máis abandonados, nos propietarios que

teñen menos atención polos seus montes, e que haberá que tratar de que todos eses recursos sirvan para impulsa--lo desenvolvemento forestal deste país. Pois ben, están diminuindo os recursos para prevención de incendios, dicímolo con preocupación, e pensamos que eses recursos deberán ir para o desenvolvemento forestal deste país, non para premiar ós que abandonan as súas responsabilidades.

En materia de pesca imos dicir unhas cuestións moi claras. A pesca é unha actividade bio--económica e, polo tanto, ten que existir un equilibrio entre dúas políticas. Por unha parte, a política de creación de recursos, e, por outra parte, a política de explotación deses recursos. Se creamos menos recursos dos que extraemos, estamos esquilmando o noso país. Pensamos que se lle está prestando máis interese en materia pesqueira á política de explotación ca á política de creación de recursos, e iso a medio prazo é malo para Galicia.

Por exemplo, para 1990, o ano que xa pasou, estaba anunciada a Lei de recursos pesqueiros, e aínda non a temos aquí. Díxose que antes do verán de 1990 ían estar retiradas as bateas ilegais e aí seguen. Dise tamén que se é moi importante a política de recursos, haberá que impulsa--la investigación e a formación nas ensinanzas pesqueiras, e iso é o que está baixando presupostariamente (ensinanzas pesqueiras un 20%, investigación o 17%). A actividade do marisqueo, que é a que ocupa dentro do sector á xente socialmente máis necesitada de respaldo, é a que ten menos cobertura presupostaria en materia de pesca. Hai problemas de estratexia. O maior valor engadido á pesca é desde que se desembarca ata que chega ó mercado. O que se debe tratar nunha política de progreso é que os produtores teñan a maior facilidade para participar nese proceso de tratamento do peixe e de comercialización, e o Goberno está poñendo dificultades a ese proceso de comercialización, e aí están esas me-

didadas que van na dirección contraria do que debería ir.

Creo que se necesita rigor, porque o tratamento que o Goberno lles deu este ano por exemplo ás mareas vermellas, a quen máis beneficiou foi ós nosos competidores, o único que provocou foi alarmismo, e claro, a continuación provocou que o sector tivese que facer unha campaña de imaxe para tratar de salvar unha situación que se cuestionara innecesariamente. Polo tanto, pensamos que hai que actuar con maior rigor.

En materia de industria, que se dicía que este ía ser un debate centrado en industria, a penas se formulou ningunha estratexia concreta. E nos sectores que aumenta máis a taxa de paro está a industria.

Simplemente formularía unha cuestión que pode ser de interese para o noso país, que é o tema de ASTANO. Recentemente, o Goberno dixó que eles apoiaban unha decisión industrial concreta para ASTANO, co nome dun empresario, que, segundo as noticias de hai uns días, aínda non entrara en contacto co Ministerio. Pero se se aproba ese proxecto queremos que se nos explique en que consiste, xa que se o Goberno presta un apoio terá que ser porque coñece en que consiste, queremos saber--las garantías, as condicións, o tratamento social, o proxecto económico. Que se diga aquí, agora é o momento de dicilo, porque o presidente no seu momento non compareceu neste debate, e agora ten a oportunidade de explicalo.

Falaba do punto de vista social. No ano 90 aumentou a taxa de paro rexistrada. Iso, ó meu xuício, supón tres datos moi importantes en Galicia. En primeiro lugar, québrase unha tendencia que consistía na diminución de paro, e o ano 90 foi de aumento. En segundo lugar, esa tendencia en España é a contraria da que está sendo en Galicia. Non podemos falar de contexto, de que é un efecto reflexo de España, non;

en España o paro está descendendo. E en terceiro lugar, batémo--la marca --e a min preocuparíame se eu fose presidente do Goberno-- de que por vez primeira a taxa de paro en Galicia sexa superior á taxa de paro en España. É unha triste marca que batemos no ano 1990 que creo que hai que abandonar rapidamente.

Pero o problema non soamente é ese, é que o que se fai simultaneamente é frea--la política de emprego que existía na Xunta de Galicia. O programa de fomento de emprego redúcese un 13%, liquídanse as axencias de desenvolvemento local, esas axencias que estaban destinadas a realizar políticas de emprego que mobilizaron os recursos nos concellos, na base do país, que trataran de estimular--la actividade económica. No momento en que o emprego está decaendo hai que realizar políticas máis intensas e máis activas, e nese momento elimínanse as axencias de emprego. Conxélanse os presupostos dedicados á economía social, e a formación ocupacional vai por debaixo das previsións que nos contempláramos no PDR cun nivel de endebedamento bastante inferior ó que realiza o actual Goberno.

Pero por se todo isto fose pouco, os traballadores que teñen emprego tampouco teñen motivos para estar extraordinariamente satisfeitos, porque no período de xaneiro a xullo de 1990 --falo de temas concretos porque é o que lle preocupa á xente deste país-- Galicia é a segunda Comunidade en España en accidentes laborais, catro puntos de porcentaxe por riba do resto das comunidades españolas en accidentes laborais. Esta é unha competencia do conselleiro de Traballo e debería dicirlles ós traballadores deste país se vai tomar medidas para tratar de darlles máis seguridade no seu traballo, para que non sexa esta a crónica negra do traballo español. Iso tamén sería facer unha política de progreso.

E se imos xa ós servizos sociais, eses servizos sociais que no discurso de investidura o señor

presidente da Xunta de Galicia dicía: "A sensibilidade social dun Goberno mídese directamente pola atención que lle presta a estes servicios", simplemente lles vou dicir unha cuestión. Hai que emocionarse non só coa Galicia simbólica, hai que conmoverse cos problemas da Galicia de carne e óso, das nosas mulleres e dos nosos homes, porque os servicios sociais van dirixidos ós sectores da poboación máis desfavorecidos. E non comprendemos unha política de servicios sociais que comeza por eliminar do organigrama da Consellería de Traballo os servicios de planificación; quedan eliminados, porque loxicamente aquí non hai nada que planificar, xa veremos o que ocorre, haberá que improvisalo todo.

Non se iniciou no ano 90 nin un só centro para a terceira idade, e ese foi o trato á terceira idade.

E os minusválidos que non pensen que van recibir un trato mellor, no ano 90 tampouco se fixo nin un só centro.

E cando se falaba da política do menor, esa política que debía provocar unha sensibilidade por parte de tódolos grupos da Cámara, vemos que está freado ese programa de acollidas en familia, ese programa para tratar de que fosen familias as que atendesen dos menores, en lugar de institucións, todo iso está paralizado.

Podíamos falar de infraestruturas, fundamentais para o desenvolvemento productivo, para a vertebración territorial do país, para dar riqueza a un país, para animar a actividade económica. ¿Cal é o balance? Pois, non acadan os obxectivos do PDR pese a aumenta-la débeda pública, e se situamos isto na propia evolución dos presupostos, a Consellería de Ordenación do Territorio en investimentos e operacións de capital vai 17 puntos por baixo da media da Xunta de Galicia. E dicir, estase penalizando a creación de infraestruturas cando debería ser unha ocupación estratéxica para

un Goberno que tratase de construír un país.

Xa dixemos que nós valoramos positivamente a aceptación da proposta do Ministerio de Obras públicas respecto das autovías. Explicamos claramente que nos pareceu incorrecto o tratamento parlamentario que se derivou --non veu por casualidade-- dun acordo do seu Consello de Goberno. Non foi correcto situar ó Parlamento nunha posición tan desairada. Pero temos que dicirlle unha cousa moi clara. Vostede subiu a un tren que estaba en marcha, e creo que debemos aprender a compartí--los éxitos deste país. Moitas veces témo--la sensación de que no tren da Xunta de Galicia, pois, ó mellor, non hai vagóns suficientes para os alcaldes deste país, e deberíamos aprender a compartí--los avances deste país. O mesmo que o fixemos nas autovías, debemos compartilo a tódolos niveis dentro de Galicia.

E sería bo que aplicasemos dentro das nosas comunicacións un esforzo similar ó que se vai aplicar nas autovías. Ese chiste no que se vía petar na porta do ceo e saía San Pedro dicindo: "¿Quen é?", pois agora contestarían: "Somos de Ribeira, ou de Fisterra, ou da Fonsagrada, ou da Gudiña", e dilles: "Pois esperen que aínda non están os accesos". Creo que deberíamos de tratar, dentro de Galicia, de eliminar esa situación de illamento. As comunicacións son un revulsivo contra a dispersión do país e vostedes teñen que dedicarlle máis recursos ó tema. Ademais, dixerón: "Nós estamos dispostos a financiar-la anticipación das autovías". Non é necesario ese financiamento, pero eses recursos que tiñan previstos aplíquenlos a cubri--las necesidades deste país que non están cubertas. Con ese nivel de débeda e eses recursos que lles ían destinar, non hai escusa para que antes do 95 vostedes non traten de facer algo equivalente ó Estado, por exemplo a autovía Lugo--Ourense, que, por certo, é a única que non está no seu plan de estradas, e eu creo que

deberían facela. E se queren facer un proxecto a medio prazo --porque a sensación que teño é que cando falaban de medio prazo o que trataban de dicir é que deste ano temos pouco que dicir--, creo que os proxectos hai que facelos día a día e así é como poden saír a medio prazo. Terán que retomar unha política do Goberno anterior, que foi constituí-la Comisión de Transportes e Comunicacions da cornixa Cantábrica, e constituí-mola aquí con tódolos conselleiros responsables de comunicacións da cornixa. Esa é a cuestión que queda pendente e que vai incidir no conxunto de Galicia, pero de forma moi especial no norte da Coruña e no norte de Lugo, e creo que se deberían preocupar dese tema.

En infraestructuras hidráulicas os niveis son sensiblemente inferiores ós previstos. Saneamento das rías á metade. A Galicia costeira tampouco se pode sentir especialmente satisfeita. Un dos programas que experimentan un maior freazo é o de portos, pódese dicir que os portos de Galicia xa están perfectamente ben, pero nós pensamos que habería moitas cuestións que facer e moito que mellorar.

E se pasamos xa desta política económica, desta política social, desta política de infraestructuras moi necesaria para o desenvolvemento dun país, a unha política social, e entramos no tema máis importante, que é a educación, o que debemos dicir é que aquí hai dúas ideas distintas. O presidente no seu discurso de investidura dicía: "A nosa política educativa ten como eixe a concepción da educación como elemento diferenciador entre as persoas". Como un elemento de diferenciación, non temos ese concepto. A igualdade non significa uniformismo. O noso concepto é a educación para o desenvolvemento da personalidade, sen dúbida ningunha, pero non se pode facer unha política de igualdade de oportunidades se non é traballando activamente na educación. E aquí, ¿que se realiza? Pois, realízase o tema, e imos em-

pezar a privatiza-lo tema da educación, e si hai recursos nós estamos dispostos a aplicalos a tódalas necesidades, pero cando os recursos son escasos --aínda que os recursos sempre son escasos, por iso facemos presupostos, senón simplemente bastaría con asinar cheques--, debemos dicir cales son as prioridades. ¿E cales serían as nosas prioridades? Primeiro, a educación obrigatoria, esa tería que se-la primeira cuestión que debería aborda-la Xunta de Galicia, e a educación obrigatoria non é soamente dar un pupitre, senón unha auténtica educación obrigatoria de calidade. Nós pensamos que hai que incidir na calidade da educación obrigatoria para que ó final do proceso educativo sexa real a igualdade de oportunidades. A igualdade de oportunidades non é soamente ter un pupitre, senón ter ó final unha bagaxe educativa que permita unha igualdade de oportunidades, e aí hai que prestar máis atención á reforma educativa.

Segundo, se cubrímo-los niveis obrigatorios, haberá que ir ós niveis nos que a oferta educativa é máis insuficiente, e o nivel de Preescolar de 4 e 5 anos, no ano 87 e 88 tiña unha cobertura do 93%, cun descenso de alumnos de 4.000 nun período de 6 anos, é dicir, debe estar actualmente a nivel de Preescolar en porcentaxes moi próximas ó 100%. Entón, ¿para que aplicar financiamento a centros privados a este nivel, cando temos outros niveis en Galicia con moita menos cobertura en taxa de escolarización, cando témo-la educación secundaria en moitas ocasións con taxas do 70%, ou témo-la universitaria con taxas do 20%? E que tampouco responde ó modelo de igualdade de oportunidades, porque se vemos a onde van os recursos en materia educativa, as provinciais de Lugo e Ourense son as que reciben menos da metade do que lles correspondería pola súa poboación, son as provincias da Galicia interior polas que había que demostrar tanta sensibilidade, e vemos que é nas grandes cidades onde se concentran estes recursos. Iso non é xusto

desde un punto de vista repartimento/recursos, non se distribúen os recursos de acordo coas necesidades. Se houberse moitos recursos, loxicamente había para dailles a todos, pero cando non hai recursos débense dirixir ós máis necesitados. Iso parece razoable nun país que queira ser moderno.

O Tribunal Superior de Xusticia anuloulles, por falta de participación da comunidade escolar, todo este proceso; por falta de participación da comunidade escolar, que non é un problema autonómico, é un problema de modelo constitucional. O artigo 27 da Constitución --e todos estivemos de acordo-- di que a garantía do dereito á educación se debe realizar coa participación da comunidade escolar. Creo que iso hai que respectalo, non podemos facer unha educación pasando da comunidade escolar, porque non é bo nin é ningún avance para este país.

E a política universitaria eu diría que non é unha opción para este país, é unha necesidade. Creo que Galicia non está en condicións neste momento de decidir se acepta ou non acepta apostar pola Universidade, ten que facelo, inexorablemente, porque se non imos quedar descolgados, e temos unha taxa do 20% actualmente; e en Francia, en Italia e en Inglaterra están xa polo 30%.

Apostamos por un modelo de tres universidades, e hai que facelo unha realidade.

Primeiro, vostedes deben evitala confusión neste tema.

Segundo, non esgotémo--las universidades nun debate título a título, non as agotemos, non é un bo exemplo o que se lle dá a este país con ese método. O problema da capitalidade que existiu en Galicia, que foi traumático, non é nada se se compara co que pode se--lo problema das titulacións. Creo que este tema require dunha gran vontade política, e se se fai política galega todos estamos dispostos a axu-

dar, pero se se fai política de partido, loxicamente, non contén co Partido Socialista.

Vostede onte dedicou un capítulo moi importante do seu discurso á política de investigación. A investigación é fundamental. O que ocorre é que creo que non hai que dedicarlle palabras, hai que dedicarlle recursos. A Lei de investigación científica e técnica foi aprobada por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista. Pódolle asegurar que temos tanto interese coma o que máis en que esta lei se desenvolva. Pero, claro, se vostede no discurso de investidura se comprometeu a que o Plan xeral de investigación estivese feito no ano 90, agora non nos veña falar aquí da prioridade da investigación cando non cumpriu o compromiso dese ano. Vostede niso vai con retraso, recupere o retraso, e cando o recupere ó mellor podemos crer que é unha prioridade. Porque as prioridades non se demoran, as prioridades non se poden demorar, son prioridades, e polo tanto son temas que non teñen que experimentar retraso.

Se pasamos á vivenda, o panorama é parecido neste ano. A vivenda é unha necesidade auténtica. A vivenda non se pode substituír, non se pode cambiar por outros bens e por outros servizos, necesítase a vivenda. A un ó mellor gústalle un coche, a outro unha cadea musical, e a outro facer unha viaxe, pero unha vivenda é insubstituíble, é unha necesidade que non se pode substituír. Polo tanto, hai que darlle resposta.

Cando nós fixémo--la nosa enquisa para saber cales eran os sectores que necesitaban maior demanda de vivenda déronnos un dato moi claro: o 90% dos demandantes de vivenda, das persoas preocupadas por satisfacer a súa necesidade de vivenda en Galicia, eran persoas con renda inferior a 100.000 pesetas ó mes. Eses son os problemas de vivenda neste país, son os que afectan a sectores de poboación con menos renda.

¿Cal foi a realidade no ano 90? A realidade foi a seguinte. Primeiro, caída da construción de vivendas, que nós estimamos globalmente no 8%; e, segundo, un aumento de precios que se sitúa moi preto do 10% na Comunidade Autónoma de Galicia. ¿E cal é a resposta da Xunta ante esta situación? En materia de planeamento --porque o planeamento ten algo que ver coa construción, o planeamento o que desbloquea son os impedimentos para edificar de acordo coa legalidade-- nin sequera este ano sacaron a orde de convocatoria de axudas para os concellos de Galicia, nin sequera a sacaron no ano 90. Iso non preocupaba, non había que desbloquear, pódense seguir paralizano cuestións, pero en materia de planeamento, en primeiro lugar, nin sequera sacaron a orde de axudas.

Segundo. Cancelan actuacións importantes. En Vigo estaban previstas actuacións. Un Goberno pode considerar que tal actuación non é correcta e non se fai, pero debe ofrecer unha solución alternativa. O que me parece que non é de recibo é que un Goberno cancele actuacións e que non ofrezca solucións alternativas. A licitación oficial descende en 1990 a favor do ano 89 un 35%. Preséntase un plan de vivenda como gran avance en materia de vivenda. Pero, ¿como imos crer nun plan de vivenda que no seu primeiro ano de previsión ten unha licitación por parte da Xunta que é a terceira parte das súas previsións? ¿Pódese crer niso? O papel aguanta o que lle poñan, todos podemos poñer--lo que queiramos no papel, pero iso non é o noso xuicio facer unha política seria.

En materia de saúde vostede dicía onte: "O noso modelo ten dúas características: a versatilidade e a liberalización", que é distinto de liberdade, creo que é distinto. Para nós debería ter dúas características: universalidade e calidade, universalidade e gratuidade. Iso debe se--lo fundamental para todos, porque non se trata de facer modelo de saúde pensando no sector

de profesionais, senón pensando na sociedade galega. Porque a miña sensación é que a concepción que vostedes teñen da política de saúde é que se trata dunha cuestión de médicos, pero non un problema da sociedade. Creo que é moi importante o papel que xogan os médicos, pero a saúde é un problema de todos, non son os médicos os que se poñen enfermos, soamente, claro,...

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate, señor deputado.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Si, señor presidente. Vou tratar de rematar coa maior brevidade.

O proxecto de reforma do Servizo Galego de Saúde é volver ó vello concepto corporativo na Galicia rural. Na Galicia urbana non presenta problemas, pero na Galicia rural volvemos á saúde da etapa de Girón. Iso, ó mellor, é o que hai que ofrecerlle a este país. Pero nós pensamos que non se lle pode novamente á Galicia rural ofrecerlle o peor do sistema, haberá que tratar de ofrecerlle o mellor, a ser posible, e se non, polo menos, igual ca ó resto.

Respecto da transferencia do INSALUD non estamos satisfeitos, pensamos que vostedes puideron contar con nós para facelo, pero non quixeron, quixeron facelo en solitario; moi ben, teñen a súa responsabilidade. Parécenos que Galicia podía obter unhas transferencias en mellores condicións, e que non apuraron a marxe de negociación.

Respecto da política ambiental no seu Libro branco anunciaban a creación dunha Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A verdade é que non crearon a Consellería e, ademais, sacaron todo o tema de medio ambiente da súa conexión coa ordenación do territorio.

Estamos esperando un plan hidrológico, fundamental polo tema

das augas, que xa tiña que estar nesta Cámara. Falamos antes dos saneamentos das rías.

Pero imos falar soamente do tema dos residuos, porque ten un dato significativo. Primeiro díxose, é un bo plan, imos levar a adiante o plan de residuos. A continuación dicíase: "Aínda que non nos convencen as incineradoras". Agora dise, o plan é difícil de levalo a adiante, porque sempre pode haber alguén que proteste. E agora parece que a solución é poñer incineradoras nas catro provincias de Galicia. Mentres todo isto ocorre, en Galicia non se fixo ningún centro de tratamento no ano 90, agora si, nas estradas de Galicia hai un cartel que pon, "Galicia verde, lixo non", iso si, que quede claro: en carteis e papeis, tódolos temas do país están arranxados. Renunciar ó desenvolvemento dun plan...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate.

O señor SANCHEZ PRESED: Si, remato, señor presidente.

Simplemente lle digo unha cuestión. Hai que aguanta--los tiróns, ás veces hai que aguanta--los tiróns para servir a este país, e se un sector pequeno de poboación protesta, pero damos resposta a 2.800.000 galegos, hai que aguantar. Se non asumen o custo político, a sociedade galega vai sufrilo custo ambiental, e se por non asumir--lo custo político o que tratan é de cambia--lo plan, e ir a un plan inapropiado, que o único que vai formular son solucións máis caras, o que lle están pasando ó resto da sociedade é o custo económico por non asumir un custo político.

Vou rematar. Gustaríame falar de máis cuestións, pero creo que terei oportunidade de falar da nosa lingua e da Televisión máis adiante.

Vou falar simplemente da autoidentificación. Iso non consiste, ó

meu xuício, en dicir como se dixo en Vilalba: "América está aquí", esa non será a autoidentificación. Creo que hai que falar simplemente de identificación. Non estamos atormentados por saber quen somos. Temos que identificarnos, pero temos que identificarnos non soamente na lingua e na cultura, hai que identificarse como país, e ser capaces de encontrar unha vía ó desenvolvemento, de crear riqueza, de xerar benestar. Esa debe ser a identificación, que non debe ser só autoidentificación, téñennos que identificar tamén ós demais, que se fixen en nós, e digan: "Isto que fan os galegos paga a pena". Iso é, ó meu xuício, o que debe substituí--la autoidentificación: a identificación a secas.

E agora non é o momento de falar de autogoberno e de que temos poder. Agora o que temos que demostrar é que ese poder é útil para os galegos. Haberá que falar de eficacia, falar de solidariedade e de participación está moi ben, pero probablemente máis que pedir solidariedade teremos que empezar por portarnos como adultos e falar de cooperación, é dicir, que nos dean o que nós lles damos tamén ós nosos paisanos, esixirlles ós demais o que nos esiximos a nós mesmos.

Deixo algún tema para despois. Simplemente quiría dicir, en materia de financiamento --e este é o ano da revisión--, que se o que vostede pretende, presidente, é facer política de partido, non conte con nós; se pretende facer política para Galicia ten aquí 28 deputados dispostos a colaborar.

A reforma do Senado e o papel de Europa merecerá a continuación algunhas reflexións. Nós pensamos que no Senado hai que aproveitar tódalas potencialidades da Constitución, e formula--la reforma do Senado, e non formular coherentemente a reforma europea na mesma liña parécenos unha contradicción, habería que suscita--las dúas cuestións cunha certa coherencia; pero disto podemos falar despois.

E vostede tamén podía falar da remodelación do Goberno, aínda que creo que despois da miña intervención queda claro que máis ca unha remodelación de Goberno o que se necesita é un cambio de política.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario do BNG.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente, señorías, señor presidente da Xunta de Galicia, tódolos deputados desta Cámara lle estamos moi agradecidos, porque despois de un ano longo de Goberno por fin se dignou comparecer nesta tribuna para explicárnos--las directrices da súa política.

Despois de 12 meses de levar solicitado reiteradamente os grupos da Cámara a presenza na tribuna do señor Fraga Iribarne, todos agardabamos que trouxese a esta sesión parlamentaria as respostas que silenciou durante un ano longo de mandato, os plans da Xunta para sacar da crise o sector leiteiro, as medidas previstas para deter unha nova reconversión dos estaleiros, a explicación de por que se violentou un acordo institucional que demandaba a construción de dúas auto-vías no ano 1993.

Non sei cal será a impresión recibida polos señores deputados da longa hora de exposición que durou a intervención do presidente, na sesión inaugural do novo período. Os que integrámo--lo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sentímonos francamente decepcionados, e non pola disparidade de criterios e de enfoques, normais e lexítimos nunha organización que está nas antípodas dos posicionamentos ideolóxicos e políticos dos que se nutre a acción do Goberno do Grupo Popular, senón por converter en evasivas retóricas o que tería

que ser un acto de rendición de contas.

O señor Fraga trabouselle o piñón na sesión de investidura e atópase agora na imposibilidade de imprimir novas marchas ás súas intervencións. Agora me explico as ausencias, a miúdo metafísicas, dos debates que encheron o primeiro ano da terceira lexislatura, e digo metafísicas, pero físicas tamén, con moita frecuencia.

Moito temo que a soporífica disertación sobre a teoría do Estado, quizais reminiscencias do emérito profesor da Complutense, tería talvez unha finalidade de vinganza para aqueles que ousamos mentarlle as retiradas frecuentes ós campos de Morfeo mentres aquí se debatían os problemas do país. Non, señor Fraga, non era onte o tempo nin o lugar para reiterar resesas teorizacións sobre a distribución de competencias entre os diferentes espazos xurídicos que conforman o Estado e a Comunidade Económica Europea, non era o momento de proxectar e deseña--lo futuro, senón de falar do presente e de render contas do pasado. Non era un discurso de investidura, era unha sesión especificamente convocada para explicarlles ós representantes do pobo galego a xestión realizada polo Executivo que vostede preside, de avanzar nas alternativas que se amosaron máis eficaces e de corri-xir ou refuga--las que evidenciaron a súa incapacidade para facer avanza--lo país e sacalo do subdesenvolvemento económico.

Non son as miñas afirmacións gratuítas. Voume permiti--la liberdade de entrecoller un parágrafo entre os moitos que poden avala--la nosa interpretación. Agás pequenos matices, podía ser esta unha declaración de vontade asumible. "A declaración da Galicia do futuro, á que tendemos de modo irrevocable e que entre todos estamos proxectando, debe de ser unha rexión con maior nivel de vida, incorporada plenamente ó resto de Europa, cunha trama empresarial innovadora e com-

petitiva, cunha utilización de factores productivos avanzados e especializados, e cun mercado interno forte e consolidado". Ben, podíamos subscribir, salvo matices, todas esas afirmacións, pero existe unha diferenza substancial. A vostede é a quen lle corresponde neste momento actuar de temoneiro, e en ningunha pasaxe do seu discurso se insinuaron as directrices tomadas ou que se ían tomar no futuro para que esa Galicia do futuro deixe de ser un conciso enunciado demagórico.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego prefire centra--los eixes deste debate máis nas ausencias ca nas gratuítas e gastadas declaracións de vontade que onte escoitamos.

Quizais alguén teña o valor de afirmar que despois de dez anos de funcionamento das institucións autonómicas por primeira vez temos un presidente á cabeza da Xunta de Galicia. Para quen reduce o labor de Goberno a poder conseguir bate--la marca na fabricación de tortillas de patacas, na elaboración de queimadas xigantes ou na multitudinaria concentración de gaiteiros na praza do Obradoiro, pode ser que vexa con optimismo o irromper prestixioso de Galicia no concerto das nacións do Estado e na comunidade internacional. Pero os que somos conscientes de que a marxinação do país foi incapaz de sacar da inhibición as institucións representativas, só podemos traer a esta tribuna parlamentaria as acusacións dos traballadores reconvertidos ou en fase de reconversión, a desesperanza dun sector gandeiro elixido como vítima expiatoria dunha política comunitaria que esixe a súa liquidación, ou o escuro porvir dunha flota pesqueira sentenciada ó amarre, unha flota que foi a vangarda anos atrás, tanto polo seu dinamismo coma polo seu equipamento tecnolóxico.

Afirmarán algúns que a resposta galega ó reto do Mercado Común está na acelerada modernización dos sectores productivos tradicionais. A realidade é que naqueles ramos nos

que a nosa especialización nos colocaba en situación de privilexio fronte á concorrencia comunitaria, se abaten agora directrices que impoñen a súa redución. Non hai salvación para Galicia, temos que elimina--lo sector agrogandeiro, pecha--las nosas tendas, desmonta--las cativas actividades industriais, porque se aduce a obsolescencia, a esclerose e a atrofia dunhas estruturas productivas incapaces de abrirse camiño nunha economía altamente tecnificada. Pero, ó mesmo tempo, e de maneira paradóxica, obrígasenos a reconverte--la flota conxeladora e a desmantela--los estaleiros, xa que no sentir das xerarquías comunitarias a sobredimensión das mesmas pode altera--lo equilibrio económico do Mercado Común, como se a sobredimensión non fose a característica máis relevante das transnacionais europeas, transnacionais que tentan poñer a pedir ós comerciantes, labregos e mariñeiros galegos.

Aquí están os interrogantes para os que Galicia esixe resposta e non nas competicións gastronómicas nin nas viaxes sen rumbo dun ano de goberno do Partido Popular. O pobo galego quere coñecer se estas cuestións estiveron na axenda das entrevistas mantidas polo señor Fraga en Inglaterra e nos diversos simposios rexionais europeos dos que onte nos falou con moito orgullo. De momento só transcendeu a través dos medios de comunicación que a xira británica do presidente da Xunta serviu a penas para aluma--la infeliz idea de privatiza--las augas de Galicia, verdadeiro sacrilexio político nun país no que chove a faltar, aínda que nos últimos anos non o fixese na abundancia desexada polo conselleiro de Agricultura, que pensaba suplir cos favores do clima a incapacidade na extinción dos incendios forestais.

Vostede, señor Fraga, no parecer do Bloque Nacionalista Galego e na opinión dun segmento social de recente importancia, quixo parodiado desde a Xunta de Galicia a frustrada ambición dun home de Es-

tado, papel que as urnas lle negaron con reiterada teimosía. Sinceramente coidamos que están malgastando en arremedos infantís o que podería lograr se tivese o acerto de escoller como séquito nas súas viaxes as demandas para as que Galicia esixe respecto nos foros internacionais, se non sucumbise á tentación de interpretar como acción de Goberno o que son baleiros soportes de meras campañas publicitarias.

Tampouco pode acreditarse como político do Estado quen se prega submisio ó dictame da Administración central, talvez a cambio da oculta promesa dunha honrosa xubilación á fronte das institucións autonómicas. Non esqueza, señor presidente, que na democracia das urnas son estas as que invisten e xubilan, e non os favores xenerosos de certos albaceas do poder, dispostos a pagar con pensións as servidumes.

Dentro das competencias estatutarias, Euskadi e Cataluña negocian en Madrid poñendo por diante as esixencias dos pobos respectivos. Moito tememos que os intereses da nosa nación fosen os sacrificados, e sexan aínda os sacrificados, na procura dunha maior fluidez entre as dúas cúpulas administrativas. A nosa dúbida resulta lexítima, por moi cruel que pareza, mentres non se corrixa o método de asinar acordos que violan resolucións asumidas nesta Cámara e avaladas pola opinión popular. Por moita veneración que se profese á eficacia do decreto, á contundencia das decisións persoais, a ningún presidente lle está permitido vira--las costas ó Parlamento, trocando as decisións por el impulsadas, sen nin sequera informalo dos motivos que poidan xustifica--la modificación de criterios.

Por iso mesmo, señor Fraga, non somos inxustos se o acusamos de subordinación á Administración do Estado, se lle lembrámo--lo fraude e a traición das autovías, se denunciámo--la inhibición nun conflito pesqueiro no que o Executivo auto-

nómico non tivo a coraxe de reivindicar do Goberno central o exercicio das súas responsabilidades, se comprobamos que os representantes do sector gandeiro aínda non foron convocados a esa mesa que pediu o Parlamento, nunha resolución aprobada no anterior período de sesións.

Non é de estrañar, xa que logo, que caiba interpretar como recompensa a esta subordinación o plácido e fluído comportamento co executivo do partido maioritario da oposición, estirando o consenso na nominación do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello da Radio--Televisión de Galicia, as ausencias imprescindibles para impedi--la derrota da maioría precaria da que goza o Partido Popular.

Así as cousas, tampouco é de admirarse que un Goberno de maioría se converta en grupo de oposición. Non hai paradoxo, señorías, é o simple reflexo de un ano de actividade parlamentaria. Aquí trouxemos propostas relativas á crise do sector leiteiro, e foron rexeitadas polos deputados ós que vostede lles impón a súa ideoloxía e disciplina, señor Fraga. Viñeron medidas concretas para o desenvolvemento da produción gandeira; alternativas para o relanzamento das empresas Alvarez; iniciativas que visaban a reactivación dos estaleiros galegos; demandas que pedían a suspensión cautelar das autorizacións para a instalación de industrias de pasta de papel; tratouse de urxir novamente a posta en práctica de plans de reforestación dos montes queimados, e reclamouse a regulación das plantacións de eucalipto. Sería prolixo seguir na enumeración das múltiples iniciativas que recibiron unha negativa do Grupo do Goberno, ó que nin tan sequera lle mereceron a simple deferencia de consideralas como recomendación orientadora da actividade administrativa.

Non cabe aduci--la disculpa de que quen conta con trece tomos de medidas programáticas non precisa dos consellos da oposición. Tal

evasiva non lles serviu de barreira ós labregos que bloquearon --nunca mellor dito--, por varias veces, as estradas de Galicia e, inclusive, puxeron cerco neste Parlamento.

Tampouco se lle ve capacidade para convencer ós obreiros da construción naval, nin ós mariñeiros obrigados a saír dos caladoiros de Namibia. Algún deputado do Grupo Popular afirmaba desde esta tribuna, ó inicio da lexislatura, que aprobar unha iniciativa do BNG sobre a reforestación dos montes queimados significaba recoñecer--la inexistencia dun plan forestal na política do Goberno. Pois ben, miren vostedes, señorías, que despois de un ano do debate en cuestión, o conselleiro de Agricultura --ausente coma sempre nesta Cámara-- acaba de recoñecer en texto impreso a ausencia dun plan de política forestal na Xunta que preside o señor Fraga, porque ofrecer como plan forestal a recopilación dos criterios que deben fundamenta--la concreción do mesmo, é tanto como alardear dun plan de estradas nun folleto que recolle a idea de facer estudos previos sobre os tramos que soportan maior intensidade de circulación.

Señor presidente e señor conselleiro --que por fin apareceu--, se grave é que nesta altura careza o Goberno dun plan forestal, ofensivo resulta que esta irresponsabilidade se tente suplir con sucedáneos, carentes de lóxica, e que non tivesen a valente, xenerosa e positiva humildade de acoller alternativas emanadas do pobo e dos lexítimos representantes do mesmo.

E falando de plans, a esta Cámara gustaríalle coñecer--lo Plan de estradas de Galicia que onte se anunciou que existía, se se está a referi--lo señor Fraga ó plan de estradas de Lalín, como eu denominei, torpe remedo doutro similar das Baleares, e que xa sufriu modificacións antes da súa aprobación e posta en vigor, como a anunciada reconversión en autoestrada da projectada autovía entre Carballo e a

capital da provincia.

E o mal chamado plan forestal de Galicia dános motivo para denunciar unha vez máis o menosprecio pola normalización do idioma, violentando así a norma estatutaria que pon como obriga dos poderes públicos o emprego e fomento da lingua galega en tódolos planos da vida cultural e informativa do país. Mal se pode desenvolver este precepto facendo uso habitual do español nos estudos e nas comunicacións que emanan da Xunta, como deixa en evidencia o documento ó que acabo de referirme. Ningunha credibilidade merecen as afirmacións do señor presidente, e, inclusive, podemos cualificalas de pura hipocresía, cando fala de reivindicar--la oficialidade do noso idioma nas institucións do Estado e de Bruxelas, se a práctica seguida polo Goberno que dirixe é de total despreocupación pola lingua nacional. Non valen de nada os cursos que utiliza a miúdo o conselleiro da Presidencia para burla--las acusacións desta Cámara se se ven as partidas presupostarias dedicadas a Política Lingüística, se o galego recúa nos espazos que lle corresponden na vida administrativa e se o presidente da Xunta abdica a cotío nas súas responsabilidades nesta materia nas súas relacións cos medios de comunicación.

Hipocresía, demagoxia e dobre linguaxe existe tamén nas promesas incumplidas de potencia--los pequenos e medianos empresarios. Os comerciantes galegos láianse aínda da afronta recibida da Consellería de Industria nas festas do Nadal, nas que foron obsequiados cunha liberalización de horarios que os deixaba en situación de desvantaxe respecto das grandes superficies comerciais. Era a introducción clandestina da xa anunciada reforma da Lei de comercio interior de Galicia, coa intención de acentua--la súa función de instrumento legal ós servicios dos intereses monopolistas do sector.

Por unha vez concordamos na na-

cesidade de planifica--la nosa economía e o noso territorio ante a urxencia de saca--lo país da situación periférica. De feito, este Goberno planifica na práctica a nosa economía para sometela ó imperio das transnacionais. Entrega descarada polo afán privatizador da Televisión pública, que está vinculada por lei á misión de potencia--lo idioma e a cultura nacional, función irrealizable desde unha perspectiva que teña como óptica a obtención do máximo beneficio empresarial; dos estaleiros ós que se acusou, para xustifica--la súa desmontaxe, de sobrecarga--los mercados asistidos pola construción naval; dos servicios da saúde canalizando e intentando introducir na rede privada institucións sanitarias erixidas coas aportacións dos seus beneficiarios. Hai entrega de Galicia ás transnacionais cando se deixa á intemperie as empresas do sector leiteiro, cando se renuncia ó traslado de ENCE en Pontevedra, cando se abren as portas ós proxectos de novas celulosas, cando se potencia e deseña unha política forestal que responde ós intereses da industria de enclave que succionan as nosas materias primas para producir con elas valor engadido nas zonas centrais do capitalismo.

E lexítimo e loable afirma--la vontade, señor presidente, de protexe--las cuncas fluviais, de elaborar un plan de desenvolvemento comarcal, de robustece--lo tecido industrial do país, pero para que esta declaración non quede en fraude demagórico precísase a instrumentación dos mecanismos económicos e administrativos que fagan posible a consecución dos obxectivos pretendidos; nin a situación actual, nin as vagas e abstractas medidas ofrecidas desde esta tribuna polo presidente da Xunta permiten albergar esperanzas dun futuro diferente.

Desde o grupo parlamentario que vostede inspira e comanda, desde os propios escanos do Executivo que preside, lévanse feito reiteradas denuncias da marxinação de Galicia no Tratado de adhesión á Comunidade

Económica Europea, marcando así os perfís diferenciais con aquelas opcións que mantivemos posturas contrarias ó ingreso por consideralo negativo para o país, tal coma a evolución posterior veu confirmando. Incluso iniciativas nosas, retocadas polo consenso, permitiron que esta Cámara se pronunciase a favor da renegociación do Tratado, esixindo así mesmo a presenza das institucións galegas nas cuestións que directamente nos afectaban. Con esta premisa semella imperdoable o elocuente silencio presidencial sobre esta materia, mesmo constituíndo o tema do Mercado Común un soporte fundamental do discurso sobre o Estado da nación.

Chegou a hora de derruba--las ambigüidades definitivamente. Non lle vou esixir que tome postura, tal coma lle damandaba o señor Nogueira na sesión de investidura, sobre a titularidade patrimonial do río Ladra. O que a sociedade galega precisa saber é se o voto afirmativo que lle deu no Congreso dos Deputados ó protocolo de adhesión encobre o apoio mal disimulado ós termos nos que este se asinou. E unha dúbida que o pobo necesita esclarecer ante das próximas confronacións electorais.

Ben sei que lle podía resultar molesto traer ó debate temas como a transparencia no destino dos recursos públicos. Para interpelacións posteriores deixo a esixencia da responsabilidade na distribución de subvencións ás organizacións da mocidade, responsabilidades as que terá que responder no momento oportuno o señor Barata. Tamén podía anotar no debe do señor Cuíña o mercado de cargos institucionais para concorrer con éxito ás próximas eleccións municipais, de non evidenciar esta argallada unha grave desviación de fondos públicos para financiar intereses. Non son eu o que se vai erixir en mediador nunha cuestión na que fica a salvo a coherencia ética, ideolóxica e política da organización que represento. Pero non podo evita--la es-trañeza, nin o pobo eludi--la súa

consternación, ó comprobar que a felonía se estimula con partidas presupostarias precisamente por aqueles que non hai moito empuxaron ó cadafalso a quen tivo a ousadía de trocar lealtades por ideas. Sabemos todos que a ideoloxía na que procura en lexítima opción gusta poñerse en escena enfeitada cos mitos evanxélicos, e se o mestre Nazareno non dubidou en brandir látegos de ira contra os mercaderes que no templo exhibían mercadorías elaboradas nos obradoiros da súa propiedade, ¿que non fará a xusticia popular cos que ousan profana--las arcas do erario público para reproducir--lo poder que teñen nas institucións que administran por delegación?

Non podo rematar sen traer á tribuna a denuncia, tanto do BNG coma dos diferentes grupos da oposición, da subordinación que o Executivo intentou impoñer na Cámara lexislativa desde unha maioría que roza os lindes da precariedade. Así se explica tamén a seca de proxectos lexislativos que caracterizou o primeiro ano de mandato --e desexamos que sexa o derradeiro-- do señor Fraga Iribarne. Para quen prefere a eficacia do decreto --e non quero comete--la crueldade de interpreta--lo decreto nun sentido pexorativo que resultaría ofensivo e pouco elegante nesta Cámara--, está claro que a función impulsora do Goberno parece xustificarse promovendo a reforma involutiva de textos legais existentes, mesmo daqueles que ostentan o carimbo dos diferentes executivos de Alianza Popular.

Nada se fixo aínda respecto do prometido desenvolvemento estatutario, proceso que está moi lonxe de culminarse. Os medios de comunicación --e non o Parlamento, ó que non se tivo a deferencia de informar-- deron a noticia da creación dun híbrido de Policía autonómica que non sabemos se son gardas xurados ou policías nacionais disfrazados de gaiteiros. Non sei se por arrogancia autoritaria o señor presidente esquece que as institucións

previstas no Estatuto precisan dunha lei para a posta en funcionamento, unha lei para a que o regulamento esixe a aprobación por maioría absoluta. Nestas condicións entenderá que resulta pouco serio falar de policías autonómicos, aínda que sexa coa función exclusiva de gardarlle as costas ó señor Fraga nos habituais desprazamentos.

Tivémo--la curiosidade de escoitalo con atención cando falou das insuficiencias financeiras da nosa economía, insuficiencias que non se xustifican desde a capacidade de aforro de Galicia. Non abonda con laiarse da insolidariedade dos fondos de compensación interterritorial, queixas que nós, por outra banda, subscribimos. Pero non insinuou en ningún momento o desenvolvemento estatutario que permita a creación dunha banca pública galega, tendo que se--lo BNG o que impulsase na Cámara o Instituto Galego de Crédito. Agardamos que esta proposición de lei mereza do Grupo Popular, cando se debata a súa toma en consideración, a seriedade e o compromiso que lles demandan os que lles deron o apoio nas pasadas eleccións.

Como tamén terá que ser tamén o BNG --e non por arrogarnos protagonismos que nós estamos dispostos a compartir-- quen traia aquí moi pronto unha lei da política gandeira, de promoción do emprego e novamente de planificación forestal. Se asumímo--la responsabilidade de promover iniciativas é por suplir en certo xeito a xurisdicción dun Executivo que sustenta a súa actuación en difusas declaracións de vontades nunca concretadas en textos lexislativos.

Poden atribuírse varias interpretacións ó feito de que no prazo de un ano desfilasen por esta tribuna e por este Parlamento tres propostas de lei de iniciativa popular. Pero ningunha delas debe negar que é un síntoma de que a sociedade moitas veces vai por diante dos seus propios representantes. Sempre haberá votos suficientes pa-

ra rexeitar aquí iniciativas asignadas polas mans encalecidas de miles de traballadores. Non abunda. Ou as institucións asumen a responsabilidade que lle corresponde ou acaban esmorecendo.

Para rematar, señor presidente, todos estamos influenciados neste momento polos acontecementos que están a suceder no próximo Oriente. O señor Fraga non puido substraerse na súa intervención á evidencia de que a guerra do Golfo vai ter consecuencias decisivas no noso país, aínda que nas súas análises prescindise destes condicionantes no deseño da política de emprego, de impulso económico, de mellora das nosas infraestructuras. Un gobernante non debe facer planificación á marxe das posibilidades do contexto no que se move, e moito menos debe influír para impedir unha declaración colexiada deste órgano lexislativo tal como solicitaran as forzas nacionalistas no pasado mes de xaneiro. Estamos aínda a tempo de facelo. O pobo está interesado en coñecer que pensan os seus representantes dun conflito que nos pon en perigo de holocausto, que non dubida en acudir á exterminación masiva de vítimas inocentes para manter intacta a xerarquía dunha orde internacional inxusta que divide o mundo entre pobos explotados e estados opresores. Vostede recoñeceu que somos periferia. Tócanos compartir, polo tanto, o triste destino dos pobos explotados e dos que máis teñen que perder nesta contenda. Fagamos esforzos pola paz, para que quen nos deu a representación nos poida referendala súa confianza.

Rematou a súa intervención, señor presidente, apelando de forma emotiva á concordia e ó consenso na Cámara para construímos entre todos a Galicia do futuro, para facermos fronte ó desafío dos tempos, asegurando que a nosa nación sairá adiante. Nós asegurámoslle que o Bloque Nacionalista Galego estará presente en tódalas empresas que con realismo e sinceridade pretendan sacar ó país da marxinação,

aínda que sexa con moitas doses de humor, porque tal obxectivo é o que nos define e identifica entre a nosa base social, pero estaremos alertas e desconfiaremos tamén dos que soamente fan de Galicia unha plataforma política ou unha figura retórica.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Alvarez.

Para o súa toma de postura teñen a palabra os voceiros do Grupo Mixto. En primeiro lugar, o voceiro de Esquerda Galega.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías.

Permítanme señorías que me autocite. Este día a través dun medio de comunicación dixen que o señor Fraga era un mal presidente, pero o primeiro presidente que ten Galicia. Dixen isto porque para descubri-la realidade do Goberno Fraga, o noso partido, desde a súa postura, non necesita convertelo nun esperimento nin moneco de feira; para ve-lo que hai máis alá da tona non necesitamos desfiguralo miolo. E o primeiro presidente con capacidade política e con autoridade persoal. Pero, señorías, non se fagan ilusións; tamén dixen que era un mal presidente. Como o marqués de Bradomín que era --segundo sabemos-- feo, católico e sentimental, o señor Fraga é conservador, rexionalista e populista.

Conservador, cando tanto hai que cambiar en Galicia, cando tantas iniciativas renovadoras hai que animar e impulsar.

Rexionalista, cando estamos no tempo das liberdades nacionais, Galicia como cédula de universalidade. O rexionalismo, señor Fraga, é unha forma do nacionalismo español cando este proxecto nacionalista

está fracasado.

Populista, cando é preciso tanto rigor, racionalidade, imaxinación renovadora, autoridade moral e política para busca--las mellores solucións ós problemas.

Esta posición política, señor presidente, faino a vostede politicamente débil, a pesar da aparencia de autoridade. Débil contra Madrid. En Madrid saben que Fraga non morde, que recúa ante os conflitos. O máximo entendemento que predica o señor Fraga é a aceptación sen reservas da política do Goberno central. Cando se presenta un conflito democrático entre Galicia e o Estado, o rexionalismo acepta a subordinación, o nacionalismo busca unha relación entre iguais, unha negociación entre iguais. Débil tamén internamente. Eu incluso podería dicir que existe en Galicia moito Fraga como persoa e pouco Goberno.

Esta idea creo que se manifesta de forma clara no que eu chamo aquí hoxe "populismo gastronómico"; é a través da gastronomía, cando se está a comer en Galicia, onde tradicionalmente se practica o clientelismo, onde se favorece o caos urbanístico que existe en Galicia, onde se utiliza o presuposto público en beneficio de intereses políticos parciais e mesmo particulares; é nas comidas tan típicas do poder en Galicia onde se reparte o pastel.

Señor Fraga, vostede sabe que cando lle digo isto dígoo co desexo de que o presidente de Galicia teña outro trato político e outro rigor. Vostede comezou convidando na investidura a miles de persoas a unha comida con polbo. Recentemente foi investido "patriarca do cocido" en Lalín. Máis adiante foi nomeado "meigo maior do antigo reino de Galicia", en Sarria. Advírtollo ben, e advírtollo con respecto, como respecto a tódolos presidentes de Galicia, como siga así, o próximo ano nas Pontes vano face--lo "rei do grelo".

O rexionalismo que vostede practica, señor Fraga, creo que é o fillo dunha tradición esgotada, como esgotado é o termo, aínda que apareza como novo, da autoidentificación. O proxecto nacional está como tal acabado, e vostede ten que sabelo. Incluso no seu discurso de onte había indicios deste recoñecemento. Xa non existe un proxecto nacional español no que integrar prioritariamente os intereses e as aspiracións de Galicia.

O futuro de Galicia xa non pasa por ser unha rexión española, senón unha nación da Europa sen fronteiras, un futuro que por outra parte está na mellor tradición de Galicia, na tradición que nos identificou historicamente ós galegos.

¿Onde está o futuro, señor Fraga? Eu creo que non está na autoidentificación senón na autodeterminación. A autoidentificación recolle unha certa singularidade cultural, e é un concepto tamén sentimental. A autodeterminación baséase nos dereitos políticos, económicos e culturais nun contexto aberto.

Vostede falou, señor presidente, do principio de subsidiariedade como método para resolve--lo problema do poder, principio que creo que está en contra da soberanía. Pero, señor Fraga, ¿quen define os ámbitos competenciais no seu modelo? ¿Quen define os ámbitos competenciais na lingua, na industria, nos tratados coa CEE, nas autovías, na educación, no financiamento, no poder económico?

Esta política negativa experimentámola xa en 1990, un ano no que se mostrou que a negativa evolución do problema do paro e mesmo da po-boación en Galicia dos anos 80 --incluso dos 70 e dos 60--, por decisións que foron estritamente político--económicas dos poderes políticos do Estado, o paro en Galicia xa é superior ó paro estatal, xa temos máis paro estatístico ca no Estado, pero o paro galego sabemos de sobra que se o medimos entre os asalariados atinxe xa cotas do

25%, é dicir, cotas estrictamente terceiro mundistas que teñen pouco que ver co paro do capitalismo, pouco que ver co paro en Norteamérica, pouco que ver co paro de tódolos países de Europa, pouco que ver co paro de Xapón; é un paro de países moitísimo máis atrasados. Hai 70.000 parados neste momento en Galicia entre a xuventude; entre a xuventude o paro atinxe xa ó 35%. E a consecuencia dunha política cega e insolidaria.

O ano pasado transferiuse o INSALUD. O señor Fraga falou de que temos que loitar por un mellor financiamento autónómico. Señorías, o ano pasado transferiuse o INSALUD con 50.000 millóns de pesetas menos en relación con Navarra. Esta cantidade é igual á cantidade de débeda emitida en Galicia. Así, con esa débeda cada ano poderíamos construír cinco hospitais xerais do Meixueiro, cinco hospitais "Juan Canalejo". Esa é a débeda que ten o Estado connosco neste momento.

Nas autovías o señor Fraga aceptou a razón do Estado mediterráneo, exactamente igual que se fixera desde Galicia nos anos 80.

Na industrialización a Galicia sempre lle tocan --tamén nos anos 90-- as peores decisións sobre a reconversión industrial e non goza dos grandes proxectos industriais que se poñen en marcha no Estado.

No Estatuto estamos esperando resignadamente sentados a que nos alcancen as autonomías de terceira. Mentres tanto, o señor Fraga no debate da autodeterminación cualificou este dereito pacífico e democrático como un acto de guerra, como un acto revolucionario. Eu preguntome se a votación que se produciu este día en Lituania, onde un 90% dos votantes reclaman a independencia, se ese acto pacífico é un acto de guerra. Eu preguntome se Galicia un día nun referendo decide reclamar maior autogoberno en solidariedade con tódolos pobos, se ese acto galego que un día se pode producir é un acto de guerra e revolu-

cionario.

Durante este ano non se puxeron en marcha os institutos de investigación. O financiamento elévase xa, despois da decisión do señor Fraga, a unha cifra en 100.000 millóns de pesetas superior á herdanza deixada polos gobernos anteriores. No Parlamento houbo unha escasa lexislación cando hai tantas cuestións pendentes. Durante este ano, señorías, tódolos grandes partidos foron perdidos ou, se queren, aprazados. O ano 1990 foi un ano máis dos anos 80, a década da marxinação, cando Galicia foi convertida nunha illa económica, foi ignorada politicamente cando se saía da crise dos 70, cando se estaban a constituír--las institucións democráticas e autonómicas ata a entrada na CEE. Nos anos 80 por decisións do Goberno central, co consenso dos partidos maioritarios en Madrid, tomáronse decisións tan negativas para Galicia coma as que se tomaron en 1962 ante a apertura económica a Europa por consello do banco Mundial.

Estas realidades non se poden resolver cunha información; non se poden resolver, señor Fraga, convertendose en conselleiro de información de si mesmo.

Eu simbolizaría, para poñer de manifesto esta política, algo que a vostede lle preocupa sinceramente e que onte puxo de manifesto: o problema da poboación galega. A poboación galega diminúe, pero non por un problema demográfico --isto non é Alemaña nin os Estados Unidos, nin Francia, nin Xapón--, diminúe por motivacións de política económica, porque desde o Estado, nos anos pasados, se primou o Mediterráneo, porque as grandes industrias non se asentaron en Galicia; porque as que existen, como as públicas, son industrias de enclave; porque non hai infraestructuras; porque non se inviste nos servizos públicos; porque non hai un bo financiamento. O problema da poboación galega é claramente un problema económico e político, e desde

ese punto de vista temos que enfrontalo.

Eu quero dicir aquí, por outra parte, que entramos nunha nova etapa. Temos un presidente que asume tódalas responsabilidades, incluso as do Estado. Eu preguntome se ante a existencia do señor Fraga e a súa política non deberíamos xa xubilar ó señor García Sabell. Témo--las institucións autonómicas como sistema limitado político administrativo, que non é o noso, en marcha, pero temos tamén un Goberno que acepta a marxinación.

Polo tanto, señorías, tanto no sistema de autogoberno que necesitamos, como en quen debe instrumenta--lo autogoberno, debemos dicir que o futuro político pasa xa polo nacionalismo democrático. Estamos realmente ante un problema interno de Galicia, e a ampliación do autogoberno e os impulsos para renovala sociedade deben xa nacer desde a propia sociedade galega, baixo a expresión do nacionalismo democrático.

Eu represento aquí, señorías, como outros compañeiros e compañeiras, o proxecto da esquerda nacionalista, como alternativa política para Galicia. Un proxecto nacional que naceu na época moderna, hai xa máis de 100 anos, pero no que se traballa día a día na nosa sociedade.

Señorías, os que queremos un proxecto de esquerda nacionalista non traballamos só para toma--lo poder, aínda que o queremos democraticamente, senón que asumimos un proxecto histórico, e o PSG--Esquerda Galega forma parte dese proxecto histórico. Fíxoo durante os 9 anos de Autonomía, faino na sociedade e farao no futuro. Unha esquerda nacionalista que está presente, viva e actuante na Universidade, nos sindicatos e en todo o tecido asociativo. Representamos, creo, a parte máis viva da Galicia nova e queremos se--la expresión política da Galicia nova.

Loxicamente esta postura ten tamén un programa alternativo: Galicia como sociedade nacional. O proxecto histórico de autogoberno de Galicia, señorías, non se pode comprender desde categorías propias de opositor de dereito administrativo. Hai que comprendelo desde a concepción anglosaxona da devolución das liberdades que reclamamos. Un proxecto no que o Parlamento sexa politicamente o ámbito supremo, onde nada lle debe ser indiferente, nin a paz, nin a guerra, nin a reconfiguración de Europa, nin a CEE, nin as liberdades civís en calquera recanto do planeta, nin a solidariedade co Terceiro Mundo, nin os problemas da nosa poboación, como non nos é indiferente o problema da guerra neste momento en Oriente Medio, polo que reclamámolo cesamento da mesma e a busca da paz.

Galicia, señorías, para nós é o único nome do Estado no noso territorio, sempre desde a solidariedade. Querémolo autogoberno e a autodeterminación. Galicia é unha nación europea fronte ó casticismo español.

Pedímolo--la reforma da Constitución, pero non unha mera reforma administrativa solicitada polo señor Fraga.

Queremos un novo desenvolvemento económico. Eu confío moito nas posibilidades da economía galega. O noso proxecto está baseado nesta realidade. Durante tantos anos, mentres as decisións do Estado e a pasividade da Xunta non foron máis ca negativas para a nosa terra, naceu en Galicia, por vontade da nosa sociedade, unha economía aberta e diversificada. Eu creo que se debe recoñecer que Galicia ten vitalidade para ter un futuro mellor. Non teño máis que recordar a Televés, a Finsa, a Zara, a Adolfo Domínguez, a Florentino, a Pescanova, a Coren, a Citroen, a Calvo, as cooperativas agrarias, as cooperativas do viño, os novos cultivos, as iniciativas na agricultura, as iniciativas na pesca de lonxe, os servicios culturais, o complexo agroalimentario

que debe nacer, as industrias innovadoras e a Universidade. Esa é a base económica de Galicia que naceu sen apoio da Autonomía, e sen apoio do Estado.

Teño que recoñecer tamén aquí os sindicatos, reivindicando os seus dereitos e mostrándose coma os primeiros responsables para defender as empresas na crise dos anos 70 e 80.

Defendemos neste proxecto unha nova cultura democrática, sobre a paz como único nome do futuro, sobre o feminismo como revolución da vida cotiá, coa participación da xuventude, defendendo a empresa pública. Non trato isto desde un punto de vista ideolóxico. En Xapón, en Alemaña, en Francia e en Gran Bretaña defenden a empresa pública, ó mesmo tempo que se impulsa a iniciativa da sociedade, a iniciativa privada. Defendemo-la democracia na empresa dos sindicatos. Defendemos unha cultura do lecer ademais do traballo.

Queremos --acabo xa, señor presidente-- uns auténticos servizos públicos, como unha estrutura dun país solidario na sanidade, no ensino, na cultura, na mesma Administración como servizo público, ou na vivenda.

Queremos unha nova organización territorial, un problema pendente por este Goberno e na Autonomía, xustamente pola práctica do populismo gastronómico o que antes fixen mención.

Queremos unha lingua propia e universal, unha cultura aberta, un respecto a tódalas demais linguas. Queremos que o galego sexa unha lingua de Europa, señor Fraga, pero tamén unha lingua das Cortes do Estado, ¿por que non a lingua do Congreso? Dado que defende que o galego sexa unha lingua de Europa, espero que defenda que o galego sexa unha lingua do Congreso, non só do Senado, da Cámara secundaria.

Señor Fraga --acabo xa--, vos-

tede dixó de alguén que acerta cando rectifica. Eu sei que a súa rectificación ten un límite, o límite do conservadurismo, do rexionalismo, do populismo; pero, en todo caso, mentres tanto, señor Fraga, siga rectificando.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras por Coalición Galega.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, señoras e señores deputados, hai agora un ano, o señor Fraga presentaba ante esta Cámara o seu programa de Goberno para os vindeiros catro anos. Programa que, en verdade, decepcionou notablemente de cara ás expectativas que espertaba a súa decisión de serlo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia, e nas que o pobo galego lle concedeu a posibilidade, outorgándolle unha raspada maioría --un escano--, para poder desenvolver por si mesmo tódalas súas capacidades de gobernante, nun país no que non era difícil ter brillantes resultados, dada a propia situación de Galicia, pois estaban moitas cousas por facer e outras a piques de rematar, polo que vostede podía apuntarse un tanto positivo á súa xestión.

Hoxe, un ano despois, na súa terceira comparecencia ante esta Cámara, expón as realizacións levadas a cabo e o cumprimento dos seus compromisos co pobo galego. Con toda cordialidade, señor Fraga, téño-lle que dicir que hoxe vostede se presenta aquí coas mans baleiras, non hai ningunha actuación durante este ano que mostre o cambio que todos esperabamos neste país. Pero aínda hai máis: non atopamos ningún indicio, non se albisca ningún proxecto que nos poida facer pensar que Galicia camiña cara ó seu desenvolvemento social e económico,

que Galicia camiña cara á modernidade nos prazos que o futuro demanda. Novamente volvemos quedar atrás, non hai decisións de Goberno para facer unha política activa, agresiva e aberta como vostede anunciaba no seu discurso de investidura, senón, pola contra, unha política arrogante e prepotente de cara ó interior, e claudicante e submisiva de cara ó exterior.

Eu teño que recoñecer que a súa chegada á Xunta de Galicia deulle ó noso país unha proxección de cara ó exterior que non tiña, proxección avaliada pola súa personalidade política; sen dúbida, a súa presenza en Galicia --pensabamos algúns-- abriría moitas portas a nivel estatal, incluso internacional, non en van durante moitos anos vostede foi quen liderou a dereita española. Hoxe, a nosa preocupación é se aínda pesa máis en vostede a política de Estado cá política nacional galega.

Se ben é certo que esta imaxe a transmitiu ó exterior, tamén é certo que a realidade dentro do país é moi distinta. A actuación do seu Goberno para resolver--los problemas de Galicia estivo este ano marcada por unha política sen horizontes concretos, baseada na improvisación, e con esquecemento das súas promesas electorais, do apuntado no seu discurso de investidura, e do recollido nos 15 libros brancos do seu programa electoral.

Tentarei demostrar que este ano o seu Goberno frustrou tódalas expectativas previstas; o país segue igual ou peor, é dicir, o país non funciona, señor Fraga.

No plano lexislativo, todo aquel feixe de proxectos de lei que vostede anunciou que serían presentados no Parlamento, ó redor de 21 proxectos de lei, quedaron reducidos a 4 proxectos aprobados: a Lei de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Xunta de Galicia e dun crédito extraordinario por un importe total de 1.850 millóns de pesetas ó presuposto de gastos da Co-

munidade Autónoma para 1989; a Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990; a Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1991; e a modificación da Lei 4/89, do 21 de abril, pola que se crea o Instituto Galego de Artes Escénicas. Os outros proxectos presentados, e aínda non aprobados, son pequenos matices a leis existentes, que non afectan ó fondo das mesmas, e que parecen máis ben feitos exclusivamente para cubri--lo expediente.

Polo tanto, este é o seu primeiro incumprimento. Non me diga que tiveron que emprega--lo seu tempo en articular nada, porque vostedes atopáronse cunha Administración feita e funcionando.

Vostede, señor Fraga, prometeu austeridade, e neste primeiro ano do seu Goberno os gastos correntes eleváronse por riba de tódolos gobernos anteriores, e máis que se van aumentar coa política iniciada nestes días de compra de vontades, seguindo a liña de dixestión de tódalas forzas que vostedes chaman afíns, chegando incluso a declarar ante os medios de comunicación, sen pudor ningún, que crearán unha nova Dirección Xeral na Consellería de Agricultura para o tenente de alcalde de Carballo se se pasa ó Partido Popular, e que seguirán captando alcaldes cos fondos públicos, sexan da ideoloxía que sexan. Que isto o faga o señor conselleiro da COTOP, e secretario xeral do seu partido, que pretende ter un partido de alcaldes mercenarios, non ten xustificación, pero que estea avalado polo propio presidente da Xunta é xa inconcibible.

Actitudes coma estas non se corresponden co manifestado no seu discurso de investidura cando dixo: cómpre ir cara ós valores que abren o porvir, sen perde--lo fío condutor do humanismo occidental. Estes valores son: liberdade, creación, responsabilidade, dignidade do individuo.

Fixo vostede, señor Fraga, moito fincapé na profesionalización da función pública. E evidente que o camiño comezado polo seu Goberno leva a todo o contrario: á discrecionalidade, á politización e á utilización da función pública con fins partidarios, como se pode comprobar con nomeamentos feitos ilegalmente que houbo que revogar, e posteriormente modifica-la norma para poder acada-los seus fins.

O Decreto 186/90, sobre racionalización administrativa, leva unha redución progresiva dos medios profesionais da Administración. Como exemplo podemos poñe-lo que di este decreto: "A axilización de trámites mediante persoas que dan fe pública e peritos independentes, habilitados pola Administración para efectos de acreditar feitos ou avaliar actuacións". O decreto en cuestión non ten desperdicio.

No punto cuarto di: "Utilización nos procedementos administrativos de técnicas que permitan que determinadas actuacións se poidan realizar por medio de terceiros, articulando para isto os convenios correspondentes". Disto pódese entender que a Administración profesional non interesa, xa que as canles da función pública están sometidas a demasiados controles e, en principio, resultan sospeitosas de abrigar ideoloxías demasiado progresistas ou cando menos non afectan ó réxime. Polo tanto, a primeira mensaxe é: señores funcionarios, vostedes son os culpables do mal funcionamento da Administración e non os políticos; polo tanto, tomen nota, que imos acudir a outras canles de actuación distintas e non necesitámo-los funcionarios, porque as cousas importantes podemos decidir que as fagan empresas privadas, que son máis obedientes e parciais. Esta é a lectura que se ten na rúa e vén avaliada tamén polo último decreto sobre os nomeamentos de delegados provinciais.

Outro exemplo de discrecionalidade é a participación nos cursos

para funcionarios, nos que soamente son admitidos os afectos á causa; cursos que despois serán decisivos para acceder a determinados postos da Administración, como aquí dixo o señor conselleiro da Presidencia.

Esta é a mostra, señor presidente, do seu compromiso co pobo galego, sobre a profesionalización da función pública. Velaí a que debe se-la razón pola que seguen durmindo o sono dos xustos o regulamento de selección de persoal, o regulamento de provisión de postos de traballo e o regulamento de réxime disciplinario da función pública, que vostede anunciou como inmediatos o 29 de xaneiro de 1990 ante o Pleno desta Cámara.

A expresión "liberdade", tantas veces mencionada por vostede, queda desvirtuada coa aparición do "affaire" das listas negras e o rigoroso control dos medios de comunicación autonómica, cunha autorización sectaria dos mesmos. A falta de credibilidade destes medios reflíctese no estrepitoso descenso da audiencia (máis do 30%), na súa repercusión na publicidade e no incremento do déficit público.

No eido económico, ¿cales son accións evidentes do seu Goberno cara ó reto do 93? ¿Onde están as nosas infraestructuras para facer un país máis competitivo? ¿Onde está aquel novo milagre de que vostede falaba como a expresión do esforzo e da tenacidade dos galegos? En verdade, de continuar por estas vías estamos a perde-lo tren do futuro.

Os grupos nacionalistas desta Cámara, cando foi o momento decisivo para acada-lo futuro do país, non puxemos trabas para apoiar aquela proposición non de lei na que se solicitaba que Galicia dispuxese de autovías no ano 93, proposición que foi aprobada tamén co voto, do Grupo Popular. Pero a realidade é que aquilo non se cumpriu, senón que o señor presidente claudicou ante Madrid. Aquilo, señor Fraga, foi unha claudicación súa

ante Felipe González, porque eu non quero pensar, como se dixo naquel momento, que vostede antes de votar aquela proposición non de lei xa entregara unha documentación en Madrid, onde xa solicitaba as auto-vías para final do ano 94. Quero pensar que foi unha debilidade súa ante o Goberno de Madrid, e queroo pensar, porque se non fose deste xeito o señor Cuíña xa tiña que ter demitido, como así o manifestou ante os medios de comunicación. Quizais non fose malo que demitise, porque ó mellor nomeaba vostede un novo conselleiro que lle prestase máis atención á xestión da súa Consellería en lugar de a tanto viaxar á busca e captura de rexidores municipais a cambio de promesas que xamais poderá cumprir.

Nesta última etapa deste primeiro ano do Goberno, o señor Cuíña deu un exemplo do que non se debe facer; co señor Cuíña chegou o escándalo, coa súa política de corredoiro, e non esqueza que vostede é nada máis e nada menos que o conselleiro de Ordenación do Territorio de Galicia, e do seu departamento vai depender moito o futuro de Galicia, e desde logo coa política que está a seguir cada día que pasa é un gran atraso no noso desenvolvemento.

O Plan de estradas de Galicia, recentemente presentado no Parlamento, é un exemplo claro do que non se debe facer. Poderíase denominar, como alguén dixo, "plan de estradas de Lalín e os seus arredores". Iso non é facer Galicia. Galicia precisa de homes de altas miras, que esquezan localismos e poñan fixa-las bases dunha Galicia nova, aberta e competitiva no reto europeo.

Outro exemplo de actitude claudicante é a transferencia do INSALUD. Non vou negar que a transferencia do INSALUD é un feito positivo para Galicia, xa que isto supón poder articular unha reforma sanitaria en profundidade, da que tan necesitado está o noso país. Pero tamén hai que recoñecer que

esta transferencia non se fai nas debidas condicións económicas, non se negocia debidamente, e a aceptación nos termos nos que se fixo é unha nova claudicación, é un xesto político para explotar electoralmente. Pero cando se baixe á realidade verémolas desgraciadas consecuencias para o noso pobo, e que conste que a min alegrárame estar trabucado, señor Fraga, pero o panorama que se nos ofrece non é doado.

Vostede dixo onte que a transferencia do INSALUD xustifica unha etapa importante de calquera acción de Goberno. Analicemos seriamente a transferencia. Desde o punto de vista técnico podemos aceptar que a transferencia sexa correcta, pero no mínimo desexable. O que sucede, señor Fraga, é que nunha transferencia o elemento fundamental non é o técnico, senón o político, e desde o punto de vista político a transferencia do INSALUD é negativa para Galicia. Voulle dar tres razóns.

Primeira, na determinación da porcentaxe de participación no presuposto global do INSALUD non se tivo en conta a poboación de dereito, como se fixera en Cataluña e en Andalucía. Se se fixese deste xeito significaría pasar dun 7,069, que se vai acadar dentro de 10 anos, ó 7,22, que en diferenza significa aproximadamente unha perda de 60.000 millóns de pesetas.

Segunda, a débeda histórica, cabalo de batalla dos gobernos Albor, é dicir, o que tiña que recibir Galicia que non recibiu, non se discutiu, e sáldase cun carameliño: a construción dun novo hospital en Santiago, para o que se destinan 2.000 millóns de pesetas, repartido en tres anualidades que proporciona o Estado, cun custo aproximado total de 8.000 millóns de pesetas, é dicir, 6.000 millóns que ten que proporcionar--la Comunidade Autónoma.

Terceira, a débeda por desviación do ano 90 --está a punto de pechase o presuposto do INSALUD

para o ano 90, cun custo duns 140.000 millóns de pesetas-- supón arredor de 15.000 millóns de pesetas. Entón, pregúntolle, señor Fraga, ¿acordouse un mecanismo áxil para cobrar esta débeda? ¿Como se lles vai pagar ós acredores? ¿Canta demora terán en cobra--las farmacias e os centros concertados? Señor Fraga, politicamente --que é o que a vostede lle corresponde-- a transferencia do INSALUD non foi boa. Coido que vostede perdeu moito tempo viaxando, e o tempo que estivo en Galicia non o aproveitou para traballar no futuro deste país.

Pregunte na rúa sobre a súa política agraria. Os nosos agricultores nada melloraron, os seus problemas fóronse agravando. ¿E Galicia xa exportadora de produtos agroalimentarios? ¿Cal é o seu plan de reforestación? ¿Onde está o éxito da loita contra os incendios forestais? Investíronse máis de 7.000 millóns de pesetas e na enquisa realizada recentemente ponse de manifesto que a maior parte da sociedade galega considera que foi un novo fracaso. Por iso, a partir de agora convén que a Consellería deixe de ser de propaganda e se converta en Consellería de Agricultura para traballar con rigor a prol do noso agro.

E non falemos do problema do leite. Non están resoltas as nosas reivindicacións, non hai un plan serio e rigoroso; diría máis: non hai plan para facer que o sector leiteiro sexa competitivo cos países atlánticos da Comunidade Europea.

Galicia, señor Fraga, segue sen te--lo protagonismo necesario no Mercado Común, na política agraria, e iso si que esperabamos que vostede puidese acadalo. Pero unha vez máis Galicia ten que esperar novos aires, ten que esperar gobernos con máis agresividade, ten que esperar gobernos máis identificados coa terra para acada--las súas metas.

Vostede, señor Fraga, asumiu persoalmente as competencias en ma-

teria turística, apoiándose na súa propia experiencia, pero as enormes posibilidades turísticas que ten Galicia, de momento son só posibilidades, porque ata agora nada se fixo de novo neste eido. Seguimos sen a hostelería de alta calidade; non hai ningún plan para a explotación turística das rías, nin para o turismo de montaña, non se creou o instituto de promoción turística. En definitiva, hai unha nova lagoa no cumprimento das súas promesas electorais e do seu programa de Goberno.

Señor Fraga, eu como oposición lamento profundamente non poder vir hoxe aquí e felicitalo pola súa xestión de Goberno a prol de Galicia. Porque se así fose, quereda dicir que o seu Goberno empezou a darlle pulo a este país, a poñer--las bases para que nun próximo futuro puidesemos dicir que Galicia está ó nivel que lle corresponde para ser competitiva con outros países da Comunidade Económica Europea. Pero non podo facelo, porque vostede sabe, no fondo, que unha cousa é o que se di e outra é a realidade.

Na réplica ó seu discurso de investidura eu lembreille unha expresión súa dita por vostede no Congreso dos Deputados: "Los papeles aguantan lo que le echen". Efectivamente, así o fixo vostede, prometeu moitas cousas que non puido cumprir. Polo menos eu pediríalle que recoñecese que nin sequera comezou moitos dos plans que tiña para este país. Pero o que máis me preocupa é que nin sequera puxo as bases para levar a adiante aquilo que vostede mesmo dixo que ía facer de xeito inmediato.

Voulle poñer un exemplo. Anunciou a inmediata constitución dunha Comisión de comarcalización para fixa--las bases técnicas para a redacción dun proxecto de lei de organización territorial de Galicia, necesario para vertebrar--lo noso país, que debería se--lo punto de partida para a elaboración do resto dos plans para o noso desenvolvemento.

mento. Nesta lei está a esencia de Galicia. A miña pregunta é: ¿constituíuse a Comisión de comarcalización que era prioritaria e inmediata? Espero que me conteste, xa pasou un ano, señor Fraga.

Outra das preocupacións singulares do seu Goberno que anunciou era a mellora das infraestructuras do mundo rural para o cal se ía facer un inventario das existencias e necesidades dos concellos. ¿Fíxose o inventario? ¿Cando foi elaborado? O único que eu coñezo é unha folliña que se lles enviou ós concellos para que pedisen obras. Non existe nin rastro de inventario. Hoxe a Xunta de Galicia non ten unha información fiable das existencias nin das necesidades.

Vostede ofrece promulgar unha lei de portos da Comunidade galega, crear unha empresa pública de portos de Galicia que xestionase, administrase e explotase o novo sistema portuario. Eu preguntolle, ¿foi creada a devandita empresa pública de portos de Galicia? ¿Ten algún estudio ó respecto? ¿Negociou co Goberno central a transferencia do porto de Vilagarcía? ¿Cal é a nosa participación nos portos de interese xeral do Estado enclavados nas nosas costas? Coido, señor Fraga, que nada se fixo tampouco.

¿Fíxo o plan hidrolóxico de Galicia--costa e o plan de infraestructuras hidráulicas de Galicia--interior? ¿Onde está o proxecto de lei de xestión e desenvolvemento hidráulico da Comunidade Autónoma? ¿Creouse o órgano de xestión sociedade de augas de Galicia?

Estas preguntas son un exemplo de que este foi un ano perdido, ano no que todos esperabamos unha gran xestión de Goberno, ano no que esperabamos que se empezasen a ver os cambios substanciais que vostede anunciou. Pero ó remate do mesmo, o único que vostede pode mostrar é un plan de autovías que chega tarde, e unha transferencia do INSALUD nas peores condicións nas que lles fora concedido a nin-

gunha Comunidade Autónoma.

O debate que estamos desenvolvendo é un debate sobre un ano de Goberno, un debate sobre o estado da Autonomía, un debate para facer un balance entre o prometido e o realizado, e o balance teño que recoñecer que é negativo. Non nos conte o que quere para este ano, senón o que fixo o ano pasado, con iso teríamos dabondo.

A nós gustaríanos, señor Fraga, que nos falase dos garbanzos como falaba en Madrid, non do sexo dos anxos, que é do que fala en Galicia. ¿Cre, señor Fraga, que este país pode seguir confiando en vostede? Recomendolles que cambien a súa política. Galicia necesita dun Goberno que mire cara ó futuro, que poña as bases para facer un país mellor para os nosos fillos, e para iso é necesaria a colaboración e o esforzo de todos, e Coalición Galega está disposta a prestalo sempre que o interese que estea por riba de todo sexa a promoción de Galicia.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Castiñeiras.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Popular, señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, a realidade é que a oposición fixo honrra ó seu nome. Subiu a esta tribuna e realmente portouse como tal, e eu diría que bravamente. Iso obrígame, señor presidente, a facer, desde a óptica de grupo parlamentario que sostén o Goberno, unha serie de precisións ou pequenas observacións sobre as teses esenciais que mantiveron os restantes grupos.

Quero dicirlle, en primeiro lugar, ó grupo maioritario da oposición que o seu discurso me pareceu un discurso presupostario, veu debater cifras e nós pensabamos que

viña debater política. En segundo lugar, quero dicirlle que foi --ó noso criterio tamén-- un relatorio do que non se quixo, non se puido ou non se soubo facer noutras etapas. Afortunadamente, agora iso que non se puido facer está encarado.

E non entendín, sinceramente, que se nos fale de que as conselleiras investidoras, xustamente as tres mellor dotadas, Agricultura, Ordenación do Territorio e Educación, estes capítulos VI e VII, estean por debaixo da media, ¿de que media? ¿Con relación a que se investigou ou obtivo esa media, se son as tres de maior consignación?

E quero engadir que, en definitiva, señorías, o que non comprendo é que se tomen as limitacións presupostarias, nas que milita desgraciadamente Galicia, como arma arroboladiza xustamente contra aqueles que na xestión do xeito de financiamento das comunidades autónomas temos moi escasa responsabilidade.

Pareceunos estraño, sinceramente, que se nos imputen as desfeitas que, segundo a versión da oposición, está soportando o sector do campo, concretamente o sector leiteiro. Certo que non está en bo momento, é certo que se están facendo esforzos serios neste sentido, pero non acabo de comprender que se omita nesa cita o máximo e único gran responsable, o señor Romero, alleo que eu saiba ó Grupo Popular.

Tamén nos parece estraño que se nos fale así dos incendios forestais precisamente desde un grupo co que, baixo a súa responsabilidade de Goberno, ardeu a maior parte de canto se leva queimado en Galicia, e isto non nos gusta nin tan sequera citalo, señorías. Dígollo cordialmente, porque o que si nos gusta é aquilo que insinuou o portavoz do Grupo maioritario da oposición, de dinámica do consenso, atopar un acordo de vontades sobre a estruturação forestal de Galicia, sobre o seu mapa forestal e sobre a súa política. En definitiva, tan só as políticas a medio e longo prazo en

materia de forestación poden dar resultado. Sabido é de xeito vulgar que unha foresta se destróza ou se destrúe con brevidade, pero que a súa restauración é longa. Gústame, polo tanto, a súa oferta de consenso, e dígolle que o plan forestal foi xa elaborado polo departamento correspondente e será sometido ó consenso de todos vostedes e á súa análise.

Non se nos fale, por outra banda, de que Galicia está na disintonía en canto á evolución do paro, de tal xeito que ó parecer aquí crece en maior porcentaxe. Non se nos diga iso, e, sobre todo, non se nos acuse de pioneiros na circunstancia, porque xustamente, señorías --e recórdollelo a aqueles señores deputados que formaban parte da Cámara--, esa foi a tese que este portavoz esgrimiou no debate sobre o estado da Autonomía no mes de marzo de 1989. Entón si que Galicia tivo o protagonismo de dispararse na porcentaxe do paro, máis alá da porcentaxe xeral da media española. E, sobre todo, aínda que desgraciadamente meditemos nunhas cifras que a ninguén nos gustan --e tampouco a vostedes, señorías--, o certo é que dito isto desde o grupo maioritario da oposición paréceme unha afirmación forte tendo en conta que esta terra, Galicia, non recibe nin recibiu os fondos de desemprego que porcentualmente recibe Andalucía ou Extremadura, aquí non chegan.

Quérolle significar ó señor portavoz do Bloque que entre as súas teses e mailas nosas hai unha asintonía total, isto é evidente. Vostede falou presidido pola crítica --eu diría absolutamente arestada--, e a verdade é que o único que teño que dicirlle é que me recordou vehementemente aquel aforismo de que "só pode censura--lo que ten corazón para axudar". A ese corazón apelo eu, ó de vostede, ó do seu Grupo, para os efectos de que presten colaboración e apeen un tanto o seu nivel recriminatorio dedicándose un pouco máis ó campo da construción. Galicia necesita os esforzos de todos e, evidentemente,

tamén os seus esforzos.

Quero dicirlle ó señor Nogueira que ten unha evidente tendencia á vulgarización, cualificando de lances gastronómicos o que son fondas e entrañables celebracións populares, nas que tamén os gobernantes, cando queren estar no seo do seu pobo, deben estar presentes. Non ofenda, señor Nogueira, ós señores de Lalín ou das Pontes vulgarizando celebracións como esas festas que vostede chamou gastronómicas e que para min son verdadeiras celebracións populares que significan cultura, tradición, vella cultura de Galicia.

Quero dicirlle a don Cándido Sánchez Castiñeiras que o seu negativismo e maila arestada dureza na crítica ímosllos desculpar. Eu comprendo que o seu grupo non está en bo momento e, en consecuencia, tamén entendo que as reaccións se fagan ás veces espiñosas desde unha tribuna que está feita para expoñer discrepancias, pero tamén para expoñer aspectos. En todo caso, quero concluír, señor portavoz, agradecéndolle o seu recoñecemento de que Galicia actualmente ten outro peso que non lograra acadar noutras etapas, gracias ó labor do señor presidente. E un recoñecemento que en medio de todo dulcifica as súas arestadas críticas e que o ennobrece a vostede.

E quero dicirlle a vostede, señor presidente da Xunta, que realmente sobra manifestar aquí que o Grupo Parlamentario Popular, ou sexa, a maioría absoluta desta Cámara, apoia enteiramente o labor do seu Goberno. Pero non sobra, ó meu criterio, dicir que ademais o propio grupo parlamentario sente fonda satisfacción polo teor do discurso que vostede pronunciou --e que aquí deostaron--, polas razóns que vou indicar.

Velaí unha visión globalizadora de Galicia e dos seus sectores económicos, infraestructurais e sociais como non se fixera ata agora, e hai unha certa visión do papel

que esta terra, Galicia, ten que representar no concerto das autonomías e no contexto das rexións europeas. O señor presidente construíu un verdadeiro alto corpo de doutrina --como tampouco se fixera-- que os portavoces da oposición, cando menos algúns, non quixeron ou non souberon entender.

Estamos ante o segundo debate sobre o estado da Autonomía --feito por certo a petición do propio Goberno, cumprindo un precepto legal, dito sexa de paso-- que ten unha diferenza substancial co celebrado en marzo do ano 1989, porque este actual Goberno, tal como indiquei, está sostido por unha maioría absoluta xurdida directamente das urnas. Non é, pois, preciso, señorías da Cámara, que o señor presidente suba a esta tribuna --como non se fixo xa-- a xustifica--lo por que se está gobernando. Foi un mandato popular directo. Non é necesario facelo como se fixo no anterior debate --e esta é a diferenza substancial-- onde nun longo discurso intentouse autolexitimar como consecuencia de acadar aquela maioría que nada tiña que ver coas urnas ou cos lances electorais.

O que importa neste momento é dicir como se está gobernando --as súas señorías omitiron xustamente esta reflexión--, e eu diríalles que se está gobernando con suxeición estricta á vontade das urnas e con auténtico respecto ós dereitos das minorías, escoitándoas pero non someténdonos a elas, dialogando e cambiando o talante do que ata aquí veu acaecendo xustamente neste Parlamento e, en definitiva, nas relacións co Goberno.

Houbo un cambio de estilo que, ó noso criterio, supuxo un esforzo por parte do Goberno. Non lles vou recordar ás súas señorías a porcentaxe de iniciativas da oposición tomadas en consideración ou a cantidade de diálogos emprendidos coa propia oposición e a cantidade de esforzos feitos para os efectos da busca de consensos. Pero si quero resaltar ante as súas señorías que

o esforzo que fixo este Goberno tende a facer máis dialogante e tolerante precisamente a relación institucional nesta Cámara e, en definitiva, a relación dos grupos parlamentarios entre si mesmos. E nunca creremos, como alguén creu, que o noso papel en Galicia sexa queimar ou desterrar a alguén, e todo iso díxose nun caso por un significado portavoz, e noutro caso por un entusiasta e inexperto aprendiz de inquisidor, amante de destellos, que paradóxica e pasmosamente foi aplaudido nun moi serio ambiente, o cal evidentemente lle sorprendeu a este grupo maioritario da Cámara. Saben as súas señorías perfectamente a quen me refiro.

Galicia está conforme con ese talante imprimido e coa acción do Goberno. Isto non llelo digo eu, señorías, por enquisas feitas desde unha área gubernamental, senón por enquisas feitas desde os distintos medios de comunicación. Os cidadáns galegos perciben que hai tranquilidade, que hai confianza nas institucións e que hai esperanza de futuro, e saben que baixo a guía deste presidente Galicia ten claros os seus camiños e as súas metas.

Nós temos claro o noso irrenunciable dereito a ser nós mesmos, predicado aquí polo presidente naquela elaboración doutrinal que --insisto unha vez máis-- non se quixo ou non se soubo entender. Dereito á nosa autoidentificación e a que se recoñeza a nosa personalidade colectiva, e consecuentemente á nosa autonomía política e financeira. Nesa vía doutrinal, orientadora de camiños e de metas, Galicia tenta que as autonomías, e polo tanto tamén este propio país, teñan máis peso no concerto constitucional das distintas autonomías trocando o Senado nunha verdadeira Cámara territorial que realmente garanta e vele pola aplicación do principio da solidariedade e da xusticia no financiamento, algo transcendental para a existencia mesma da propia Autonomía.

O propio Goberno así mesmo cre

no papel de Galicia de cara ó exterior e sobre todo no seo da Comunidade Económica Europea. Temos que reclama--la solidariedade das súas institucións, pero facéndoo desde unha contribución positiva como se predicou no discurso do presidente, e tal como se está a realizar neste propio momento, de tal xeito que se proporcione unha nova visión, unha visión renovadora sobre cal deba ser ese papel das distintas autonomías. Foron elaborados criterios e principios que deben guiar esa acción. Non os vou repetir porque onte xa se expuxeron. Pero o que si reitero é que forman parte dese alto corpo de doutrina que penso que non se quixo ou non se soubo entender.

Hai, pois, claridade nas ideas do Goberno sobre o papel de Galicia. Eu diría que esa claridade que acabo de expoñer aquí é unha claridade absolutamente necesaria, como absolutamente necesaria foi a súa formulación. E evidente que ela mesma valeu para acadar unha maior estima no ambiente de Galicia e nas distintas institucións coas que mantén relación, desde un maior peso político recoñecido por algún portavoz.

E evidente, señorías, dígollo sinceramente, que neste ano de Goberno probablemente se fixo moito máis para que Galicia acadase unha estima seria nos distintos foros nacionais e internacionais do que se levaba feito en moitos anos, e quero fuxir das comparacións. O peso de Galicia creceu absolutamente en todos eses foros, e non lles vou relatar a vostedes visitas, horas de traballo, entrevistas e negociacións. Simplemente quero dicir que no despacho de tódolos membros do Goberno da nación obran as pretensións deste país, entregadas persoalmente, e por primeira vez estruturadas, e, en segundo lugar, entregadas por dúas veces consecutivas ó señor presidente do Goberno da nación.

Baste concluír que os temas de Galicia son xa unha cuestión de Es-

tado, e por primeira vez na historia de Galicia, ó meu criterio. E neste camiño eu teño que recordalo que dixo aquí o señor portavoz do grupo maioritario da oposición que, efectivamente, se constituiron, co consenso da Cámara, ou coa negociación dos grupos, dúas institucións que durante 5 ou 6 anos estaban baleiras, que eran o Valedor do Pobo e mailo Consello de Contas, que o esforzo efectivamente foi conxunto, pero non se esqueza que a iniciativa se fixo desde este propio grupo gobernante, e non se esqueza a transcendencia da vertebración institucional que nos urxía respecto de Galicia, e non se esqueza tamén a transcendencia que no sensible campo das garantías democráticas supuxo a constitución destas dúas institucións. En definitiva, o Valedor do Pobo vai amparar ós cidadáns galegos dos erros posibles da Administración e o Consello de Contas vai garanti-la transparencia da xestión económica das distintas administracións.

Reitero que hai ideas claras, pero tamén houbo acción coherente xustamente con esas ideas. Acomezouse o cumprimento do programa do Goberno, non dos programas da oposición, senón dos programas do Grupo Popular. Fíxose de tal xeito que neste momento o balance pódese afirmar como positivo, pero positivo en canto ós treitos recorridos e en canto ás ópticas ou posibilidades de futuro, que nos deixan espreitar con contundencia que o seu cumprimento será total ó final da lexislatura, ó cabo dos catro anos de mandato que este Goberno ten.

E certo que Galicia está en difíciles circunstancias, unhas nadas de eventos esóxenos, que non é necesario citar, e outras nadas do propio feito de que ó inicia-lo seu despegue e o seu desenvolvemento aínda está inmersa nunha economía excesivamente dependente, escasamente articulada e, quizais, parca en recursos humanos. Isto quere dicir que aínda faltan moitas accións por acometer ata o cumprimento total de aquel programa e ata

rehabilita-los sectores productivos do xeito que pretende este Goberno, sexa a agricultura, a pesca, o marisqueo, a conveniente industrialización ou, en definitiva, un nivel de servizos similar ó que gozan as máis avanzadas rexións; é certo que faltan moitos treitos, pero reitero que o nivel de cumprimento neste momento é un nivel que cualificamos como absolutamente satisfactorio.

No plan económico gustaríame resaltar que o Goberno optou decididamente pola planificación. Neste momento ten practicamente articulado o que é o plan económico e social de Galicia. Ten ansias de coordinación dos investimentos e xustamente o fai a través da Comisión de Política Económica. En definitiva, é xa case inmediata a creación dun instituto de fomento ou de promoción económica como instrumento esencial dentro da dinámica de desenvolvemento que se pretende imprimir.

Nos aspectos infraestructurais quérólles dicir ás súas señorías que os esquecementos aquí esgrimidos polos señores portavoces da oposición me parecen excesivos. As autovías serán unha realidade, pero na súa xestión non contribuíron moi esencialmente os que máis podían contribuír. Digamos que foi difícil o asinamento dun acordo, dun convenio e dun consenso coa Administración central, porque, señorías, non se poden esquecer os múltiples estudos e incluso as expropiacións que se teñen que a realizar, nin se pode esquece-la difícil orografía que estas autovías van atravesar, nin se pode esquecer que o investimento é de centenaes de miles de millóns de pesetas. Pero, á fin, Galicia está ó borde de rompe-lo seu vello illamento das correntes investidoras, financeiras e comerciais que, en definitiva, propulsaron o crecemento económico doutras rexións.

Galicia vaise integrar por fin, e a esperanza é absoluta tralo asinamento dese convenio. Pero non se

bote en falta que esta Autonomía non planificase as redes primarias e secundarias, como coñecerán en breve as súas señorías, e incluso as autovías dependentes da Xunta. Todo iso constituirá esa armazón interior que vertebrará de xeito físico, de xeito económico, de xeito comercial e en tódolos aspectos Galicia. Digamos, señorías, que este propio plan que aquí se botaba en falta iniciado xa na súa confección e a piques da súa presentación tamén vai importar centenaes de miles de millóns.

En materia de telecomunicacións, que nós cualificamos tamén de infraestructuras, hai escasos días que a Xunta de Galicia asinou un convenio coa Compañía Telefónica, que se refire a catro aspectos dispares: á telefonía rural, á radiotelefonía móbil, a unha rede de voz e datos e á implantación en Galicia de servicios avanzados de telecomunicación. Na execución deste convenio vai ter presenza relevante en certos aspectos tamén Unión-Fenosa, e podo dicir desde a tribuna que é a primeira vez, quizais, en que deste xeito tan xeneralizado se suman esforzos desde a empresa privada e desde a Administración, para os efectos de dotar a esta terra de avanzadas tecnoloxías.

Pódolles dicir ás súas señorías, reiterando o que dixo o señor presidente, que en breve Galicia estará á cabeza das rexións máis avanzadas. Pero tamén quero dicir que no tema tan sensible da telefonía rural o investimento vai ser superior a 35.000 millóns de pesetas --así está convido--, vaise facer en catro anos e van se--los seus beneficiarios máis de 20.000 núcleos rurais habitados de Galicia. Con isto cremos que contribuímos a unha dinamización económica --porque, en definitiva, son infraestructuras--, pero eu engadiría que tamén á dignificación do hábitat rural ata agora alleo a todo este tipo de servicios.

O proxecto de gasificación de Galicia está outorgado, será unha

realidade conclusa a finais de 1994.

En materia de electrificación rural por fin contemplouse cun investimento de 67.000 millóns --e a execución tamén de aquí ó 94--, unha globalización territorial de Galicia. Non se vai a solucións de parcheo nin parciais, senón a unha solución global, entendendo que tamén isto contribúe á dignificación do hábitat rural e, sobre todo, á súa propulsión económica. Moitas veces, moitas industrias --e os que foron alcaldes e concelleiros tiveron que ver no rural-- foi imposible instalalas por culpa da falta desta enerxía eléctrica, e agora vai ser unha realidade.

En materia de servicios, que algún señor portavoz aludiu a iso como algo absolutamente deficitario por parte da Xunta de Galicia, si quero falar da transferencia do INSALUD. Non comprendo como esta transferencia puido molestar tanto á oposición, porque cantos por aquí pasaron fixeron un relatorio fortemente crítico sobre a transferencia. Varios grupos parlamentarios ou forzas políticas estiveron no Goberno anterior e o certo e definitivo é que esta transferencia foi unha especie de escuro obxecto do desexo, non acabada absolutamente por ningún ata este momento.

Recordarán as súas señorías aqueles famosos 31 de decembro, ou primeiros de xaneiro, que viñan a sendo as metas temporais que se fixaban os sucesivos conselleiros, ou máis ben o único, que falaban de metas temporais para os efectos de acadar unha transferencia que constantemente se lle resistiu. Pois, en definitiva, a transferencia existe. O INSALUD é un instrumento absolutamente imprescindible na planificación dunha política da saúde. Eu diría que a transferencia foi feita de forma absolutamente correcta e beneficiosa para Galicia. A nós non nos valen esas críticas que están exhibindo por aquí, pero sacadas fóra de contexto, cunhas apetencias absolutamente extrañas á realidade que vive este

país. E menos nos valen aínda as críticas feitas desde determinado grupo, que na prensa alardeou de que negociara a transferencia e, inclúo os seus termos, e resulta que esa transferencia feita agora, pero de xeito mellor, non lle vale; non nos parece coherente.

Implantouse a RISGA, a renda de integración social de Galicia, como de todos é coñecido, o cal demostra tamén sensibilidade.

A propia Comunidade Autónoma de Galicia en canto ó sector pesqueiro e marisqueiro mostrou unha especial sensibilidade a través da dotación especial do salvamento marítimo, e moi especialmente a través do concerto dun seguro colectivo que atinxe a toda a xente do mar.

Tamén hai axudas reiteradas, e perfectamente estruturadas de cara á Galicia do exterior, económicas e asistenciais, como apoio a centros onde se reúnen os galegos da emigración, que tamén significa unha mostra de sensibilidade.

Quero dicirlles ás súas señorías que non admitímo--las recriminacións que aquí se nos fixeron, pero tampouco queremos loas. Cremos sinceramente que esta era a obriga dun país que quere ser moderno e socialmente avanzado. Espero que as súas señorías comprendan o esforzo da Comunidade Autónoma, e poucos exemplos citei, os que citei foi para os efectos de verificar que efectivamente hai sensibilidade neste eido. E non se nos critique, por favor, como único e destrutivo elemento da nosa política, que se suprimiu o servizo integrado por dúas, tres ou catro persoas; as súas funcións foron absorbidas por outros estamentos da organización do Goberno.

En materia de política sectorial volvo facer cita do mapa forestal, e mais da política que queremos consensuar. Nós pensamos que se trata dunha acción institucional, por canto que tamén entendemos sinceramente que este reiterativo

atentado que está soportando a foresta de Galicia, a través dos incendios, está destruindo a súa vella fisonomía verde; en definitiva, está alterando as calidades do seu solo e está alterando tamén o seu réxime climático; é, pois, absolutamente imprescindible o esforzo de tódolos grupos, ós que convocou aquí o presidente, e nós reiteramos esta convocatoria.

En conexión con este tema quero falarlles da política medio ambiental, que alguén antes quixo deostar aquí. En primeiro lugar, se o portavoz que a criticou fai a suma parcial e illada das consignacións, probablemente chegue a resultados non exactos, a resultados obviamente errados. Polo tanto, globalicen a totalidade das consignacións existentes nos distintos departamentos, e tamén na Presidencia, e observarán que son moitos miles de millóns os que veñen traducido--lo esforzo que este Goberno está facendo nun eido tan sensible, desde o convencemento, alegado polo señor presidente, de que a natureza xa non é aquela fonte de reservas inagotable, senón que é un ente absolutamente atacable, e incluso desprotexido en virtude da súa manipulación que, evidentemente, hai que guiar en tódolos casos.

A pretensión da Xunta é, en definitiva, mante--lo equilibrio entre o home e a natureza e a conseguinte rexeneración do medio ambiental, eliminando focos de contaminación, tratando residuos, os leitos fluviais, promovendo o saneamento das rías, prevendo a contaminación atmosférica, recuperando a fauna terrestre e fluvial e controlando a calidade das augas.

Non se nos diga que non está elaborado o plan hidrolóxico, porque si está elaborado --cousa distinta é que as súas señorías non se enteirasen--, e precisamente prevé gran parte destas cuestións ás que me estou a referir; contén desde o inventario dos recursos e reservas, de demandas e prioridades, ata as normas de calidade das augas, algo

que por certo non tiña precedente.

Eu non quero concluír esta exposición sen resaltar ante as súas señorías dúas circunstancias, ó meu criterio, esenciais.

A primeira delas é que a actividade máis rendible que pode promover unha sociedade, e, en consecuencia, un Goberno, para nós é a investigación. Neste sentido intensificáronse os programas específicos de axuda á investigación; téntase construír como unha realidade comezada xa os parques tecnolóxicos e os parques ofimáticos; está practicamente elaborada a futura lei da ciencia e da tecnoloxía, e o propio desenvolvemento feito racionalmente da planificación universitaria, coa implantación de novos títulos, coadxuva evidentemente neste campo.

Toda esta suma de esforzos significan a estima deste tipo de accións como algo esencial sobre o que monta--lo progreso tecnolóxico de Galicia e, en definitiva, o seu progreso económico. E mailo plan xacobeo, ó que tamén quero aludir, que en moi breves días será traído a esta Cámara, co mesmo desexo de estudio conxunto e de consenso, entendendo que pode ser algo absolutamente institucional polas razóns que vou a dicir. Non só porque pretendemos que sexa o instrumento de dinamización cultural e económica, senón porque mediante el intentamos sacar das mesmas esenciais históricas de Galicia --para difundilo despois, con lexítima intensidade-- algo tan desta terra e tan relevante como o se--lo punto de referencia da unidade europea, tal como resaltou o señor presidente no seu discurso.

Remato sub--liñando que nesta terra hai, ó noso criterio, ó do Grupo Parlamentario Popular, un novo talante de diálogo e de colaboración. Recórdollelo ás súas señorías porque é exacto. Hai unha nova doutrina articulada desde a claridade, e desde a concepción do papel de Galicia no contexto das autonomías e no concerto das rexións eu-

ropeas. Faime recordar con vehemencia a primeira vez que historicamente --e foi desde esta terra-- se converteu o sentimento autonómico en doutrina política a través das versións de Alfredo Brañas, tal como nos recorda o propio Castelao; é a segunda vez que con coherencia desde unha tribuna, de xeito público, e polo tanto coñecible, se formula unha doutrina completa que vén significar cal é o papel desta terra no contexto europeo e mais no contexto nacional.

Quero dicirlles que ese discurso tamén nos revelou unha intensidade na acción do Goberno, dinamizada desde este corpo de doutrina, no centro da cal está sempre o home, ó que se supeditan tódalas accións económicas. Revelounos unha nova visión globalizadora de tódolos sectores económicos, para promover un desenvolvemento absolutamente articulado, co aval --insisto-- desta terra. E revelounos unha renovada concepción da nova e da vella Galicia, que é ela mesma, autoidentificada como se dixo, recoñecida e estimada en tódolos foros, pero tamén cunha conciencia orixinal, capaz de inspira--los seus períodos vitais, e tamén concretamente este período de encrucillada, cando circunstancias esóxenas entorpecen, ó mellor, a nosa propia dinámica, pero cando esta dinámica existe vigorosa.

Quero dicirlles ás súas señorías que contra a visión negativa que se exhibiu por parte dalgúns portavoces, de xeito absolutamente descualificante, ó noso criterio, o certo é que nós queremos continua--lo camiño emprendido con absoluta firmeza, no apoio total da política deseñada polo señor presidente e exposta no discurso de onte, ata acadar aquel soño, que non é noso, foi de Castelao, cando un día dicía: "Vexo unha terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz". Ese é o noso desexo.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, este debate pedido pola Xunta foi de acordo coa Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que no seu artigo 48 di: "A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ó comezo dun dos períodos ordinarios de sesións, a celebración dun debate de política xeral", e así foi. Eu presenteí un discurso danha certa amplitude e bastante cumprido, e por certo dous volumes máis, un de realizacións e outro de obxectivos para o 91; debate polo tanto de política xeral, e, ó mesmo tempo, de puntual rendición de contas e de propósitos.

Naturalmente, levo suficiente tempo voando por riba dos procelosos mares da política para comprender perfectamente os sentimentos do señor Sánchez Castiñeiras, que tiña tanto desexo hoxe de felicitarnos e que non pode; comprenderá que eu o entendo perfectamente. Non son tan inxénuo para pensar, por moitos que fosen os datos que presentasemos, que puidesemos esperar felicitación e recoñecemento da oposición. Pero hai unha cousa que si lles teño que agradecer. Algunhas destas catastrofistas intervencións, non temos cartos para pagalas, polo servizo electoral que nos prestan, porque a xente, como é natural, comprende perfectamente a diferenza entre a seriedade nos formulamentos e o respecto das formas, e entende perfectamente cando hai improvisación e cando hai interferencia.

O escoitar algunhas das intervencións, eu estiven a recordar unha --penso eu-- divertida historia, do meu amigo lord Young, que foi, como se sabe, primeiro ministro de Gran Bretaña, e que para se-lo deixou de ser conde de young, tivo que renunciar a estar na Cámara dos Lores, e facerse elixir para

a Cámara dos Comúns, e desde entón tiña que ir --como todos procuramos facer-- ó seu distrito cada semana a dar conta e a pedi--las opinións dos electores. E había un home que sempre lle estragaba as reunións, sempre viña con cousas complicadas --digamos que parecido ó Bloque--nas que evidentemente non había moita relación coa realidade. E este home, young, preguntoulle a un amigo: "¿A este señor, como podo eu entrarlle e que non me estropee as reunións cos electores?", e díxolle: "A única persoa que respecta é á súa muller". Entón, á semana seguinte, díxolle: "fulano de tal, mister Smith, ¿como está a súa muller?" A resposta foi: "¿Que como está a miña muller?, ¿comparada con que?" Pois eu digo o mesmo: ¿Galicia como está no estado da Autonomía, comparada con que?, ¿con como estaba no Goberno tripartito? ¿Pois eu creo que está mellor! ¿Comparada cos soños de todos, e cos meus, emotivos ou non, porque eu cando falo de Galicia verdadeiramente sinto que me treme a voz? Pois estes soños non se acadaron aínda. Pero penso que non se pode dudar que nun ano se fixeron cousas importantes e o pobo galego sábeo, non quere utopías, nin demagoxias.

Como é natural, neste momento xa non está para estas bromas de "eu son progresista e vostedes son conservadores", "eu son nacionalista e vostede defende España", que naturalmente é unha forma importante de defender Galicia, pero iso pasou. Esas bromas podíanse gastar nun certo momento, pero agora xa todos pasamos polo encerado, xa se sabe quen traballa, quen acumula.

Por certo, que no xeito de traballar eu non ando a buscar ningunha marca de tortillas de patacas, ou de grandes queimadas, ou de moitas horas de viaxe ou de traballo, que fago moitas --por certo moi barato e moitas veces convidado--. Pero, desde logo, sóbranme horas para estar no despacho e resolver moitísimos problemas, que me parece que é o que queren os galegos. Porque xenios seguramente hai moitos,

pero eu quero sobre todo "curran-tes", persoas que cando baixen as musas da inspiración --como di Camilo José Cela-- estean alí na mesa de traballo.

Polo tanto, quero dicir que a estas alturas vir a contarnos despois do maio do 68, despois da caída do muro de Berlín, eses idealismos igualitarios, ou vir a contar-nos neste momento que para defender Galicia hai que facer un proxecto fóra do proxecto español, ou do europeo, como queren outros, evidentemente o pobo galego non cre niso.

Falar a estas horas de que a política axeitada é de constante confrontación, é unha actitude que se pode entender ás veces desde oposicións sen esperanza de chegar a gobernar, que tamén as hai, é unha actitude irresponsable de Goberno. Eu que son diplomático de profesión, e que fun embaixador, sei que non se cazan moscas con vinagre, e evidentemente procuro sempre que podo presenta--los asuntos ben razoados, e convencer, e o outro é unha falsa dialéctica sen ningunha credibilidade. Credibilidade que tamén é esencial neste debate.

Nós, señores deputados, presentamos un programa, non pensabamos realizalo nun ano, ¿é que alguén o pensaba? Evidentemente, comprendo a présa dalgúns por que acabémo--lo noso programa para despois presenta--lo seu, pero esperen un pouco, non se preocupen de perfecciona--los seus, de momento está o noso, que nun ano bastante ten que ver coa realidade o que se está realizando. E, naturalmente, nestes catro anos, e probablemente nos catro que sigan, e quizais nos catro seguintes, seguiremos realizando tódalas actividades para o ben de Galicia.

E desde logo, quero dicirlles que nun ano, a diferenza da situación anterior, nós levámoslle dado estabilidade á política galega, levámoslle dado seriedade e eficacia á súa Administración, que completa-

mos, naturalmente, coa axuda de todos; pero, ¿por que non se fixo antes o cadro das súas institucións estatutarias?

Promovémo--las transferencias en temas claves como o INSALUD ou a Policía Autónoma, e despois falaremos disto.

Deixamos por escrito, e con prazos, os grandes temas de infra-estructuras, sen os cales non hai outras prioridades. ¿Quen pode vir aquí sen autovías, sen electrificación, sen comunicacións de alto nivel, sen rede de datos, sen gasificación, sen ter resoltos os problemas máis elementais, que todos --repito-- con escritura por diante están aí?

¡Claro que continuamos todo o que se fixera antes e os bos desexos! Pero o certo é que hoxe, sen ningún abandono, gracias ó esforzo de todos --pero penso que algún esforzo máis faría o Goberno e o grupo maioritario--, están as cousas claras e por escrito, e todo o mundo pode saber a onde vai Galicia.

Formulámo--las grandes cuestións da Autonomía en Madrid e en Bruxelas, Galicia presentouse en tódolos foros con dignidade e con categoría, e hoxe fálase de Galicia cun interese e un respecto que penso que non é o de antes.

E, naturalmente, señoras e señores deputados, facémolo con visión da realidade, non soñando, facémolo dentro dun proxecto España, dentro dun proxecto Europa, dentro dun proxecto universal, e imos --se Deus nos axuda-- continuar facendo así as cousas, e, por suposto, o pobo galego sabe que imos nese camiño.

Vou contestar con moito gusto ós puntos esenciais das críticas que escoitamos.

O señor representante do Grupo Socialista --xa o dixo el, pero convén puntualizalo-- non nos vai facer responsables nin da indepen-

dencia de Namibia, nin da guerra do Golfo, nin de moitas outras cousas. E evidente que neste momento nós podemos dicir que, non obstante todo isto, e con preparaci3ns do novo plan econ3mico e social, estamos a supera--las dificultades.

Fálase de paro. O que si sabemos, xa, é que segundo os datos da enquisa da poboaci3n activa do Instituto Nacional de Estatística, que é a estatística oficial de emprego e paro, o paro diminuíu de forma apreciable no ano 90, se ben en menor medida do que nós desexamos. No primeiro trimestre do 90, cando chegamos ó Goberno da Xunta, o paro era de 198.000, e no terceiro trimestre do 90 baixou a 183.000, unha diminuci3n de 14.500 parados, e, naturalmente, nun ano de grandes dificultades. Convén recordar que nos dous anos anteriores, baixo a presidencia socialista da Xunta, o paro só baixara en 3.600 persoas no 88, e en 2.400 persoas no ano 89. Pero, en todo caso, é obvio que o emprego non se crea na Consellería de Traballo, créase coas autovías, créase cos teléfonos, créase con todas esas infraestructuras que nós estamos a implantar.

Naturalmente, dise que as nosas prioridades non son as boas. Ben, eu penso que o son, eu penso que son as raíces do movemento.

Hai outra observaci3n de máis transcendencia --eu non podo crer que aquí se trate de ignorancia, polo tanto, penso que quizais se trate de manipula--los datos--, cando se fala de gastos correntes. Saben perfectamente, os que coñecen os datos por dentro, que, agás os continxentes de educaci3n, non houbo incremento fóra dos que derivan, naturalmente, do complemento dos convenios sindicais. Cando se fala da diminuci3n do aforro, debe saberse que efectivamente o que baixaron foron certas aportaci3ns do Estado, pero non a apropiaci3n adecuada dos gastos da Xunta. Os gastos de persoal no 91 respecto do 90 creceron nun 13,61%, que representa no presuposto total 30/58%, no 89

supoñía o 31,1%; polo tanto a posici3n relativa do capítulo I aínda baixou.

E cando se fala de que os gastos de capital baixaron, hai que tomar --como é natural-- os anos 90 e 91, os dous presupostos nosos, que dan unha media no capítulo VI dun aumento do 40,66%, e no capítulo VII do 63,18%, crecendo Agricultura no capítulo VI o 43%, a COTOP o 31%, Cultura o 139% e Pesca o 49%. E no capítulo VII o 26%, 69% e 55%. A suma dos capítulos VI e VII é o 46,6% da media.

Fálase de endebedamento e convén da--las cifras. Se todos estamos de acordo en que os recursos son insuficientes, e en que temos que presionar --e aí pedín a axuda de todos non para facer política de partido sen3n política de Galicia, pois volvo a isto nas negociacións do 91--, algo tiñamos que anticipar. ¿Pero cales son as cifras do endebedamento? O endebedamento do ano 90 do Estado, en débeda viva, é do 36%; en Galicia é dun 1,8%. Se comparámo--lo endebedamento galego co das outras Comunidades, podemos ver que neste momento o noso está por debaixo do de Andalucía, 3,7%, de Cataluña, 2,7%, de Murcia, 3,9%; Galicia está soamente en termo medio, como dixeran, no 1,8%. Polo tanto, é unha boa administraci3n do principio de endebedamento.

Fálase de que nós pensamos máis na iniciativa privada ca no sector público, isto tamén se manifestou nalgúns intervencións. Pois é verdade, eu non estou en contra do sector público, ten as súas zonas. Eu son responsable dun sector público. Se facemos historia, podemos observa--lo caso dos paradores de turismo, que creo que é un bo exemplo do que pode facer excepcionalmente a acci3n do Estado, ¿pero quen pensa que no conxunto dos hoteis españois sexa bo sistema? O sector público --e os socialistas, que hoxe por certo xa están noutras ideas menos socialistas neste punto, tamén fan privatizaci3ns-- é como o chocolate para os nenos, é

moi agradable, en pequenas cantidades non fai mal, pero en canto medran as cantidades é posible coller un entripado.

Agricultura. Non se pode negar que un dos mellores índices externos do desenvolvemento económico e social é a redución do tamaño do sector primario, non en produción, senón en emprego. É evidente que hai que producir máis e mellor con menos xente, porque se non prodúcese unha condición de subemprego, de subremuneración e de baixo nivel de vida que non é posible aceptar. Pero, naturalmente, iso non se pode facer botando a xente á rúa ou á emigración, tense que facer --como nós propoñemos-- creando empregos no sector secundario e no sector terciario.

Pero nós non deixámo--la reforma agraria, nin moito menos. Eu anunciei o outro día na miña Terra Cha que en dez anos imos completala concentración parcelaria, imos ampliarlas estruturas. Polo tanto, non é exacta, nin moito menos, a crítica que se fixo. En canto a produtos de calidade incentivouse a tenreira galega con 60 millóns de pesetas a través dunha campaña de imaxe moi importante, e neste momento estamos traballando para cebar en Galicia 50.000 xatos dentro dunha das calidades nas que certamente Galicia ten posibilidades.

Falouse da caída do investimento estranxeiro. Ben, houbo o ano anterior o da Citroen na política de reconversión e robotización. Houbo, por outra parte, investimentos que non se materializaron na famosa SIV, ou empresa do Vidro, que non é precisamente un éxito do Goberno anterior.

O precio do leite e o sector lácteo. Nós estamos a arranxalo que vostedes desarranxaron. A crise da LARSA non foi no noso tempo, encontrámola, e os 750 millóns que se deron naquel momento, practicamente a fondo perdido, nós recuperámoslos para facer con iso o capital das cooperativas, e neste momento o te-

ma vai camiño de resolverse con institucións como o laboratorio galego e, sobre todo, coa atracción de novas firmas, como ocorre con Pascual, que veñen neste momento a reforza--la cantidade de leite que se elabora en Galicia en relación coa do exterior.

De política forestal, eu, con toda franqueza, se estivese entre os sucesores do Goberno tripartito, creo que pensaría que sería mellor non falar. Efectivamente, hai banalización en falar dese tema. É evidente que se pasou dunha situación desesperada, límite, a unha situación aceptable. E aí, antes de falar de consenso, hai que falar de que por primeira vez ese tema se tomou en serio. Non se pode dicir que fosen medidas improvisadas ou que só fosen medidas de extinción; non era pouco, nun ano como o pasado, o máis seco da historia, ter medidas eficaces. Hai un Plan forestal de Galicia que, por certo, xa se lles remitiu ós señores membros da Cámara. Teño aquí a copia da carta enviada ó señor Sineiro e ós demais portavoces. Polo tanto, será discutible, para iso se manda, para que haxa ese consenso. Neste momento estamos traballando na repoboación como nunca se fixo, porque este ano non só é o da prevención e da extinción, será sobre todo o da repoboación, así que nesta cuestión pisamos un terreo igualmente firme.

Na pesca fíxose unha dicotomía falando de explotación e de recursos. Nunca se traballou tanto e tan seriamente no tema dos recursos ou da investigación. Quero dicir que neste momento por primeira vez aínda non houbo problemas de violencia no sector marisqueiro. Por primeira vez, estanse cumprindo as normas do tamaño dos moluscos e, naturalmente, se hai a marea vermella nós preferimos dicilo que enganar a ninguén, con ese prestixio absoluto estamos acometendo os novos mercados, ós cales lles estamos engadindo especies novas e defendendo ben as nosas competencias, como no caso do cangrexo real.

Hai axudas importantes de laboura de recuperación de praias, 200 millóns no 90 fronte a 120 só no 89; aumento das axudas ás confrarías para vixilancia das autorizacións marisqueiras, e aumento dedicado ás labouras de sementeira. Polo tanto, esa afirmación non ten que ver nada coa realidade. E verdade que se están revisando un por un tódolos polígonos de bateas. O que ocorre é que hai que cumprilos prazos, estamos nun Estado de dereito, hai que respecta--los tempos de reclamación, pero non quedará un só, unha vez cumpridos os prazos, sen ser revisado.

En Industria é evidente que o traballo da Consellería é verdadeiramente exemplar. Como é lóxico, non é o momento de defender certas axencias de desenvolvemento local creadas por fins políticos, á parte de que, como é natural, se está traballando nunha planificación central. En temas como o de ASTANO --que por certo todo o mundo sabe quen cerrou e quen reconverteu ASTANO, que non fomos nós nin os nosos amigos en Madrid, foron outros, e ben o saben vostedes-- neste momento nós o que dicimos é: "dialóguese con calquera oferta". Ver aquilo parado, ver aquilo pechado, ver aquilo con esa famosa plataforma que non se acaba nunca, que parece unha fantasma, non parece que sexa o camiño para revivilo. E, naturalmente, esas negociacións faranse, teñen que facerse, entre ofertas que nós iremos buscando, cantas poidamos, e o INI, que é o que ten que dispoñer.

En materia social nós demos un paso que poucas autonomías deron, que é o salario social ou a renda de integración. Naturalmente, iso non se mencionou, e condicionámo--lo suceso desa importante medida a outras. Pronto estará ante este Parlamento a Lei de servicios sociais posta ó día, que espero que resolverá outros problemas.

En materia de educación non podía deixar de facer unha referencia a unha medida que eu defendo, e na

que, sen entrar --porque eu nunca me poño a discutir cos señores xuíces-- a discuti--la famosa sentenza do Tribunal Superior --cousa que por certo xa os grupos sindicais fixeron entre si, pero non é o momento de entrar niso aquí--, nós imos cumpri--los trámites. Por certo, trámites non expresamente requiridos por ningunha lexislación, pero, desde logo, teño que dicir que a mellor educación é a que mellor prepara á xente para a vida. ¿Cal é mellor, a máis aberta do mundo, como a dos anglosaxóns, pola que xentes doutros países si poden pagan millóns para ir tomala alí, ou a máis axeitada a esas disposicións de ensinanza igual, obrigatoria, café para todos? Pois, eu creo que, desde unha base mínima, a familia ten dereito a poderse sacrificar para conseguirla mellor ensinanza para os seus fillos, así o fixo o meu pai, e así o fixen eu. Pero quero engadir que así o fan tamén, como é sabido, moitos ministros socialistas en Madrid. O que quero dicir neste momento é que sen dúbida ningunha nós manterémolo principio de igual oportunidade. Aquí si que houbo unha afirmación especialmente demagóxica, porque defender Lugo e Ourense é algo que sobra mentres esteamos aquí os populares, xa que moitos somos de Lugo, e os centristas de Ourense, evidentemente xa nos ocupamos un pouco diso. Os mesmos recursos que a Pontevedra e a Coruña déronlle a Lugo e a Ourense en relación coa poboación, cousa que é facilísima de comprobar. Por certo que en Ourense, no tempo do Goberno tripartito, non se gastou nin unha soa peseta en novos centros no ano 1989.

En materia de investigación, que é un tema clave, respondo de que estará ante o Parlamento despois de estudos moi serios a nova Lei de ciencia e de investigación. Unha lei que será igualmente de apertura á sociedade, unha lei que non deixará que se perda a última peseta de quen queira aportala (empresas, grupos sociais, grupos estranxeiros), e, desde logo, afirmo que esa lei que aquí discutiremos

será unha lei importante.

Vivenda. Aí está o plan nacional. Aí están a face--las cousas en serio, nós non facemos chapuzas, nós poñemos calefacción a Fontiñas, estamos a traballar en serio; o outro son as famosas inauguracións que un ano despois nunca máis se soubo delas.

En canto a sanidade, dicir que o noso é o peor dos sistemas paréceme un pouco esaxerado. Varios oradores referíronse á transferencia do INSALUD, e esta era unha ambición lexítima de tódolos grupos políticos. A transferencia, como todo, puido ser mellor, dánnos 134.000 millóns de pesetas constantes en 10 anos, o que supón 13.400 por ano. Se tomámo--la media, resulta que pasamos dos investimentos que o Estado facía do 5,88% ó 7,069%. Eu quería que fose o 8% ou o 9%, aí está o resultado, e desde logo o resultado é excepcional. En Cataluña e Andalucía tiñan un problema distinto porque a poboación de dereito e o gasto efectivo era unha relación diferente á que tiña Galicia, todos o sabemos. Pero querido amigo, o problema é que, como dicía a raposa: "As uvas, están verdes", todos quixeran facelo feito e nós fixémoslo.

Con respecto á política ambiental estase a traballar seriamente, e teño que dicir que por primeira vez se unificaron os criterios e os métodos da Consellería, e os expedientes tramítanse dunha maneira unívoca.

O Plan de residuos. Aí están os letreiros de "lixo non", pero previamente estaba o lixo alí --e ó señor conselleiro, señor Cuíña, ratifícolle expresamente a miña confianza neste momento en que a súa ilustre figura sería deturpada, se puidesen, por algúns--, alí estaba a merda que outros deixaron e que nós limpamos, como imos limpar moita máis.

O señor Sánchez Presedo -- que sen dúbida ningunha representa a

ilusión do Partido Socialista despois desa renovación coa que volve ser secretario xeral-- recórdame aquela frase francesa de sombreiro branco e branco sombreiro, pois si, señor, eu dixen "América está aquí". Hai que ser fillo de emigrantes da Terra Cha para podelo dicir onde eu o dixen e como o dixen. Na Terra Cha, non fomos capaces, nin meu pai alcalde, nin eu en moitos anos con algunha autoridade moral, de conseguir que alí se acordase a concentración parcelaria. Agora conseguiu, e foi o que lles dixen: antes iamos a América, agora neste momento imos facela aquí no mellor sentido da palabra.

Finalmente, cando se fale de caos urbanístico recórdese que as normas provinciais contribuíron a aumentalo, e que neste momento nas catro provincias temos normas serias ó respecto.

En canto á intervención do señor representante do Bloque, é evidente que non era posible atopar moitas coincidencias, pero, evidentemente, algo máis fíxose, repito, que queimadas xigantes, e eu sígome honrando de que considerémo--los gaiteiros como unha parte esencial da nosa representación, os gaiteiros estímalo moito, e penso que poucos coma eles, sen formar ningún bloque, foron unha continuidade galega tan importante.

Naturalmente, as declaracións catastrofistas de que non hai salvación para Galicia, pois, evidentemente, cada un ten dereito a facelas. Nós estamos facendo un plan hidrolóxico e estamos a facer xustamente unha rede das augas e a lei xa está feita para enviar a este Parlamento. Pero eu arranxei o tema da "Merchant Shipping Act", que non era unha cousa pequena, e outras moitas cousas nas cales, gracias a Deus, por agora imos tendo bastante sorte.

Eu teño que dicir cando se me fala de submisión a cambio de xubilización, estou seguro que o señor Presedo non concorda con esa inter-

pretación. Eu recordo que naquel tempo que falaban de queimadas xigantes íanme queimar a min en seis meses, pero eu por agora non noto no meu pelexo queimada de ningunha clase. Imos ver se empezamos a falar en serio porque non é entroido todo o ano.

Hai que empezar a falar en serio, e eu non lles impoño ningunha ideoloxía a estes amigos meus. Eles, comigo, están defendendo os mesmos principios, que non ideoloxía, pero como é natural as iniciativas da oposición son enormemente respectables e nós aceptámolas nunha proporción pouco frecuente, aínda que debe saberse que o pobo lles votou a uns para toma--las iniciativas e gobernar e a outros fundamentalmente para criticar. Se vostede coñece o Parlamento británico, como sen dúbida o coñece, sabe que alí as iniciativas da oposición se sortean, e tocan catro ou cinco ó ano; aquí non chegamos a tanto porque non somos tan pragmáticos, pero é evidente que para falar deses temas normalmente hai que pasar por ter unha maioría.

E falando de presumir, eu na miña vida presumo o menos que podo, porque creo que o que un pode facer é moito menos do que quixese, do que puidese ou desexase, pero presumir de bloquea--las estradas páreceme moito presumir. Por certo, ultimamente non teño a sensación de que o sigan moito; seguórono moito en Malpica, foi cousa digna de ver a algún de vostedes protexidos polas forzas de educación, pero máis ca esas "movidas" dos bloqueos creo que a Galicia fanlle falta outras cousas.

Dise que na defensa da lingua non valen nada os cursos que fai a Consellería de Presidencia. Nunca se fixeron tantos cursos abertos a todo o mundo, nunca se traballou tan seriamente na expansión administrativa na Administración da Xunta, nos tribunais, nos concellos. Pero é evidente que os cursos de algo serven, ou se non, ¿para que se fan?

Fíxose unha referencia demagógica ó tema do comercio. Nós, como é natural, estamos absolutamente cos pequenos e medianos comerciantes --pronto terémo--lo congreso de autónomos--, pero o que non podemos parar é o desenvolvemento normal nin deixar de prepararnos para o grande momento do ano 1993.

Veñen os vellos tópicos das transnacionais. Eu o que sinto é non ter máis Citroen. Alguén dicía estes días que damos preferencia ó emprego; naturalmente. Pero neste momento imos cara a un mundo no cal o importante é a riqueza que se crea e a distribución lóxica de que non sexa o traballo o que vaia detrás do capital, senón o capital o que vaia detrás do traballo, non movendo a xente do seu sitio.

Polo tanto, sobre estes temas non podemos estar de acordo. Eu o que espero é que moi pronto haxa transnacionais galegas traballando noutras partes de Europa.

Dise que nós silenciámos sobre Europa. Non é verdade. Dixémo--lo que desde un Goberno autónomo se pode facer, estamos traballando seriamente, estase adquirindo algún liderato, e nos próximos meses haberá reunións importantes en Santiago do Arco Atlántico, do Grupo Popular Europeo e doutras organizacións. Pero hai que recordar que o Mercado Común nos pode gustar ou non, podemos ter reservas --eu teño algunhas sobre como se negociou--, pero é unha realidade, unha realidade mellorable. Un pode dicir "eu non quero saber nada diso". Hai moita xente que vive así, pero é un mundo infantil, é un mundo de nenos soñar co que un quere. Nós neste momento sabemos que Galicia necesita adaptarse a Europa e non ten máis remedio que facelo.

Como é natural a estas alturas, falar de que algúns cambiaron lealdades por ideas cando están os tribunais polo medio é tamén unha certa arrogancia.

En canto á lei e ó decreto, eu

desafío --e naturalmente a forma de contestar a este desafío é recurrir polos medios oportunos ó Tribunal Constitucional-- a que un só dos nosos decretos non estea dictado dentro das nosas competencias. O que digo é que facer por lei o que se pode facer por orde ou por decreto é unha perda de tempo e de esforzo.

A Policía autónoma vai ser unha verdadeira Policía autónoma, pero vai ter gaiteiros --téñao por certo-- que a acompañen en todo acto galego dalgunha importancia.

O Instituto Galego de Crédito é unha idea, como outras, que corresponde a unha visión do sector público que eu non comparto. Pero recórdolle ó honorable representante do Bloque que os cartos hai que devolvelos e que un banco non inventa diñeiro; se é o banco emisor si, pero por agora, mentres non consigan vostedes esa soberanía fóra de España ou fóra de Europa, non deben pensar niso.

Finalmente, teño que dicir que sobre o impacto da guerra do Oriente Próximo vostede sabe, porque coma min le a prensa cada día, que tamén puidemos oír diferencias importantes de criterio entre o Ministerio de Economía e o Banco de España. Eu non teño presa especial porque non sei o que a guerra vai durar, nin sei algúns dos resultados da mesma. Sei que con guerra ou sen guerra estamos no medio dunha crise económica importante; sei que neste momento os americanos aceptan a idea dunha recesión aínda que digan que é suave e só por seis meses. O que si lle quero recordar é que con toda a simpatía que eu lle teño, e ninguén ten máis ca min neste momento polo pobo de Irak, sacrificado tal vez polos seus dirixentes, Irak non é un exemplo de país pobre. É un país que ten dous ríos como o Tigris e o Eufrates, que para min os quería eu porque son máis có Miño e o Ulla, e, por outra parte, é un país que ten petróleo, e se gastase en petróleo o que gastou en tanques --cousa que

estou seguro que vostede non recomendaría--, naturalmente outro galo lles cantaría.

Refírome agora á intervención do señor representante de Esquerda Galega. O señor Nogueira cítase a si mesmo frecuentemente. Eu creo que é moi perigoso escoitarse a si mesmo; en política é unha das cousas peores que lle pode pasar a un. E repetiu aquilo de que eu son presidente, aínda que un mal presidente. Que son presidente parece que está á vista, pero que sexa un mal presidente comprendo que o diga o señor Nogueira, porque ata que el o sexa non vai atopar ningún bo, e quedalle tanto tempo para iso --penso que poucos galegos nos seus plans políticos consideran esa hipótese como probable-- que naturalmente o seu xuicio é inevitable.

Gústame moito o paralelo co marqués de Bradomín. Eu son católico, son feo e son sentimental, de modo que podía aceptalo como compromiso tal cal. Pero el faime conservador, rexionalista e populista. ¿Por que non? Teño que dicir que nun xesto que lle honra --porque o señor Nogueira tenos de vez en cando-- púxome unha carta hai uns días de alta felicitación en relación coa exposición de "Galicia no Tempo". O que hai alí é o que temos que conservar. ¿Quero eu conservala vella maneira de labrar? Evidentemente non. Quero conserva-lo que paga a pena, aínda que para facer-lo novo nos baseemos no antigo, como fixeron os anglosaxóns e os xaponeses. Pero a mellorar Galicia e a modernizala, el sabe moi ben que non me vai gañar niquén.

"Rexionalista". Eu uso esa expresión porque é de contido europeo. Evidentemente, eu non renuncio ó carácter de nacionalidade histórica, pero creo que somos unha rexión de España, somos unha rexión de Europa, somos unha rexión do mundo, e traballar sobre esa base, como fixo don Alfredo Brañas, non é perde-lo tempo.

"Populista". Pois mire vostede,

¿que se vai ser? Nos tempos nos que vivimos ou se está co pobo ou se está contra o pobo, ou se está fóra do pobo. O rei Sabio nas Partidas, que seguen sendo un documento moi importante, por certo traducido ó galego xa na idade media, nese texto admirable di algo así como: "Coidan algúns que o pobo é a xente menor; o pobo somos todos, é o que conta". Eu procuro estar aí e, naturalmente, non creo parecer débil, ben ó contrario, mire vostede para eses bancos e verá que o pobo quere estar representado, e o outro son respectabilísimas minorías.

¡Menos mal que reconece que non mordo, ata aí podíamos chegar!

En canto á gastronomía un pouco de respecto, é un recurso turístico importante. Eu como teño propensión a engordar procuro cultivala o menos que podo, pero vostede sabe moi ben que eu a onde vou comer con gusto é a unha palloza nos Ancares, a unha casa de pescadores na Costa da Morte, a unha casa de madeireiros, aí é onde eu aprendo e practico esas gastronomías, que son as que me interesan. E se hoxe non falo tanto de garbanzos é porque os galegos comemos poucos, pero de grelos pódeme falar canto queira, non teña dúbida ningunha.

O tema da autodeterminación xa foi obxecto de debate nesta Cámara, creo que é un tema absolutamente superado. ¿Trátase de dicir que Galicia teña tódalas competencias? ¡Pois, naturalmente! ¿Trátase de quen define esas competencias? ¡Pois o dereito, a Constitución o Estatuto e a lei!

E verdade que me preocupa a dinámica da poboación. Eu téñolle que dicir que ese problema non se explica unicamente por razóns económicas. O movemento natural da poboación no ano 90 foi: nacimentos, 10.625; defuncións, 13.854; perdéronse 3.229 persoas. A taxa de natalidade é do 3,7 por mil, unha das máis baixas de Europa, aquí temos que falar de problemas morais, de problemas familiares e doutras

cuestións, pero, desde logo, esa explicación por si soa non vale.

Vostede bromea sobre que eu asumo responsabilidades de Estado. ¡Naturalmente, dinmo a Constitución e mailo Estatuto! Eu son, mentres queira o pobo galego, o representante ordinario do Estado, esa é unha importantísima responsabilidade, como a ten na súa competencia igualmente un alcalde.

En canto a que o Parlamento non exerce as súas funcións, estes días publicáronse datos moi importantes e axeitados que revelan que este Parlamento ten en sesións plenarios, en sesións de comisións, en comisións extraordinarias, en números de preguntas e interpelacións a marca de España; isto quere dicir unha marca de oportunidades lexítimas para a oposición, e teño que dicir que a Presidencia do Parlamento, como é a súa obriga, está desempeñando perfectamente o papel de lle dar tódalas oportunidades á oposición.

Nunha cousa concordo co señor Nogueira, co seu eloxio ós empresarios galegos e, en xeral, á nosa sociedade civil. E evidente que todos acertamos cando rectificamos, e eu tamén --eu aprendo tódolos días--, soamente que algúns dáme a sensación que teñen que rectificar un pouco máis para poñerse dentro das correntes políticas con posibilidades.

Remato referíndome á intervención do señor representante de Coalición Galega. Falounos de política arrogante pero submisiva, de que o país non funciona, di que non hai programa lexislativo, pero estendeuse, quizais de máis en expresións como "compra de vontades ou de alcaldes mercenarios", que eu creo, con todo respecto á liberdade de expresión desde esta tribuna, que están fóra non só de toda realidade, senón do respecto mínimo ás normas de cortesía parlamentaria.

Quero dicirlle ó señor Castiñeiras que neste punto conviría ter

un pouco de coidado, porque transfuguismo é que ó día seguinte dunhas eleccións, ou nos meses, seguintes membros do grupo máis votado se vaian con outros a un hotel a pactar en contra da vontade do pobo, e aí penso que son moitos os que terían que dar explicacións ó seu respecto democrático.

Acórdome daquel conto dun paisano que foi á misión e o veciño que non puidera ir preguntoulle: "¿De que falou o crego?". "Pois, falou do inferno, do purgatorio". "¿Ben, e que dixo?". "Pois, eu non sei, pero saqueille a conclusión de que un pouco ou moito todos temos que ser algo chamuscados". Señor Castiñeiras, aquilo si que era transfuguismo, pero que neste momento partidos que pola razón que sexa, no proceso natural de converxencia que produce a evolución política, cando se acercan unhas eleccións e polo tanto se van someter ó voto dos concidadans pensen que a mellor maneira de servi--lo seu pobo ou á súa sociedade é incorporarse ós grupos máis aceptados, en función xustamente de boas xestións, penso que é completamente normal. Volvo dicir que calquera outra referencia non se pode tomar en serio, e moito máis, hai que dicilo, vindo de quen vén.

Función pública. Pois, si señor, nunca se traballou tanto por organizala; o conselleiro da Presidencia non fai outra cousa. A Escola Galega da Función Pública --da que quedou un bo edificio, pero máis nada-- está traballando a tope. Nunca se fixeron, repito, tantos cursos. Pero é normal para certos temas os estudos de empresas privadas; como o é a utilización de peritos para constatar que non é a Administración a que fixa os criterios, evítanse gastos innecesarios, axilízase a inspección administrativa; para constatar un feito non fan falta funcionarios, basta cunha acta notarial. Neste momento estamos traballando seriamente na función pública e nos seus regulamentos.

Política de corredoiro. Mire vostede, xa non quedan moitas corredoiras nin moitas silveiras. Eu quero dicir de novo que o labor exemplar que se está a facer desde a COTOP, e desde o comité de cooperación local, que ten unhas características de obxectividade e seriedade, onde participan tódalas deputacións --e non todas teñen o mesmo signo político--, é algo que creo que marca unha era de maior seriedade.

Do INSALUD xa falei antes, e non vou volver falar. Pero xa que o señor Castiñeiras cita as enquisas a medias, conviría que as citase enteiras, porque no caso que as usou, que é no dos incendios forestais, evidentemente aí non cantan as enquisas, cantan as hectáreas, e o resto da enquisa sabe perfectamente o señor Castiñeiras o que di.

Referiuse finalmente ó turismo. O turismo é un asunto no que, modestamente, creo que xa demostrei algo de competencia. Eu dígolle que neste momento se está a traballar na creación de hostelería, na promoción, gañando o primeiro posto no concurso de FITUR, na promoción exterior por tódolos medios.

Cando falaba do turismo das rías, as fins de semana non fago máis que entregar barcos intelixentes, promove--los clubs, levar a todas partes os recursos, para que dentro de pouco os nosos clubs --e algún deles xa está nese posto--, teñan o carácter mundial que atraía ese tipo de turismo.

O plan de comarcalización está funcionando, a Comisión está creada, hai catro comarcas experimentais, unha en cada provincia. O banco de datos está funcionando na Dirección Xeral correspondente. Pero, en definitiva, eu entendín perfectamente a mensaxe: igual que había aqueles personaxes esperando a Godot, Galicia está esperando a Coalición Galega, e nese momento os problemas estarán resoltos.

Señor presidente, señoras e se-

ñores deputados, volvo a onde comecei. Tivemos un moi interesante debate xeral. Agradezo tódalas intervencións, das cales tomei nota puntual, e algunhas delas posiblemente me serán dalgunha utilidade para o labor de Goberno que, hoxe por hoxe, non podemos declinar, porque o pobo galego confiouno e ó seu servizo estamos. Pero eu neste momento, quizais demostrando a miña inxenuidade, o que quería é que nos anos próximos o balance fose tan bo como este.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Ten a palabra o voceiro do Grupo dos Socialistas de Galicia.

O señor SANCHEZ PRESED: Señor presidente, señorías, quería pedir-lle ó señor Fraga que ese desexo tan aclamado polo Grupo Popular non se estendese polo menos á taxa de creación de emprego, ou de paro rexistrado, que non siga aumentando, ou que a desaceleración económica que se está a producir en Galicia non se siga acentuando, ou que sigamos, desde o punto de vista social, sen prestar atención ás necesidades sociais do país, ou que renunciemos a solucionar--los problemas ambientais.

A min paréce-me un exceso de triunfalismo que se culmine unha intervención con menos esixencia da que o Goberno debía ter. O Goberno debe esixirse máis e pode esixirse máis. Creo que o Goberno está en condicións ante da sociedade galega de chegar a esta tribuna non para facer un exercicio de triunfalismo, senón para comprometerse activamente no futuro a traballar aínda máis arreo na solución dos problemas do país.

Porque eu onte, cando escoitei o discurso do presidente, tiveron unha sensación moi clara. O presidente anunciara que ía dedicar

aproximadamente o 15% da súa actividade á política exterior, e eu dixen: "Pois, nada, tocounos no Parlamento ser dese 15% de política exterior"; realmente non se aborda o miolo dos problemas de Galicia, as preocupacións concretas dos homes e das mulleres de Galicia, e tivo que ser hoxe na contestación, a ton co contrapunto das posicións que ía situando á oposición dentro da Cámara, cando o presidente comezase a realizar algunha reflexión sobre os problemas auténticos do país.

Non nos diga, señor presidente, que isto é unha etapa de catro anos. Se é unha etapa de catro anos, non nos diga entón que o mérito dos incendios forestais é o mérito do seu Goberno, porque se iso o conseguiron ós seis meses de estar no Goberno, ¿é o mérito do seu Goberno ou resulta que hai un esforzo importante realizado polo Goberno anterior? Se hai que esperar catro anos para ver resultados, entón que se espere en todo. Pero aquí non vale para unhas cousas esperar e para outras cousas apuntarse os tantos. Aínda que eu lle podo dicir que o Grupo Parlamentario Socialista, ó longo de todo o ano 1990, o viu inaugurando obras iniciadas polo anterior Goberno e nunca protestou; pareceunos normal que nunha democracia un Goberno inaugure as obras que se culminan na súa etapa, aínda que fosen iniciadas nunha etapa anterior. Diríalle máis, creo que as principais obras que se puxeron en marcha en Galicia en 1990 son obras iniciadas durante a nosa etapa de Goberno.

Este foi un debate que a oposición conseguiu hoxe situar no corazón dos problemas de Galicia. Pero chegou aquí o conselleiro, portavoz do grupo maioritario, dicindo que o señor presidente elaborara un bo corpo doutrinal. Se do que se trata é de que neste país haxa moita doutrina, eu diríalle que este país non vive de doutrina. Loxicamente necesita ideas máis ca doutrina. E respecto das doutrinas o señor presidente xa o dicía: "Non se debe

falar nin de progresista nin de conservadores, hai que xulgar polos feitos", e estamos de acordo, pero entón que ninguén veña aquí dicindo que o presidente elabora un corpo de doutrina e que iso é o que hai que ofrecerlle á sociedade galega, porque esa non é a solución; o que lle hai que ofrecer son resultados ós problemas, e falar de corpo doutrinal a verdade é que a min sóame un tanto rancio.

Vou dicir unhas palabras por cortesía, por cortesía de oposición, sobre algúns temas de carácter sectorial que tratou o presidente, e logo quería completa-la miña intervención cun par de reflexións sobre algún dos temas que onte formulou o presidente, que tamén merecen unha consideración do grupo maioritario da oposición.

En materia de persoal, vostede aumentou moito máis o capítulo de gastos cá Xunta anterior, pero cun agravante moi importante. A Xunta anterior fixo dúas operacións que elevaron substancialmente o capítulo de persoal: primeiro, introduciu nos presupostos da Comunidade Autónoma a Universidade, que loxicamente ten unhas partidas bastante considerables; e en segundo lugar, procedeu á normalización dos soldos de tódolos funcionarios. Iso comportou un aumento, pero vostede superouno sen recibir polo de agora maiores transferencias --non hai máis transferencias--, nin realizar ningunha operación de normalización salarial. Entón, que se nos diga a nós que existe unha política de austeridade non se corresponde coa realidade; iso pode ser un desexo político, pero non unha realidade de Goberno, e aquí hoxe hai que falarlle ó pobo galego das realidades do Goberno.

E que se fale de que é unha Comunidade con pouca carga de débeda, é porque a débeda que vostedes están facendo non se está pagando aínda, cando se emita pagarana as xeracións futuras. Por iso dicimos que como vostedes non deciden recortar uns gastos, teñen que aumen-

ta--la débeda e pasárlle--lo o custo da súa falta de decisión de Goberno ás xeracións futuras. Ese é o problema da débeda. Eu dígolle que Galicia é a terceira Comunidade Autónoma de España con máis débeda, e non é a terceira en poboación. Esa é a situación no día de hoxe, e o aumento espectacular da débeda foi no seu mandato.

Podiamos falar de agricultura. Simplemente lle vou dicir que o modelo agrícola debe ser modernizar este país, non se trata simplemente de facer unha purga de poboación, de eliminar poboación do campo, e se se preocupan pola agricultura de calidade parécenos ben, pero non soamente se limiten a continua--lo noso traballo, propoñan vostedes tamén iniciativas.

En materia forestal está ben, apúntense os éxitos, pero vostede sabe que en seis meses non se pode solucionar soamente coa acción deste Goberno. Hai un capital acumulado, e a maior acumulación de capital da etapa anterior fíxoa o Goberno no que estaban os socialistas, iso é unha realidade. Pero, en calquera caso, hai que ser prudentes e nós chegamos aquí tendendo a man. En materia forestal ofrecemos un consenso estratéxico para o país. Hai que ser prudentes por unha cuestión. Se nós entrasemos no tema das bandas organizadas, poderíamos incluso formular: mire, pero cando estaban máis organizadas non era cando gobernaban vostedes; e non imos facer un xuicio de intencionalidade, entrar niso é moi perigoso. O que pretendemos é non dividi--la poboación galega, e vostedes no tema dos incendios estiveron tratando de facer un elemento de confrontación política. Nós queremos que sexa unha política de consenso.

En materia de pesca, mareas vermellas hainas en moitos sitios --parece que só existen en Galicia--, está ben que se informe, pero non que se alarme, hai que ter responsabilidade neste tema porque nos estamos xogando co prestixio

dun sector que actúa profesionalmente.

En industria, en ASTANO houbo que afrontar unha situación de reconversión industrial. Pero dígolle unha cousa: os problemas da reconversión industrial neste país foron a mediados da década do 75, o que pasa é que non se abordaron. Vostede era vicepresidente do Goberno neses momentos. E claro, nós tivémolos que abordar e prestámoslle un servizo a este país, ¿que ocorre?: que é unha experiencia traumática, porque é necesario tratar de cambiar--la correlación da situación. Por iso dicimos que nos informen dos proxectos alternativos, non con ánimo de opoñernos, senón de coñecelos, e se hai algo valioso poder respaldalo, pero que non se creen expectativas e que logo aquí non se dea contestación.

En materia de educación, non estou de acordo en que a teoría sexa que as familias se deben sacrificar. As familias deben ter dereito a unha educación gratuíta de calidade, e, loxicamente, tódolos pais teñen dereito a buscar para os seus fillos, dentro das súas posibilidades, o centro no que queiran que estudien, iso é normal.

Non basta con dicir que se lles quere a Lugo e a Ourense, hai que poñelo con cifras e en datos, e en educación Preescolar de 209 axudas foron 39, e o que non se comprende é como se realiza esta política e simultaneamente se eliminan 47 unidades de Preescolar; son datos que vostede debería saber, porque se eliminaron, e podo relatar tódalas ordes concretas para que se poida comprender esta situación.

En materia de vivenda, tiña moitas gañas de dicir algo de Fontiñas. Primeiro, en Fontiñas hai calefacción, o que ocorre é que o que se vai poñer é unha calefacción comunitaria, había unha calefacción individual ¿Por que había unha calefacción individual? Porque considerabamos que sendo unha promoción social non se debía gravar unha co-

munidade de veciños cunha carga tan importante fixa ó mes, e entón era mellor que cada un gastase a electricidade que quixese, pero tiña calefacción individual, agora puxeron calefacción colectiva. Moi ben, a reivindicación dun grupo, vai supoñer 700 millóns de pesetas cambiar--la calefacción, que non vai mellorar--la calefacción cédesse a unha presión, e pode haber logo problemas de axuste constructivo; supón 700 millóns de pesetas. ¿Pero vostedes saben que se negaron a construír en Vigo 3.000 vivendas por 500 millóns de pesetas? E dicir, dáselle a Fontiñas 700 millóns máis para duplicar un servizo que xa tiña, creando problemas de gastos correntes, pois van ter que pagar gastos de comunidade, e resulta que en Vigo déixanse de promover 3.000 vivendas por un desfasamento de 500 millóns de pesetas. ¿Esa é a política?

En materia de sanidade, creo que hai un dato preocupante --non vou insistir porque non quero cansar ás súas señorías--, e é que a evolución presupostaria da Xunta de Galicia vai por debaixo da evolución presupostaria do Estado, corrémo--lo risco de que os recursos que chegan a Galicia se introduzan nun vehículo que vai máis lento có resto do Estado, e había que negociar mellor, pero iso creo que vai ser obxecto doutro debate.

En política ambiental, a clave --e nós fixémo--lo maior esforzo en poñer colectores en Galicia, superamos máis da metade--, ¿sabe cal é? A clave son os centros de tratamento de residuos, porque se non os temos podemos limpar--los residuos, pero é o mesmo que esa ama de casa que o que fai é varre--la casa e mete--lo lixo debaixo da cama. Mentres non existan centros de tratamento o tema non se resolve, e vostedes o que non afrontan é a construción deses centros. Ese é o problema. Polo tanto, pódense dar boas palabras, pero o único que están facendo é metendo o po debaixo da alfombra. O que lles pido é que sexan responsables, teñen un plan,

lévenos a cabo, e faranlles un servizo ó país.

Hai dúas cuestións simpáticas. En materia de Policía non agardaba menos de vostede ca que a Policía autonómica tivese gaiteiros. Simplemente espero que o ministro do Interior non considere que é a mellor receta para resolver os problemas de seguridade.

En materia gastronómica quero dicirlle que non temos nada contra a gastronomía, parécenos moi importante, pero se reformámo-lo regulamento, teremos que pensar se a fórmula para falar con vostede é a gastronomía; teremos que meter algunha sesión gastronómica dentro do Parlamento, e así poderemos ter a oportunidade de intercambiar algunha impresión.

Eu quería referirme a dúas cuestións, para finalizar. Ese concepto de autoidentificación, que se limita á lingua ou á cultura, para min ten que ter un contido moito máis global; a identificación afecta a todas as actividades dos galegos, esa forma de ser, de carácter xeral.

Nós estamos dispostos a que se adopten todas as resolucións para que o rango da lingua galega teña a máis grande proxección a nivel galego e a nivel internacional. Gustaríanos deixar constancia de que esa iniciativa fose subscrita conxuntamente por todos os grupos parlamentarios. Parécenos que podería ser importante. Pero no tema do galego hai que abordar unha cuestión, e é a compañía de Radio Televisión de Galicia. Vostede no seu discurso de investidura dicía que un dos instrumentos culturais máis importantes, non só pola súa capacidade de penetración na sociedade galega, senón dun xeito especial por constituí-lo medio máis idóneo para a difusión e a expansión do noso idioma e da nosa cultura, era a Televisión Galega, e vostede falaba de dilapidación. O meu xuício, había aí dous obxectivos: potencia-lo papel da Televisión, pola súa

capacidade difusora --vostede dicía de "penetración", un termo que non me convence moito--, e, por outra parte, o tema da dilapidación.

¿Cal é o balance ó cabo de un ano, antes de que comezasen as privadas?, porque dentro de pouco a culpa de todo vana ter as privadas. O ministro de Transportes dicíame: "O mellor que lle puido pasar á Televisión Española foi crear as televisións privadas, porque hoxe goza do máis alto prestixio"; problema que dentro de pouco aquí coa Galega é probable que sexa o pretexto para unha situación contraria. ¿Que pasa coa Televisión Galega?, pois de cada tres espectadores perdeu un, nun ano.

En segundo lugar, vostede dicía que había estrago. Pensabamos que ía conxelar os presupostos, e con esa conxelación facer máis cousas, pero multiplicounos. Se hoxe quixemos calcular o custo por espectador, de cada peseta que gastabamos antes por espectador, hoxe gástanse dúas e media. Esa é a capacidade de penetración e a dilapidación de recursos: diminuír de cada tres un, e aumentar os gastos dúas veces e media en relación ós espectadores. Falar do galego fóra de Galicia, e non preocuparse dese medio tan importante dentro do noso país, parécenos que é un bo discurso político, pero non é unha boa solución.

Transfuguismo. Non me gusta o transfuguismo. Respecto ós transfugas de conciencia, creo que hai que respectalos, como demócratas. Sabemos que non hai un mandato imperativo no Parlamento, e como demócratas iso responde ó respecto á conciencia persoal.

Pero detesto o tráfuga de conveniencia, hai que acabar con eles. Non quero facer diso un debate agre de confrontación, creo que iso debería formar parte dunha cultura democrática. Só lle pido unha cousa: non deixe que os seus conselleiros se luzan ó lado dos que fan o transfuguismo. E segunda cues-

tión: o maior servizo que lle pode prestar a Galicia --porque ó final o transfuguismo é unha enfermidade, unha enfermidade política dun país-- é dicirlle: "Miren, calquera obra que enuncie calquera conselleiro, ímola levar a adiante, goberne quen goberne nese municipio, non imos discriminar". Iso é o que vostede ten que dicir como democrata. Non soamente as obras que apadríñe fulano de tal, senón que a Xunta vai responder de todas, e que os cidadáns voten libremente a persoa que consideran máis capacitada para leva--los temas no seu Concello.

Finalizo co tema europeo e o tema do Senado. Realmente era interesante escoita--la súa intervención. Falaba do principio de subsidiariedade, e este é un principio que está recoñecido xa, tanto na reunión da conferencia dos parlamentos das comunidades, celebrada en Roma, o mes de novembro, coma nas propias conclusións da Presidencia que celebra o Consello Europeo en Roma. O tema da participación rexional está tamén nas conclusións das dúas reunións, e será necesario ilo concretando. O que non me parece que encaixe é que vostede fale dunha Europa das rexións, e logo cando propoña a reforma do Senado, fale dun Senado de provincias e de rexións, iso non responde á mesma lóxica. Creo que debería existir unha lóxica común. Se o Senado é a Cámara das comunidades autónomas, se se formula unha reforma, débese ser coherente, e se Europa é a Europa das rexións, non lle dea un trato distinto a España do que pida para Europa, porque senón as súas propostas non son coherentes, e non casan.

No tema do Senado, eu diríalle que sería máis prudente --porque sempre é delicado cuestionar un aspecto da Constitución, aínda que sexa parcial-- que estas cuestións se fixesen por consenso. Nestes momentos existe unha Comisión que vai tratar de aproveitar ó máximo as potencialidades da Constitución, imos tratar de aproveitar tódalas

potencialidades, e unha vez que cheguemos alá, decidiremos se é suficiente ou non é suficiente.

Eu creo, señorías, que este ano, desde o punto de vista da responsabilidade de Goberno, foi un ano no que os galegos quedamos con ganas de ver moitas máis cousas. Houbo cousas que fixeron, algunhas delas insisto que estaban feitas con anterioridade, pero creo que o resultado deste debate é que todos seguimos agardando moito máis deste Goberno, e se quere aprobar vai ter que esforzarse.

Moitas gracias.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Sánchez Presedo.

Ten a palabra o voceiro do Grupo do BNG.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente señorías, está visto, despois do desenvolvemento deste debate parlamentario, que máis ca nunha información sobre o estado da Autonomía se converteuse nunha sesión ou nunha moción de censura a teor das distintas intervencións dos diferentes grupos parlamentarios. Digo dunha sesión que debía ser para analiza--lo estado da Autonomía, e ó Bloque Nacionalista Galego non lle gusta precisamente a palabra. Agora parece ser que se puxo de moda confundir Autonomía con nación, e incluso, con algunhas rexións. Mesmamente, o señor que nos dá o parte meteorolóxico moitas veces afirma que vai chover en determinadas autonomías e noutras vai facer bo tempo. Nós non estamos dispostos a confundir algo que é un concepto, precisamente cunha determinada demarcación territorial.

Señor Fraga Iribarne, en primeiro lugar agradézolle que me dese a distinción de venerable, e, en segundo lugar, o Bloque Nacionalista Galego sentiríase moi orgulloso

de amargarlle a reunión ó señor Fraga, parodiando esa anécdota que nos contou, dun antigo lord de Inglaterra, nun momento determinado.

Afirmou tamén que, a pesar das súas viaxes, lle sobran horas para estar no debate. O Bloque Nacionalista Galego, a través da miña persoa, non lle censurou ó señor Fraga Iribarne que faga viaxes por Galicia, nin que faga viaxes polo exterior, o que lle censurou é o contido desas viaxes, que se reducen exclusivamente a puras campañas electorais, a puras campañas políticas, pero sen poñer na axenda, para tratar con aqueles mandatarios cos que se relaciona os problemas que ten o noso país neste momento, que nos afectan moi directamente, como pode se--lo tema da agricultura, da nosa pesca ou das nosas pequenas empresas, moitas delas obrigadas a pechar.

Vostede prefere a estabilidade política galega, que conseguiu durante o seu Goberno, porque conta cunha maioría absoluta parlamentaria, pero precaria, e nós temos que dicirlle que o Bloque prefere a responsabilidade á estabilidade.

Cando fala do crecemento presupostario que houbo na agricultura, a estas alturas nós non sabemos aínda como quedaron definitivamente os presupostos aprobados a principios deste ano, presupostos referidos ó ano 1991. Pero xa daquela o Bloque Nacionalista Galego e outros grupos parlamentarios denunciaron que o capítulo VI, o capítulo de investimentos dentro da agricultura, tiña un crecemento negativo, con relación a outras partidas presupostarias, nos presupostos do ano 1991. Se, efectivamente, vostede coída que a redución de man de obra dentro da agricultura significa un síntoma de crecemento da nosa economía, nós non podemos interpretalo desa maneira, porque xa sabemos que, ó longo da historia, se reduciu a poboación activa dentro da agricultura, pero con base precisamente na emigración, e non porque esa poboación activa fose ab-

sorvida por sectores económicos máis dinámicos dentro do propio país. Neste momento, cando están pechadas as portas a esa emigración, pode ser que haxa unha redución precisamente a través dunha economía subsidiada.

Fálanos de que existe o Plan forestal de Galicia, pero nós temos que mostrarlle o libro que nos acaba de envia--lo señor conselleiro de Agricultura, e eu xa na miña primeira intervención me referín a que este non era un plan forestal de Galicia, senón o documento das bases para a súa elaboración, porque non se pode considerar como un plan definitivo aquel que fala dos criterios básicos da política forestal en Galicia, de cales deben de se--las bases nas que se debe fundamentar este plan forestal. Polo tanto, de momento non temos aínda o Plan forestal de Galicia.

Eu utilicei na miña primeira intervención a imaxe de chamarlle un plan de estradas a unha serie de estudos que se dedicasen a estudia--la intensidade de tráfico que soportan determinadas estradas do noso país, para a continuación aplicar unha política de vías de comunicación acorde con esta intensidade de tráfico. Polo tanto, non hai plan, aínda non hai plan forestal de Galicia.

Falounos tamén de que non existe violencia no marisqueo, pero as mariscadoras da ría do Burgo están limpando neste momento a ría polo petróleo que verte nela a empresa Kelsa. O señor conselleiro de Pesca --seguramente non lle deu información a este respecto-- está falando en declaracións públicas nos medios de comunicación que existe a necesidade de reducir neste momento 15.000 postos de traballo no marisqueo. Ben, en todo caso habería que preguntarlle ó señor Fraga Iribarne, e preguntarlle tamén ó señor conselleiro de Agricultura, que pensa facer con esta man de obra excedentaria, nun sector económico importantísimo para o noso país.

Quizais poida interpreta--lo señor Fraga, ou poida interpreta--lo señor conselleiro de Agricultura, que isto significa unha maior tecnificación dun sector económico importante para o noso país. E cando se aplica tamén o criterio discrecional de que se os investimentos feitos na provincia de Lugo e na provincia de Ourense --ou sexa nas provincias non do interior, como lle chaman algúns, porque a provincia de Lugo ten tamén unha parte da súa superficie metida na costa--, é porque teñen un número maior de habitantes.

A min neste momento vénme á memoria aquel argumento utilizado pola anterior Xunta de Galicia para denegarlle un instituto á vila ourensá de Maceda. O argumento utilizado era que ese municipio contaba cunha poboación decrecente. Efectivamente, seguirán decrecendo tanto os concellos de Maceda coma as provincias de Ourense e Lugo se a Administración pública non fai os investimentos necesarios para reter alí a súa poboación garantíndolles un futuro económico. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego non comparte os criterios do señor Fraga Iribarne.

Infórmome, por fin, desta cuestión, porque antes a través dos medios de comunicación o único que recibimos é que o señor Fraga fora a Inglaterra para en Gales poñerse ó corrente de que había que privatizar aquí os servicios da auga. Non sei se, efectivamente, trataría este problema co subsecretario que o recibiu, e non sei se era unha autoridade competente para poder falar da Merchant Shipping Act. De tódolos xeitos, neste momento o problema da pesca está sen resolver, o problema da Merchant Shipping Act está sen resolver.

O señor Fraga na súa resposta, quizais, copiou do seu conselleiro de Presidencia, porque cando nós traemos a esta tribuna o problema da política seguida pola actual Xunta de Galicia con relación á normalización do idioma, sempre nos

salta o señor conselleiro que se están celebrando moitos cursos e recontracursos. Mesmo na discusión do presuposto, cando observabamos que partidas presupostarias dedicadas á normalización do galego na Administración de Xusticia e na Administración local decreceran con relación ó ano anterior, o conselleiro dicía que isto se ía suplir a través dos cursos levados a cabo pola Escola da Función Pública. Estamos outra vez na mesma; agora díno--lo o señor Fraga: "Estamos celebrando moitos cursos e de algo servirán".

Pois, mire, señor Fraga, paréceme que os cursos que está celebrando a Xunta de Galicia neste momento non serven de nada, porque este documento ó que acabo de referirme, e que vostede mencionou antes que lles fora remitido ós distintos grupos parlamentarios, está escrito totalmente en español, e están incumprindo un mandato establecido no Estatuto de autonomía de Galicia que establece como obrigados poderes públicos o fomento do noso idioma e a súa utilización en tódalas administracións públicas e en tódolos ámbitos da vida social. Polo tanto, non valen para nada eses cursos.

E cando di que está disposto a sacrificar a eses comerciantes porque estamos a punto de entrar na Europa do 93, están incluso violando leis que non foron aínda reformadas, porque a apertura dos horarios comerciais durante a época do nadal do ano 1992 fíxose en contra, violando as normas establecidas na Lei galega de comercio interior. Se, efectivamente, vostedes, porque estamos ás portas do ano 1993, queren abrílle--las portas definitivamente ás transnacionais, reformen esa lei, pero mentres tanto teñen que cumprila.

Non lle vou falar xa, porque se me rematou o tempo, da Policía autonómica. Efectivamente, dirá que será unha Policía con gaiteiros. A min, desde logo, gustaríame moito. Así como o exército británico uti-

liza á fronte das súas filas ós gaiteiros escoceses, a nós tamén nos gustaría levar diante dos nosos exércitos --nós que non somos partidarios dos exércitos-- un desfile de gaiteiros.

Agora ben, quizais precisamente por non espera--lo prestixio da lei, o señor Fraga Iribarne é capaz de crearnos esta Policía Autónoma a través dun decreto. Xa antes lle amentei que a creación da Policía autonómica é unha competencia recollida no noso Estatuto de autonomía, no seu artigo 27, e para desenvolver unha competencia establecida no Estatuto de autonomía é necesaria unha lei, e o noso regulamento ordena que sexa unha lei aprobada por maioría absoluta. De momento, a única lei que temos nesta Cámara en tramitación é a dunha academia Galega de Seguridade, unha Academia de coordinación das policía locais, pero non temos constancia de que exista unha unha lei de creación de Policía autonómica. Polo tanto, se vostede a crea, que non o vai face, señor Fraga, se vostede a crea está incumprindo a legalidade vixente.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Alvarez.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, vou insistir no da autoridade política do Goberno galego e do señor Fraga, que eu puxen en dúbida, e insistín na súa debilidade interna, e para facer isto utilice algo que me parece bastante significativo da súa política, designado como "populismo gastronómico". Eu son bo comedor, señor Fraga, e non teño nada contra as nabizas, ese non é o problema, pero nós rexeitámo--la política do grelo, porque xustamente esa política é a que está baseada no clientelismo no reparto do presuposto,

esa política que designa a falta de autoridade, de tal forma que esa debilidade interna se pode volver en contra do proceso democrático galego.

Debo dicir esta referencia en castelán, "quiero que se me entienda bien, señor Fraga", pero os "cacharros" no futuro poden poñer en cuestión a Autonomía. Máis aínda, eu diría que é máis independente o señor Cacharro do señor Fraga que Fraga de Felipe González.

Señor Fraga, como deputado eu escribinlle dúas cartas, a unha delas vostede fixo mención antes, pero non fixo mención á outra que lle escribín durante o mes de agosto, manifestando unha posición en contra da guerra do Golfo e solicitando de vostede unha postura pública como presidente dos galegos e das galegas, para que secundasémo--la exemplar posición de moita xente do noso país e, especialmente, da xuventude en favor da paz.

Escribinlle outra carta sobre "Galicia no tempo" --como deputado tamén--, felicitándoo a vostede e ó seu Goberno por esa exposición, e voulle dicir por que. Eu son unha persoa á que lle gusta viaxar, e moitas veces entrando en San Rosendo de Celanova --como tamén en San Martiño Pinario-- pensei que se San Rosendo de Celanova estivese no centro de París sería considerado como un dos principais monumentos de Europa. Cando vin que en San Martiño Pinario --e tamén felicitei ó conselleiro de Cultura-- se fixo esa exposición, pareceume que fora unha das boas cousas realizadas durante este período autonómico. Só lamento que nesa exposición non houbera máis sociedade civil e menos esplendor, pero, en fin, iso supoño que quedará para outras exposicións.

Tiven especial interese na miña intervención en facer referencia ó proxecto nacional galego fronte ó proxecto nacional español, xustamente para dar conta de que o proxecto que nós defendemos aquí du-

rante tanto tempo, transcende o traballo que poida face--lo señor Fraga, como transcende o traballo feito polos presidentes anteriores.

Nós non cremos xa nun proxecto nacional español, pasoulle o seu tempo histórico. Querémo--la realización do proxecto nacional galego en solidariedade con tódolos pobos peninsulares, baixo unha forma política determinada, pero o lugar onde transcende o proxecto galego xa é Europa, incluso ten unha dimensión máis ampla. Polo tanto, o rexionalismo español como aplicación concreta á política galega é algo que non ten absolutamente ningún futuro.

E cando se di autoidentificación fronte á autodeterminación estase insistindo no rexionalismo español. Para nós a autodeterminación é un proceso pacífico de progresivo autogoberno nunha Europa sen fronteiras. O señor Fraga dixo que a división das competencias estaban na lei e na Constitución. Pois ben, señor Fraga, vostede cando deu esa resposta non estaba respondendo en termos de devolución de poderes nacionais, que é o que eu reclamo, senón que me respondeu como un profesor de dereito administrativo, poñendo ben de manifesto os límites da súa postura. Realmente, Galicia o que necesita é un pleno autogoberno, e ese pleno autogoberno non pode estar xa inscrito nos límites do Estatuto da autonomía, aínda que nós cremos que é desde as institucións galegas, co apoio do pobo, desde onde hai que reclamar un maior autogoberno no futuro, sempre pacificamente.

Señorías, señor Fraga, a cuestión do paro da poboación é algo que nos preocupa a todos. En Galicia non é un problema de cambio de costumes, non é un cambio derivado do traballo da muller ou das relacións entre a parella. No século XVIII Galicia tiña o dobre de poboación que Cataluña. Creio recordar que a principios deste século a poboación galega e a catalana eran semellantes. Hoxe Cataluña ten o

dobre de poboación que Galicia. Non é un problema simplemente de costumes, é un problema político--económico, un problema que ten que ver coa marxinação de Galicia.

Eu non quero que os sucesivos gobernos galegos continúen esa política de marxinação ou a acepten resignadamente. O problema da poboación galega non é de hábitos sociais, é un problema de moita maior profundidade. Neste sentido parece-me que se temos que rete--la cifra dita polo señor Fraga de que en catro anos se van crear 68.000 postos de traballo, e o señor Fraga cre realmente niso, habería que dicir neste momento que padece dunha frustrante ilusión. Porque, efectivamente, non están postas en absoluto as bases para que eses postos de traballo sexan creados, e a xuventude con esta política seguirá parada nos próximos anos, e nós non queremos que estean parados. Porque a creación de postos de traballo faise coa construción de autovías inmediatamente e non para o ano 2.000; coa creación de novos hospitais inmediatamente, e non para dentro de dez anos, e co financiamento actual non poderemos construír novos hospitais máis que endebedándonos; e a creación de postos de traballo faise tamén con novas empresas que neste momento non se están a crear.

Eu sempre defendín a transferencia do INSALUD, incluso en malas condicións, se se quere. Desde o ano 83, este deputado está defendendo aquí a transferencia do INSALUD, insistentemente, moitas veces incluso a custa da amenidade do meu discurso. Eu estou a favor da transferencia do INSALUD, pero, ¿como vou estar a favor de que Galicia sexa a única Comunidade Autónoma discriminada? A única, señorías; é a única que perde de 30.000 a 50.000 millóns de pesetas, ningunha outra padece esta marxinação.

O señor Fraga di que van gañar 134.000 millóns de pesetas en dez anos. Eu podería dici--lo que perdemos en relación coas demais, que

son 200.000 millóns. ¿Pero cre o señor Fraga, que son números demagóricos, que o sistema actual de financiamento do INSALUD vai durar dez anos? ¿Alguén pensa que vai durar dez anos semellante sistema discriminatorio? Eu espero que non; incluso espero que no novo sistema de financiamento este problema quede solucionado dentro de un ou dous anos para que Galicia non sufra semellante discriminación. Polo tanto, creo, señor Fraga, que hai unha certa hipocresía cando se está a falar da transferencia do INSALUD, porque, efectivamente, temos que ter a competencia, incluso diría máis: é mellor tela que non tela nas condicións anteriores, pero a que se ten é profundamente discriminatoria, e isto hai que dicilo dunha forma clara, e se non, non se está traballando a favor dos intereses dos galegos. Tanto é así que a perda cada ano é tanto coma o que imos reclamar de incremento de financiamento autonómico, ¿ou é que o incremento do financiamento autonómico, señor Orza, vai utilizalo unicamente en paga--lo déficit do INSALUD? ¿Vostede considera que vai conseguir 50.000 millóns de pesetas máis cada ano para sufragar--la débeda que temos sistematicamente que emitir?

O señor Fraga non me contestou nada sobre o galego como lingua do Congreso, espero que me conteste simplemente como test da súa credibilidade cando pide que o galego sexa lingua europea. Pode contar co meu apoio para esa cuestión, señor Fraga, vostede sábeo ben. Incluso nos gustaría que houbo un consenso en toda Galicia sobre a lingua, para que pase a ser, como mínimo, o que marca o Estatuto de autonomía, simplemente para iso. Nós estamos dispostos a participar nun consenso sobre a lingua, non sobre outras cuestións, porque sabemos que hai diferencias profundas no noso comportamento; tamén as hai sobre a lingua, pero se asumímo--la nosa propia identidade non debería habelas; hainas se se asumen posturas contrarias á propia lingua e á cultura galega.

Sinto moito non dispoñer de máis tempo e vou rematar. Creo que no futuro fai falta outra política. Dicía ó principio das miñas palabras que nós non queremos desfigurar--lo miolo da política do Goberno. Nós cremos que se debe recoñecer a este Goberno como é na súa política conservadora, rexionalista e populista, xustamente porque o traballo que se fixo durante tantos anos e o que se fará no futuro mostrará ante a sociedade --que é quen ten que reclama--la nova alternativa-- que Galicia debe ser gobernada desde posturas nacionalistas, democráticas e de esquerdas, iso xustifica o noso traballo.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, señorías, moi brevemente para contestar á intervención do señor presidente da Xunta e do voceiro do Grupo Popular, que calificou a miña intervención de negativista. Eu creo que non foi negativista, senón que foi realista; é dicir, nós non imos esixir baixo ningún concepto que un programa para catro anos poida ser cumprido integramente no primeiro ano. Pero o que si é certo e que nós buscabamos esas probas, esas evidencias de que se está a desenvolver un programa, e ata agora o que aquí se expuxo foi simplemente seguir co que estaba feito, remata--lo que estaba feito por anteriores gobernos, e non hai ningunha iniciativa nova.

Eu enumerei cousas puntuais como, por exemplo, a situación da exportación de produtos agroalimentarios, nos que tanto fincapé se fixo no discursos de investidura; a hostelería de alta calidade; o plan para a explotación das rías turísticas; a creación do instituto de

promoción turística, que non sabemos neste momento en que situación se atopa; ou a mesma Comisión de comarcalización, que no seu discurso de investidura vostede dixo, señor Fraga, que se ía crear de forma inmediata, e hoxe poden estar experimentando en catro comarcas, pero non está creada. Por iso nós simplemente sinalabámo--las lagoas que atopabamos no cumprimento do seu programa de Goberno.

Realmente teño que recoñecer, como xa dixen na miña anterior intervención, que a transferencia do INSALUD eu considéroa positivo, pero non considero positiva a forma na que se fixo. A min gustaríame que vostede viñese aquí e dixese: "Non é a mellor situación, pero era necesario", e ó mellor estabamos de acordo en que sendo unha mala transferencia, ó mellor era necesario que fose transferido. Porque está claro que neste momento foi transferido co 5,88% do presuposto do INSALUD para chegar ó 7,69% dentro de dez anos, e se fose pola po-boación protexida hoxe teríamos xustamente o 7,22%, o cal significa que Galicia vai perder 60.000 millóns de pesetas.

Efectivamente, non mencionámo--lo Plan Xacobeo, porque hai anos que están traballando nel e vai ser presentado nesta Cámara, por iso non hai que mencionalo, pero si hai que menciona--las cousas que faltan no seu programa, sobre todo aquelas que dicían que ían crear de xeito inmediato.

Vostede fixo referencia a que imos ter unha Policía Autónoma, pero, ¿sabe o pobo como vai ser esa Policía Autónoma? Pois moi sinxelo: o que pagaba integramente Madrid agora ímolo pagar entre Madrid e a Comunidade Autónoma. Esa é a nosa Policía Autónoma que imos ter agora.

Por último, para rematar, quería dicir que as autovías chegaron tarde, o 93 está aí, e no 95 --que veremos se son en 1995-- non imos te--las autovías, e xa pasaron dous anos desde o 93, cando teñen que

esta--las comunicacións feitas para que tódolos investimentos que poidan vir a Galicia veñan. Nós, desde esta Cámara, ofrecémo--lo apoio ó Grupo Popular, como outros grupos parlamentarios, para loitar co fin de conseguí--las autovías no ano 93. Por conseguinte, creo que non son feitos dos que poidamos estar orgullosos neste primeiro ano de Goberno.

Con respecto ó transfuguismo, eu téñolle que dicir, señor Fraga, que eu entendo que unha persoa evolucione ideoloxicamente, todos evolucionamos, e os políticos teñen obriga de facelo, sería malo que quedasen estancados ou ancorados no pasado, pero o que non se pode é evolucionar a cambio de algo, iso non é bo. Eu creo que a evolución é lexítima, é obrigatoria, incluso, para os que estamos na vida pública, pero non se pode evolucionar a cambio dalgunha cousiña que lle poden dar para o seu pobo. Creo que iso non é positivo, e non o digo eu, dixérono os propios señores nas declaracións públicas que eu teño aquí. Por conseguinte, non me parece unha boa política, e creo que entre todos teremos que acabar con esta praga daqueles que se cambian de situación política por intereses concretos e materiais.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Castiñeiras.

Ten a palabra o señor Portomeñe.

O señor VAZQUEZ FORTOMEÑE: Gracias, Señor presidente.

O señor Nogueira quero agradecerlle que nos felicitase desde esta tribuna, era o que dicíamos nós: o señor presidente e mais un servidor, efectivamente, facémolo ben. Entón, cada vez que nos escriba cartas así, nós estaremos pensando que vostede fai xestos de nobreza que notoriamente o acercan á verdade e a unha boa cualificación dos

feitos deste Goberno.

O señor portavoz do Bloque cambiou notoriamente o ton, o talante; parece, señor portavoz, que vostede non era o autor daquel discurso; incluso daba a sensación nesta tribuna que tampouco cría no contido daquel discurso. Alégrome moito.

En canto ó Plan forestal vostede quíxase de que non se lle remitiu un plan, que o que se fixo foi unha enumeración de principios ou de directrices que intentamos que configuren o plan. ¡Claro que non se lle remitiu un plan, señor deputado, nin a vostede nin a ningún parlamentario! O que pretende, precisamente, o Grupo Popular é que exista un consenso sobre un plan, é dicir, que o elabore a Cámara, e que o elabore en virtude de vontade coincidente; polo tanto, non se trata de mandarlle un plan. Nese sentido non tiñamos por que solicitar--lo consenso, non esqueza a súa señoría que temos maioría absoluta, e podíamos aprobalo e en paz, pero querém--lo concurso da súa vontade e o concurso da vontade dos restantes grupos parlamentarios. ¿Ve vostede como é certo aquilo que eu afirmaba inicialmente de que cambiou o talante?

Despois vostede tivo unha observación realmente orixinal cando falou dos investimentos en Lugo e en Ourense no terreo educativo. Son proporcionais, evidentemente, ó número de alumnos, señor deputado. E dicir, o que non se trata é de crear postos escolares onde non existen escolares.

Polo que respecta ó portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas, a min recórdame, sinceramente, aquela expresión de que ningún ofrece tanto coma o que non vai cumprir. Oportunidades houbo, poden volver no futuro, non digo que non, señor portavoz, pero no presente non existen e, polo tanto, sabido é que non ten oportunidade de cumprir.

Digamos, en definitiva, que aquí non se esgrimiu ningún triun-

falismo de ningunha clase. Desde aquí recoñeceuse que aínda quedan moitos tramos que queimar ata acadar--las metas deseñadas nese corpo de doutrina exposto polo señor presidente, ó que agora me referirei.

Nós aínda non caemos na tentación de exhibir campañas coma aquela de "tempos mellores" e "cumprindo obxectivos", que, efectivamente, era a prédica anticipada e altisoante do triunfalismo. Non logramos aprender esa materia, polo contrario, intentám--la humildade.

En canto á doutrina, non diga vostede que é innecesaria, porque iso significa que xoga vostede fóra do campo político. A doutrina é tan necesaria como que consiste na definición de camiños, de metas ou do papel que ten que xogar Galicia, e sen iso camiñamos á deriva, señor portavoz. Isto é tan evidente como que a existencia coherente dunha doutrina foi quizais o primeiro paso para acadar exteriormente ese respecto en tódolos foros nacionais e internacionais nos que Galicia ten participación, onde queremos ir, ¿ou non queremos ir a ningún lugar? Pois, iso é o que respalda a doutrina. Se vostede di que a doutrina é rancia, é que me confirma que, efectivamente, non entendeu absolutamente nada, lamento moito dicirlle iso. Pero certamente cando se propugna a reforma da Constitución, que ningún sacraliza, que é unha reforma absolutamente puntual dun tema concreto, para os efectos de axeitar--lo Senado a unha condición real de Cámara territorial, cando se fala do desenvolvemento do artigo 131 da propia Constitución, par os efectos da creación dun organismo de coordinación, cando, en definitiva, se fala da incorporación do papel das rexións europeas ós textos europeos para que figuren con arraigamento e asentamento case constitucional, pois, señor deputado, non se pode falar de que se estea nunha doutrina de contido rancio, é absolutamente tan innovadora como que propugna reformas e desenvolvementos que son os que xustamente eu lle estou citando aquí.

Probablemente a súa señoría non ti-
vo tempo de velo completamente,
igual co tema da débeda pública.

As súas teses sobre a débeda
pública o único que esixen é que se
poña de acordo con vostede mesmo.
Sinceramente o que teño que dicir-
lle é que por un lado vostede esi-
xiunos, desde esta tribuna, un in-
cremento nas consignacións dos de-
partamentos das respectivas conse-
llerías, por outro lado recrimina a
débeda, e por un terceiro lado re-
sulta que o Goberno da nación, que
é verdadeiramente o que ten a res-
ponsabilidade definitiva na fixa-
ción do nivel de financiamento das
comunidades autónomas, xugulan este
nivel de financiamento. Póñase de
acordo co seu propio discurso e lo-
go entenderémonos.

En canto á educación, teño que
resaltarlle á súa señoría que neste
país afortunadamente existen postos
escolares para todos, sen excep-
ción. E dicir, non hai que andar
rebuscando vocacións estrañas do
Grupo Popular de desviación do
alumnado. O único que ten o Grupo
Popular é un respecto profundísimo
á liberdade de ensino e, polo tan-
to, á liberdade dos pais que pro-
clama o artigo 27 da Constitución.
Vostede, que é tan amante deste
texto constitucional, notoriamente
deberá concordar connosco e non fa-
cer obxecto de recriminación unha
pretensión de desvío que non exis-
te. A parte diso, postos escolares
existen xa desde a vella etapa ab-
solutamente para tódolos galegos.

En canto a ASTANO non pida que
se fale das negociacións antes de
que cristalicen, máxime tendo en
conta que quen ten que dicir defi-
nitivamente amén ás negociacións é
xustamente o INI, ou sexa, o seu
Goberno.

En canto ó gas, que vostede fa-
lou del como un precedente existen-
te desde a súa etapa, quero dicir
que ese precedente nós non o acep-
tamos por unha razón. Falábase da
meta do ano 2.000 e dun investimen-
to por parte de Galicia de 28.000

millóns. Nós acadámolo gratuitamen-
te, en 1995 funcionará. Comprenda a
súa señoría por que non aceptamos
ese antecedente nin esa pluma con
que vostede quere engalanarse.

Tampouco vostedes respectaron
aquel plan mediante o cal se soli-
citaba a distribución de fondos en-
tre os distintos concellos, para os
efectos de realización de obras.
Vostedes anulárono porque, ó pare-
cer, na enumeración de concellos
había algúns que non lles gustaban.

Despois fixo un chiste desde
esta tribuna, e dixo: "metaño--la
gastronomía neste Parlamento". Teña
coidado, señor deputado, a ver se
lle din que é para enche--los seus
baleiros discursos, porque para ou-
tra cousa aquí non a necesitamos.

En canto á Televisión Galega
teño que lle dicir a vostede, moi
claramente, que en primeiro lugar
descendeu a audiencia de tódalas
televisións públicas, cunha excep-
ción en España, que desde logo non
é a televisión nacional, que tamén
descendeu.

En segundo lugar, non diga vos-
tede que Galicia aínda non accedeu
á Televisión privada, porque si es-
tá nas grandes cidades galegas.

En terceiro lugar, non fale
vostede de dilapidación deste Go-
berno e conveña comigo terminante-
mente que vostedes gastaban exacta-
mente o mesmo cando o valor real
dos cartos era distinto, e polo
tanto superior, e gastaban exacta-
mente o mesmo, pero cun agravante
terrible: xerando déficit, ou sexa,
sen consignación presupostaria ou
sexa e definitivamente sen traspa-
rencia. Por iso, señor deputado, eu
comprendo a súa boa disposición á
negociación sobre o Consello de
Contas que tan necesario empeza a
ser neste país.

Finalmente, como última obser-
vación, quero dicirlle que eu quero
pensar que a referencia ó transfu-
guismo foi un xesto patético pola
súa parte, que non acabo de enten-

der. O señor presidente definiu perfectamente cal é a entidade mesma dunha acción para que poida ser cualificada como transfuguismo, pero se por exclusión transfuguismo é o que se practicou noutras áreas, entón eu teríalle que recordar a vostede Vigo, Ferrol e a propia Xunta de Galicia tripartita xestada naquelas estranas negociacións no hotel dos Tilos, coa presenza activa de deputados da lista do Partido Popular. Entón, señor deputado, créame, de veras, que non logrei entende-la lección que desde esta tribuna pretendeu darnos sobre o transfuguismo.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

(Pide a palabra o señor Alvarez Domínguez).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Alvarez.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Señor presidente, solicitaría do señor portavoz do Grupo Popular que retirase as valoracións pexorativas que fixo acerca da primeira intervención deste portavoz do Bloque Nacionalista Galego, unha intervención que, se ben é da miña responsabilidade, está compartida colexiadamente por tódolos deputados que compoñen o noso grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Esta Presidencia, desde logo, non entendeu que fose descortés, pero para os efectos de distender, eu rogaríalle tamén ó señor Portomeñe que aclare que entendemos que non era pexorativo.

O señor CONSELLEIRO DE REIACIONES INSTITUCIONAIS (Vázquez Portomeñe): Señor presidente, non houbo ningunha alusión persoal, isto é

evidente, no sentido negativo no que configura as alusións o regulamento. En canto á miña cualificación, sobre a primeira intervención do señor portavoz do Bloque, téñoa que manter, para min é unha intervención ou un discurso negativo. O señor deputado non lle vou dicir que son positivas as súas teses. Iso comprenderao el perfectamente.

O señor PRESIDENTE: Señor Alvarez, é de valoración política, entón non hai un problema de descortesía.

Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados, creo que en conxunto temos que estar basicamente satisfeitos deste debate, ó cal se someteu con moito gusto a Xunta e o seu presidente, e desde logo se hai algo que non vin eu facer aquí nin o meu grupo foi ningún xesto de triunfalismo, ben ó contrario; podíámolo facer, e a maior proba diso é que dos tres volumes que presentamos a maior parte das cousas non foron discutidas nin formuladas.

¿Que dedicamos algún tempo á política exterior? Pois, é verdade. Hai galegos por todo o mundo e interesa moito defendelos nos intereses da pesca, dentro do que podemos temos que facer cousas e, en efecto, é verdade que nalgún caso, indo máis alá das nosas competencias directas, fixemos xestións importantes, como a que se mencionou da Merchant Shipping Act, e iso é o que hai.

Eu vexo que se volve insistir no tema dos incendios. Pois, evidentemente, cando o monte se queima, alguén o queima normalmente, e ás veces serán bandas máis ou menos organizadas. Non é competencia nosa por agora, nada relacionado coa orde pública, pero o que pasou nos 15 primeiros días de agosto era polo

menos para preocuparse, e nós seguimos pedindo investigacións.

Inauguracións. Fixémo--las nos tocaban, soamente que as nosas son definitivas. O malo é que imos ter que reinaugurar, porque houbo inauguracións feitas de presa, por razóns electoralistas, de entes que nunca máis funcionaron despois.

Polo que se refire a que se fixemos doutrina, eu recordo hai ben pouco tempo que a acusación que viña deses bancos era que faciamos unha xestión, pero unha xestión sen doutrina; agora dísenos que facemos doutrina sen xestión. Habería que poñerse un pouco de acordo.

Volvemos ó dos gastos de persoal. Señor Sánchez Presedo, aquí si que teño que dicirlle que hai cousas que non se poden dicir en serio, porque mencionar que aumentou o capítulo de persoal por razón do persoal da Universidade, iso é un problema de suspenso en economía; o persoal da Universidade finánciase con cargo ó capítulo IV, non ó capítulo I, polo tanto non tivo ningunha influencia, é unha observación gravemente errónea.

En materia de débeda, sobre a cal se volveu, quero dicir que na débeda emitida vai o 37% á COTOP, o 21% a Educación, o 17% a Agricultura, a Industria case o 9% máis das tres cuartas partes van onde teñen que ir: desenvolvemento dos sectores que vostedes mencionaron.

Volver sobre ASTANO tamén me parece que son ganas de buscarlle tres pés ó gato, porque evidentemente hai que acordarse daquela propaganda que se fixo, de que había que votar a determinado partido porque Fraga ía pechar ASTANO. Ben, que se nos diga agora que foi o que se asinou coa Comisión da 7ª Directiva, e que se nos diga agora que pasou cos postos alternativos, pois evidentemente non é a nosa responsabilidade. Nós estamos a ver como se abre e volve move--la ría.

En materia de educación, insis-

to, nós non pechamos máis unidades que aquelas obrigadas por razón de número de alumnos. Sen embargo, seguimos aumentando o número de profesores no ensino público, aumentando con isto a calidade do ensino.

No tema de Fontiñas creo que os que teñen que opinar son os interesados. Evidentemente, nun clima como o de Santiago --levabamos tres invernos suaves, pero este parece que o foi algo menos--, o problema da calefacción non parece que sexa un tema dun grupo pequeno, vostede sabe que non é así.

No asunto da Policía quero dicir que unha das virtudes galegas é o sentido do humor. O tema dos gaiteiros, en cambio, si que é un tema serio. E polo que toca á gastronomía, ademais da xente que come comigo, recibín máis audiencias ca ninguén, e tamén aceptei invitacións de membros do seu grupo. Polo tanto, non vexo onde imos parar con esas observacións.

Televisión e Radio. A Radio está a mellorar dun modo importante. A Televisión, efectivamente, tropeza con competencias novas e co cambio de actitude da Televisión nacional, moito máis comercial. Pero nós sacámola dos números vermellos, nós estamos facendo que funcione con responsabilidade. Nos controles de audiencia sabe vostede que hai unha polémica seria no país, pero estes días conviña sabe--lo que pasa coa Televisión galega do Estado, o que está a pasar neste momento, porque eu que vou a Raxoi de vez en cando --vou máis a San Caetano, como se sabe-- vexo alí pancartas tódolos días que me indican que os problemas non parecen ser exclusivos dunha soa Televisión.

Non hai bo discurso político fóra da realidade, e se se volve á realidade creo que o tema do transfuguismo é un tema do que hai que falar en serio. Resulta que vale o das ideas, supoño que quere dicir dos que van ó Partido Socialista, aquilo que se chama a casa común da esquerda. Ben, eu acórdome do pacto

dos Tilos, acórdome dunha mesma persoa --e está no "Diario de Sesión"-- deturpada cando era vicepresidente desde as filas socialistas, e que despois o fixeron vicepresidente outra vez. Eu creo que é unha falta de respecto á vontade do pobo despois dunha elección; antes dunha elección cada un ten perfecto dereito a busca--lo seu sitio e a escolle--lo lugar máis adecuado.

Finalmente, en canto á reforma do Senado, a miña proposta é meditada e responsable, é un paso adiante. E evidente que o feito de que haxa rexións uniprovinciais e rexións con 8 ou 9 provincias ten que terse en consideración. O que hai que cambiar neste momento é a proporción das provincias, que é moi elevada, e a das rexións, que é moi pequena; eu pido equiparalas, e iso paréceme un paso adiante. Pero en cambio o cambiar ou non cambia--la Constitución, desdo o meu punto de vista as constitucións que se negan a si mesmas a reforma parcial, axeitada e oportuna, métese irremisiblemente nos cambios globais, como xa demostrou a nosa historia.

O señor representante do Bloque quérolle dicir que lle chamei honorable, non venerable, que é un título relixioso e canónico, mentres que honorable é un título moi axeitado na linguaxe parlamentaria, pero eu chámolle como queira. Eu quero dicirlle que teño a maior estima por el, pero non pode volver ignorar--la realidade. Non se pode falar de que non nos ocupamos da agricultura, nin da pesca, nin das PEMES; poderá dicir que vostede o faría doutro xeito, e que o faría moito mellor, pero non se pode dicir que nós non nos ocupamos, porque creo que algo estamos a facer.

Agora ben, o que non se pode contraponer é estabilidade e responsabilidade. A primeira consecuencia dunha política responsable, a primeira consecuencia dunha política baseada no pobo, non é impoñerlle un ó pobo as súas ideas, dicir que o pobo erra, como se fai

tantas veces, e que só nós temos razón, senón que baseados no seu apoio, na súa maioría, iso, evidentemente, obriga a darlle estabilidade e a proporcionala. ¿Onde se fai goberno máis imaxinativo, máis responsable, nos países como os anglosaxóns, que levan dous séculos sen grandes cambios básicos afectando á súa estabilidade política, ou naqueles --teño que dicir que desgraciadamente mirando un pouco máis ó sur son moi frecuentes-- onde esa non existe?

Volvo sobre o tema da poboación na agricultura. Eu son home que vén de paisanos, dunha pequena aldeña, na Terra Cha, onde coñecín a vida de aldea, aínda me acordo do que era o fume, do que eran as moscas nas casas dos anos trinta; pero evidentemente desde os anos 30 cambiamos moitas veces, reduciuse notablemente a poboación. Non falamos de mandalos a América, eu dixen "América aquí", falamos de dárlle--los seus medios, de producir máis con menos esforzo físico e de encontrarlles traballo nos sectores secundario e terciario. Ese é un plan de desenvolvemento, todo o demais é querer enganar.

Plan forestal. Pídese consenso, mándase un papel por diante, examinémolo todo, evidentemente un día farémolo con todo detalle.

Ría do Burgo. O conselleiro e mais eu estamos traballando seriamente para lles pedir responsabilidades ás empresas que contaminan, e no caso concreto de Kelsa estase nunha seria negociación, chegará onde chegue, se non aplicárase a lei por vía xudicial.

E desde logo teño plena información. Pero igualmente digo que no tema do marisqueo non se pode aceptar calquera data, aceptando calquera momento, aceptando calquera talla dos mariscos.

Política do grelo convertida en clientelismo, é unha forma de falar. Eu creo que, desde logo, non se pode falar de falta de autoridade.

de, xustamente porque contamos co pobo, pero co pobo non abstractamente representado, podíamos pensar que temos maioría absoluta e xa está. Pero non, imos aldea por aldea, imos bisbarra por bisbarra, falamos coa xente representativa, ¿se non para que se elixen os alcaldes, para que se elixen os concelleiros? Pero de falta de autoridade nada. Eu que son moito menos autoritario do que se di, desde logo teño que dicir que o Goberno en tempo preelectoral está acometendo temas impopulares. Polo tanto, señor Noqueira, falemos do tempo, se lle parece.

Desde logo, eu non acepto as referencias a persoas que non están na Cámara, que igualmente me vexo obrigado a defender. O que defende o seu concello ou a súa provincia está defendendo tamén Galicia, ¿se non como a imos defender?

E certo que vostede me escribiu sobre o Golfo, eu contesteille, como lle contesto a todo o mundo. Por certo que non me falaba dunha declaración sobre a guerra, e moito menos dunha declaración de guerra que non nos compete neste Parlamento e no Goberno, falábame da seguridade dos galegos, e eu contesteille que tiña seguridade e boa información de que non estaba en risco nin a vida nin a integridade de ningún galego, desde logo moito menos do que está nas estradas cada fin de semana. Pero, en definitiva, señor deputado, é evidente que cando se fala de futuro hai que facelo poñendo os pés na terra, a utopía é o que non ten sitio, é o que non ten sitio nin ten tempo, nin ten futuro, e teño que dicir que neste momento o peor que se pode facer e poñernos nós a nós mesmos limitacións, esas internas que se poñía o marqués de Sade e que son as que destrúen toda posibilidade. Non improvisamos sobre o tema do emprego, nós temos un modelo económico e matemático que nos dá eses resultados, e imos loitar por iso. Polo de pronto, as bases infraestructurais estanse a poñer. En todo caso, un pódese poñer--las gafas que queira,

pero desde logo non se pode dicir que as autovías son para o ano 2000, teñen o prazo de 1995. Non se pode dicir que é malo un convenio de sanidade porque non vai durar dez anos o sistema. Iso non é discutir en serio. Eu non teño inconveniente ningún en recoñecer que o noso apoio á lingua galega no Senado e no Parlamento Europeo non ten que ver con que o Congreso dos Deputados --ninguén o propuxo ata agora--, que é a Cámara onde todos nos temos que entender na lingua común, teña que tela, non teño inconveniente en recoñecelo, e podo cambiar de opinión, porque aprendo tódolos días.

Finalmente, unha vez máis, o señor representante de Coalición Galega, igualmente honorable, de que non hai iniciativas. Eu creo que non hai máis xordo co que non quere escoitar, porque dicir que no turismo non hai iniciativas nas rías, cando pasei o domingo enteiro ocupándome del en Vigo, como sabe todo o mundo, pois paréceme pouco serio.

Desde logo, o conto do 50% da Policía Autónoma, iso si me recorda outro conto. Cando era estudante e viaxaba en terceira para ir a Madrid, algúns recordarán que o tren se paraba nunha estación que se chamaba La Cañada, que era a máis alta de Europa. Era un tren que tardaba en chegar a Galicia día e medio, eran malos tempos de material ferroviario, alí paraba un chisco, e viñan os rapaces vender uns botes con leite, "leche de La Cañada", e un gracioso díxolle desde o coche: "leche de La Cañada, la mitad es agua", e o de abaixo dixo: "la mitad es leche", moi enfadado, naturalmente; e dixo o outro: "Iso é o que eu digo"; ¡home, non! O 50% se seguise ás ordes do Goberno de Madrid, o 50% que é a metade do que custa administrándoa nós e non tendo que pagar compañías de seguridade auxiliares. Hai que falar en serio dos problemas, ou se non pasa coma o conto do leite da Cañada.

Vostede volveu insistir no tema

do transfuguismo, e falou do dereito dos políticos a cambiar. ¡Que me vai contar vostede! Basta coñecerla súa carreira para saber que esa evolución pode ser constante e permanente. Eu teño moitas menos evolucións na miña vida. Pero volvo a onde comecei. Por encima das bromas --e de antemán retiro calquera aspecto ofensivo que algún quixera encontrar, non lle chamei a ningún boi mudo, nin cousas desas que se escoitan moitas veces nesta Cámara--, a pesar de todo eu voume desta tribuna cunha modesta satisfacción. A pesar de todo son máis as coincidencias cás distancias. Din-nos que por que non fixemos máis, ¡que máis quixeramos! Imos en Galicia cara a adiante, e iso é o que conta.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: A sesión reanudarase previsiblemente ás seis e media, porque previamente tense que reuni-la Xunta de Portavoces para fixa-lo prazo de presentación de propostas de resolución.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

DEBATE DAS PROPOSTAS DE RESOLUCION

O señor PRESIDENTE: Señores deputados, teñan a bondade de ocupalos seus escanos.

Hai 129 documentos presentados que conteñen 138 propostas de resolución. O traballo da Mesa para cualificalas fixo retrasa-lo comezo desta parte da sesión.

O señor secretario da Mesa dá conta das propostas presentadas.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): Señoras e señores deputados, foron presentadas e admitidas pola Mesa do Parlamento,

ás cinco e vintecinco desta tarde, as seguintes propostas de resolución. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia da número 1 á 83; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego da número 84 á 102; polo Grupo Parlamentario Mixto Coalición Galega da 103 á 123; polo Partido Socialista Galego Esquerda Galega a número 124, que contén 10 propostas de resolución; e polo Grupo Parlamentario Popular da número 125 á 129.

As propostas de resolución foron distribuídas ós portavoces dos grupos parlamentarios, estanse a facer agora mesmo copias para repartir nos escanos dos señores deputados.

O señor PRESIDENTE: Para o debate haberá unha quenda para cada grupo parlamentario de dez minutos, e outra quenda en contra. Unha vez consumidas por tódolos grupos, suspenderase a sesión ata mañá ás once, para que neste período de suspensión se poidan acadar las transaccións que resulten posibles.

Para expoñer e defender as súas propostas, ten a palabra o voceiro de Coalición Galega.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, quero presentar, máis que defender, as propostas de resolución presentadas --valla a redundancia-- por Coalición Galega, como consecuencia do debate da nación galega, comezado no día de onte.

E evidente que o tempo é insuficiente para profundar minimamente en cada un dos conceptos. Tendo en conta que son 21 as resolucións presentadas por Coalición Galega, vou dar lectura ó contido das mesmas, dado que moitas delas servirían para un debate de Comisión de máis de dúas horas.

A primeira resolución que presentamos a este Parlamento para a súa consideración, solicitando o

apoio para a súa aprobación, é a seguinte, que antes do 30 de setembro próximo, deste ano, se cree o instituto de promoción turística de Galicia. Quero dicir que tódalas propostas de resolución, de acordo co acordo --perdoen a redundancia-- da Mesa--Xunta de Portavoces, foron tratadas ben sexa polo presidente da Xunta ou ben polos portavoces da oposición desta Cámara.

A segunda é que se realicen as xestións necesarias co Goberno do Estado para o traspaso das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña, ISM.

Pedímoslle que o Parlamento inste á Xunta para que presente nesta Cámara, antes do 30 de xuño, un plan de parcos biolóxicos nas augas interiores de Galicia, tendo en conta as posibles implicacións do mesmo nas empresas transformadoras de produtos mariños.

Solicitámo--lo apoio para que o Goberno de Galicia aprrobe e publique no Diario Oficial de Galicia antes do 30 de maio do presente ano o regulamento das artes de pesca de arrastre nas augas interiores de Galicia.

Pedimos e solicitámo--lo apoio da Cámara para que o Goberno galego presente no Parlamento de Galicia, antes do 30 de abril do presente ano, un plan de actuación contra os incendios forestais, que tendo en conta a experiencia acadada nos anos anteriores permita unha maior eficacia e mellora dos resultados na loita contra o lume.

Solicitamos igualmente que o Goberno presente nesta Cámara, antes do 30 de abril, o plan forestal de Galicia.

Solicitámo--lo apoio da Cámara para que o Goberno presente un plan especial de apoio ó sector leiteiro, con obxecto de paliar a problemática que está a sufrir este sector.

Pedímo--lo apoio para que a Xunta realice as xestións oportunas co obxecto de poder conseguir que nas próximas eleccións ó Parlamento europeo Galicia sexa circunscrición electoral.

Solicitamos do Parlamento o apoio para que o Goberno galego realice coa maior urxencia posible as xestións oportunas e necesarias co obxecto de conseguir tamén que a nosa lingua, o galego, sexa considerada como lingua oficial no Parlamento europeo.

Tamén solicitámo--lo apoio da Cámara para que o Goberno galego, coa maior urxencia, realice as xestións oportunas e necesarias co obxecto de conseguir que o galego sexa considerado como lingua oficial no Congreso dos Deputados. Solicitude análoga para que a nosa lingua sexa tamén lingua oficial no Senado.

Solicitámo--lo apoio do Parlamento para pedirlle á Xunta de Galicia que siga a facer--las xestións oportunas para que a rede de gas natural de Galicia entre en servizo antes do ano 1993.

Solicitamos que o Goberno galego acelere os traballos que se ven facendo levando a cabo para que o parque tecnolóxico de Galicia, situado en Ourense, entre en servizo antes do ano 1993.

Pedimos que a Xunta de Galicia presente neste Parlamento, antes do 30 de xuño deste ano, o proxecto de lei de ordenación do territorio, necesario para a vertebración da nación galega e para unha maior racionalización das accións de Goberno.

Pedimos que o Goberno galego presente no Parlamento, antes do 30 de abril, como consecuencia do debate presupostario que levamos a cabo hai uns meses, o plan de conservación de especies faunísticas en extinción.

Pedimos que, antes do 31 de marzo, o Goberno galego presente

nesta Cámara o plan xacobeo 93.

Pedímo--lo apoio da Cámara para instar ó Goberno galego a que os investimentos e as accións para a creación de infraestruturas que vaia a realizar nos concellos de Galicia se fagan tendo en conta única e exclusivamente as necesidades reais dos mesmos, e non a cor política á que pertencen os seus respectivos alcaldes.

Pedímo--lo apoio para que antes do remate do ano 93 a cobertura da Radio Galega e da Televisión Galega chegue de feito a tódalas comarcas e áreas territoriais do noso país.

Pedímo--lo apoio do Parlamento para solicitar á Xunta de Galicia que cree a escola galega da saúde pública durante o presente ano 1991.

Solicitamos que se presente ante o Parlamento de Galicia, antes de rematar este ano, un plan especial de carácter plurianual, para a corrección dos desequilibrios interterritoriais existentes en Galicia.

Solicitamos tamén que se presente nesta Cámara un plan hidráulico de carácter plurianual, que remate no ano 93, para o saneamento definitivo das rías galegas e dos núcleos de poboación das ribeiras dos ríos Miño e Sil.

Señorías, creo que estas solicitudes darían lugar a amplos debates na Cámara, pero eu, sendo consecuente coa miña consideración inicial, só dei lectura ás mesmas, e para elas pedímo--lo seu apoio.

Máis nada e moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente, García Leira).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ojo.

Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, está claro que o noso punto de vista respecto das resolucións neste debate non foi presenta--lo noso programa, senón aquelas cuestións de interese colectivo, a poder ser concreto, pero cun certo contido amplo, que puidesen ser obxecto de aprobación pola Cámara no seu conxunto, e en todo caso pola oposición.

Tamén tivémo--lo criterio de escolmar cuestións presentes no debate do estado da nación. Ixica--mente presentámo--las resolucións co afán de seren aprobadas.

A primeira refírese ó INSALUD. Pedimos que na distribución territorial do financiamento da asistencia sanitaria no Estado a cada Comunidade Autónoma, e consecuentemente a Galicia, lle corresponda segundo a poboación protexida. Está é a cuestión xenérica. Paradoxalmente neste momento se se aproba refírese unicamente a Galicia, porque os demais xa a teñen así. Ou sexa, que é unha cuestión de Estado pero que só se refire ás relacións do Estado con Galicia, é paradoxal, pero esta é a realidade. Polo tanto, pedimos que se aprrobe, son de 30.000 a 50.000 millóns de pesetas ó ano, e instamos á Xunta a que defenda esta postura ante as institucións do Estado. Por outra parte, é o mesmo que resultará cando espero que se aprrobe a Lei de reforma xeral da sanidade, que o noso partido presentou neste Parlamento e que está a piques de vir de novo a Pleno despois de pasa--lo trámite en Comisión.

Na resolución número 2 pedimos, tendo en conta que a pesar dos progresos non se normalizou en absoluto o uso da lingua galega, un acordo entre tódolos grupos parlamentarios, de tal forma que o Parlamento e maila Xunta de Galicia tomen as medidas políticas, culturais, sociais e presupostarias precisas para o estrito cumprimento da lexislación vixente en canto a lingua, a saber do Estatuto de autonomía, da Lei de normalización lingüística e

da Lei do uso do galego na Administración local. Esta é unha resposta desde o noso partido a algo que forma parte do sentir colectivo, e debiamos buscar un acordo amplo sobre esta cuestión, sempre que sexa, claro está, para que o galego teña o carácter de lingua propia e oficial que lle dá o propio Estatuto de autonomía, con independencia das posturas que cada un teñamos sobre o galego como lingua nacional.

A resolución número 3 refírese ó medio ambiente. Cremos que en Galicia hai un gravísimo problema de medio ambiente que abarca ás rías, ás praias, ás marismas, ós recursos forestais, o patrimonio arquitectónico e histórico e ó patrimonio urbanístico. As veces cando vexo, por desgracia, imaxes da guerra no Oriente Medio, cando vexo imaxes de certos barrios que sofren e certas condicións de vida, por desgracia moi inferiores ás de Galicia, recordáname paisaxes da nosa terra, e pido que a Xunta de xeito inmediato tome as medidas lexislativas e executivas precisas para resolver--los problemas de medio ambiente coa colaboración do Parlamento.

A resolución número 4 refírese ó financiamento autonómico. Na última parte dicimos que se non se resolve o problema do financiamento autonómico, nin sequera se pode aplicar--lo Estatuto de autonomía tal como é. A posta en práctica efectiva das competencias necesita a resolución deste problema, e cremos que se debe de formar unha Comisión parlamentaria específica para esta cuestión, e damos unha serie de criterios sobre a reforma. Aquí, como nas outras resolucións, loxicamente estamos dispostos a acordos transaccionais con tódolos grupos, moi especialmente cos grupos da oposición.

Na resolución número 5 pedímo--la inmediata inclusión de Galicia nas previsións para o tren de alta velocidade. Resultoume sintomático que o señor Fraga no debate de antes, cando falou do tren de alta velocidade dixo que non refugaba o

tren de alta velocidade, pois nós non só non o refugamos, senón que o pedimos. Pedímo-lo coma unha necesidade, e espero que esta resolución conte tamén co acordo de todo o mundo.

Na número 6 pedímo--la garantía dos postos de traballo na Televisión de Galicia, e o desenvolvemento con carácter público deste medio de comunicación vital para a nosa sociedade e a nosa cultura. O noso punto de vista sobre a Televisión Galega é que debe ter calidade, e moitas veces pérdea, e debe ser tratada incluso como se fose un medio de educación, como se fose financiación--la educación pública, aínda que loxicamente hai que procurar que se autofinancie. E non descartámo--la idea, aínda que non a estipulemos na resolución, de crear--la segunda canle de Televisión con outras finalidades, sobre todo ante a próxima presenza maioritaria doutros medios de comunicación televisivos no noso país.

A resolución número 7 refírese ó desenvolvemento da produción láctea. O obxectivo é ben sinxelo. Os agricultores galegos, os nosos labregos, teñen que ter explotacións cun nivel de produtividade igual á media europea, e están perfectamente capacitados para conseguilo, trátase de apoialos para isto. Eu creo que paradoxalmente, pero en consonancia con ideas que este Parlamentario tamén defendeu aquí no seu día, as posturas internacionais contra a Comunidade Económica Europea pola protección do sector agrario poden beneficiar indirectamente a Galicia, de igual forma que poden prexudicar a Alemaña e a Francia, á agricultura subvencionada, ó altísimo nivel de vida dos agricultores alemáns e franceses, moitas veces debido ás subvencións, e en cambio dada a nosa maior capacidade de resistencia poden propiciar--lo desenvolvemento da nosa produción e incluso, consecuentemente, o desenvolvemento industrial. Isto non está garantido, depende da nosa loita política, da loita dos sindicatos, pero pode

ocorrer. En todo caso, nós reclamamos que se propicie o desenvolvemento da produción láctea.

A resolución número 8 é unha resolución política consecuente coa postura que tivo o PSG--EG neste debate, é unha crítica profunda á xestión do Goberno presidido por Manuel Fraga durante este ano. Creemos que durante este ano o Goberno presidido polo señor Fraga non cumpriu as esixencias derivadas das súas responsabilidades políticas nun momento de especial transcendencia para o futuro do desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia, sendo esta postura aínda máis reprochable cando o Goberno sistematicamente rexeitou as posturas de cooperación presentadas polos deputados dos grupos da oposición nesta Cámara.

Estas son as resolucións, espero a súa aprobación e estamos dispostos a discutilas con tódolos demais grupos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Nogueira.

Ten a palabra o representante do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TRIGO DURAN: Señor presidente, señorías, as nosas propostas de resolución, na liña proposta á mañá polo portavoz do BNG, señor Alvarez, poden e deben merecelo apoio da Cámara para mellorar determinadas carencias que ten o noso país neste momento, e co discurso sobre o Estado da nosa nación --aínda que para el non o sexa-- do señor Fraga, realmente cremos que isto é posible, se existe esa vontade que se di, pero nós coidamos que non vai existir.

Fálase moito da situación de Galicia con relación á CEE. Aprobouse unha postura nosa de renegociación en temas de pesca; polo

tanto existe un sentimento claro de que sexan aprobadas determinadas resolucións. Por iso, nós propoñemos que dunha vez se tome a cuestión en serio, e solicitamos unha resolución para que se esixa a reforma do Tratado de adhesión do Estado español á Comunidade Económica Europea e a súa renegociación.

Ante a situación de indefensión na que continuamente se ve o noso país cando se negocian determinados tratados, determinadas adhesións, non só á Comunidade Económica Europea, senón con terceiros países en materias económicas, solicitámo--la reforma da Constitución española para que Galicia poida estar presente nesas negociacións dun xeito decisorio. Coidamos que sería hipócrita pensar que en Madrid existe unha Constitución que impide todas estas cuestións e non loitar pola reforma da mesma para que nos permita defendernos das agresións económicas. Estas son cousas reais e cos pés no chan, cousas que entenden os paisanos ós que o señor Fraga se dirixía á mañá, e non a esta Cámara, facendo demagogia única e exclusivamente para pasa--lo tronso de cumprir coa obriga estatutaria, como moi ben nos recordou pola mañá.

Con relación ó Senado nós propuxemos tamén a reforma da Constitución, de tal xeito que o Senado se convirta nunha Cámara das nacións na que as mesmas teñan capacidade decisoria en todos aqueles temas de interese que as afectan, e digo capacidade decisoria das nacións que compoñen o Estado. Non concordamos, evidentemente, con só unha cuestión de número que se formulaba no discurso do señor Fraga Iribarne do día de onte.

Respecto da educación, como xa criticamos no debate dos presupostos, a nosa posición, ó igual cá dos sindicatos, señor Fraga, era en contra da subvención ó ensino privado en Preescolar. Formulamos que a Xunta de Galicia presente unha reforma dos presupostos da Comunidade Autónoma referente á Consellería de Educación e que todo o di-

ñeiro destinado ó Preescolar privado se invista na mellora do ensino público.

Na defensa do noso idioma --aquí repito as palabras do noso portavoz, señor Alvarez, pola mañá-- é unha cuestión hipócrita defender que o galego sexa oficial en Europa, cando realmente os conselleiros, os seus gabinetes e incluso fóra deste foro todo o mundo practica o español. Necesítase un reforzo real, e iso só pode vir dado pola reforma do artigo 3 da Constitución española, de xeito que o noso idioma sexa realmente oficial e non estea formulada a cooficialidade e a prioridade real do español sobre o galego. Na defensa do idioma tamén propoñemos que se adopten as medidas oportunas para lograr unha alternativa de concordia ortográfica entre tódalas tendencias no prazo non superior a un ano. Tamén quixeramos que os medios de comunicación públicos da Comunidade autónoma sexan vehículos de promoción real da lingua galega, e sexan usados de forma exclusiva para este espallamento.

Cremos que o agro galego necesita --e penso que tódolos grupos van incidir nesta cuestión, xa incidiron algúns dos que me precederon-- unha potenciación real e non unha redución dos postos de traballo, como o señor Fraga Iribarne propoñía esta mañá e onte na lectura do seu discurso. Nós cremos que é necesaria a creación dun grupo agroindustrial galego nos termos que xa defendemos nesta Cámara, coa participación económica da Xunta de Galicia. Consideramos tamén que, ante das irregularidades que se están a cometer co intento de implantación de fábricas de pasta de papel en Galicia, é necesario que a Cámara se opoña ás mesmas en tanto en canto non estea proposto como resolve--la explotación racional do noso patrimonio forestal, pois, por agora, brilla pola súa ausencia nesta Cámara un debate sobre a cuestión. O mesmo tempo pedimos que ante as irregularidades observadas na tramitación destes dous proxec-

tos, en especial nas cuestións de medio ambiente, se aprrobe a creación dunha Comisión parlamentaria que investigue a situación respecto destes proxectos.

Coidamos que a comarcalización do país non é cousa dun grupo só. Por iso tamén, e dentro da necesidade de que todos suscitamos un acordo en común, que xa se propuxo nesta Cámara en anteriores lexislaturas sobre outros temas, pedimos que se cree unha Comisión parlamentaria non Permanente que estudie a comarcalización e que redacte unha alternativa integral de competencias, funcións, órganos e territorio. Coidamos que isto non é unha cousa dun grupo senón de toda a Cámara, ó igual que o foi a implantación --por poñer un exemplo-- das universidades.

Solicitamos --xa o defendemos e xa presentamos un proxecto de lei neste sentido-- a creación dun instituto de crédito galego. Non se preocupe o señor Fraga de que haxa que devolve--los cartos, non hai ese problema na creación do instituto de crédito. O mellor non concordamos no xeito do instituto, pero nós cremos que é necesario.

A situación da industria naval obríganos a presentar unha resolución na que o Parlamento aprrobe que a Xunta de Galicia se comprometa a manter--lo sector da construción naval se é necesario co investimento de fondos propios, garantindo a permanencia de ASTANO como empresa de titularidade pública. Tamén propoñémo--la cuestión da defensa dos estaleiros da ría de Vigo e non só dos barcos intelixentes para os iates.

Dentro de cuestións de pesca e de competencias estatutarias formulamos que non se pode seguir a manter no ano en que estamos unha situación de sindicato vertical coma a que se está a dar nas confrarías de pescadores, unha auténtica situación herdada do franquismo e que necesita unha reforma. Creo que é necesario que a Xunta presente ante

o Parlamento, no prazo de dous meses, un proxecto de lei de estruturación orgánica das confrarías que mellore as formas de funcionamento e control das mesmas, de tal xeito que sexan trocadas as actuais canles de representación. Esta é unha teima deste deputado que se o Goberno non a presenta, comprométeme a presentala. É unha situación terceiro mundista que o sindicato vertical siga aínda nas nosas confrarías como método de representación.

Como Galicia debe ter competencias onde ten problemas, e problemas hainos na pesca --a Constitución tamén o permite, outras comunidades autónomas xa fixeron este tipo de acordos con outros entes doutros estados--, coidamos que é necesario que se aprrobe unha resolución de cooperación e asistencia técnica--pesqueira con Namibia, illas Seychelles, Arxentina e outros países na defensa dos caladoiros tradicionais galegos. Non vale só criticar, senón que se debe conseguir que os nosos barcos sigan a te--los caladoiros para seguir pescando.

Tamén formulamos que a Xunta de Galicia solicite do Estado a súa presenza nas negociacións coa CEE e con terceiros estados en materia pesqueira.

En cultura e patrimonio coidamos que é necesario que a Xunta presente, no prazo de dous meses para o seu debate, unha lei de medidas urxentes de rehabilitación das zonas históricas das vilas e cidades de Galicia que están declaradas patrimonio histórico e que se doten dos medios necesarios para o seu funcionamento as comisións territoriais do patrimonio histórico--artístico. Incluso sería necesario que se fixese unha investigación sobre o funcionamento arbitrario e partidario que as mesmas comisións están a facer no momento da emisión de dictames. Tamén formulamos que se cree un servizo de inspección do patrimonio histórico--artístico como resolución.

Na Consellería de Ordenación do Territorio o señor Fraga anuncia--la presentación dunha lei de ordenación do territorio, pero non sabemos para cando. Como a lei de ordenación do territorio sexa coma as normas subsidiarias de planeamento que substituían a outras normas subsidiarias de planeamento, que deron lugar á derogación dun decreto de medidas urxentes, realmente imos seguir sen planeamento durante moito tempo. Señor Cuíña, a ver se dunha vez os seus alcaldes lle deixan saca--las normas subsidiarias, pero mentres nós formulamos unha resolución que propicie que tódolos concellos de máis de 5.000 habitantes, no prazo de un ano, teñan planeamento urbanístico propio e naqueles que no prazo de seis meses non se inicien os traballos urbanísticos correspondentes, a Xunta, no uso das súas facultades, e a Consellería de Ordenación do Territorio tomen en serio a cuestión do planeamento e se proceda á subrogación da súa realización. Iso é tomar medidas en planeamento e non foguetes para festas no aire.

Tamén é necesario, xa que se fala dunha política de rehabilitación, que é unha teima deste deputado e do noso grupo, que se proceda a unha reforma do decreto regulador de rehabilitación de vivendas, xa que é a única maneira de facer efectivo o decreto na rehabilitación hoxe por hoxe. O decreto de rehabilitación fai inviable que a rehabilitación de edificios poida ser integrada.

Por último --e coidamos que está dentro das exposicións que o señor presidente da Xunta formulou aquí, dentro do que é o debate como algo que nos afecta--, queremos que o Parlamento tome unha decisión sobre algo que está a afectar a toda a humanidade. Incluso non sabemos se son certas determinadas palabras do presidente da Xunta que interpretamos a raíz das declaracións que aparecen transcritas nos medios de comunicación, de que incluso a guerra podería ser beneficiosa para

o noso país; así o dicía a prensa. Eu creo que ningún no seu san xuício dirá unha cousa destas, espero que o presidente as desminta, porque é inhumano desde todo punto de vista unha formulación deste teor. Non sei se vostede seguirá pensando que a exportación de auga mineral será un bo negocio. A min non me gustaría que Galicia fixese negocios a conta de ningunha guerra e a conta da morte de seres humanos e da destrución de determinadas relacións. Por iso, señor presidente, xa remato --doulle as gracias pola xenerosidade no tempo--, aconsellamos ó Parlamento a que tome unha resolución na que inste ás partes en conflito á negociación para a paralización da guerra.

Tamén formulamos que o Parlamento esixa do Goberno español a inmediata retirada da zona do conflito, e a volta ás súas bases das tropas e dos barcos do Estado español que se atopan na zona. Tamén instamos a que o Goberno español prohiba a utilización das bases norteamericanas como apoio loxístico para a guerra, porque coidamos que é necesario que o Parlamento repudie as manifestacións do capitán xeneral da zona marítima do Cantábrico a favor dun maior compromiso belicista do Estado español nesta guerra; se quere guerra que vaia el.

Máis nada e moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Moitas gracias.

Vou intentar ser breve dentro do tempo que se me dá para non esgota--los dez minutos. Como sería moi difícil facer un relatorio das

84 propostas de resolución que presenta o noso grupo, expoñerei en pequenas pinceladas tres ou catro ideas básicas en virtude das cales chegamos a elaborar estas propostas. Sobre todo porque penso que despois do discurso do señor presidente quedou a impresión nesta Cámara, como así se recoñeceu, de que non se fixo todo o que se debía facer neste ano; presentan a súa conta de resultados e aceptan que se deixaron de facer moitas cousas, pero ese non é o problema, tódolos gobernos fan moitas cousas e outras déixanas por facer. O problema deste Goberno é que carece dun proxecto global que lle permita dar prioridade a unhas cousas sobre outras. Pero independentemente diso, o problema xa non é simplemente o que se deixou de facer, senón que vostedes estean satisfeitos do baixo nivel demostrado durante un ano de xestión, satisfáille--lo baixo nivel de realizacións acadado.

Eu penso que por un mero espírito de auto emulación deberían procurar progresar un pouquiño máis, e poñendo notas, como poñen os profesores no seu momento, habería que dicirlles que a súa cualificación, sen ser un cero, sen ser un suspenso rotundo, sería que deben progresar. E como deben progresar nós poñémoslle unha tarefa ou uns deberes para este ano que empezamos agora, que son 84 propostas de resolución sobre as que os examinaremos --agardemos que ó mesmo presidente actual-- o próximo ano. Veremos se fixeron os deberes, se os fixeron ben e se estas propostas de resolución na súa maior parte as realizaron. Non son propostas de resolución académicas ou teóricas, son propostas de resolución que están pensando nos problemas reais que hoxe en día ten o noso pobo, que están pensadas nas preocupacións dos cidadáns; algunhas delas fan referencia a preocupacións quizais dun segundo nivel ou dun segundo grao, que son as que como forzas políticas comprometidas nun quefacer democrático dentro dunha democracia parlamentaria entendemos que debe face--lo Parlamento --para

iso está-- como representante da soberanía do pobo galego.

Esencialmente estas 84 propostas de resolución apuntan ás carencias que se detectaron ó longo da exposición que fixo o señor presidente respecto do debate do estado da Autonomía. Esas carencias non as vou explicitar unha por unha, pero si vou facer, a modo de exemplo, unha pequena aproximación a algúns dos temas.

En agricultura, por exemplo, entre outras propostas de resolución, destacamos unha delas, que é a de intensifica--lo esforzo para establecer, respecto da produción leiteira, un marco de negociación estable entre os produtores e as industrias lácteas. Vostedes saben, señores membros do Grupo Popular, e vostede, señor presidente, que este é un problema e unha preocupación real que ten hoxe en día Galicia, que tódolos esforzos son poucos, e que sobre todo se carece dese marco de negociación estable que nós pedimos.

Pedimos --e é responsabilidade do señor conselleiro de Agricultura-- que se aprobe dunha vez o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común. A Lei de montes veciñais en man común vén de moi lonxe. Cando por fin esta Cámara elabora a súa propia lei, o normal e o lóxico sería que o regulamento estivese a andar como moito un ano máis tarde, pero xa pasaron dous e case tres.

Pedimos tamén que se remita --e xa se falou esta mañá diso-- un programa de desenvolvemento forestal para chegar a elaborar consensuadamente entre tódolos grupos parlamentarios un plan forestal e un plan de loita contra os incendios forestais.

Todo isto é na Consellería de Agricultura, e hai outras cousas mais, pero quero recordar, repetir e reiterar que o noso grupo fai un relatorio de problemas reais e de preocupacións concretas que hoxe afectan a Galicia.

No tema educativo, por exemplo, señor conselleiro, nunha proposta de resolución solicitamos que en cumprimento do disposto no plan de financiamento do sistema universitario de Galicia se proceda de inmediato á creación da Comisión parlamentaria, prevista no devandito plan, para que realice especificamente o control do mesmo. Igualmente lles solicitamos que nun prazo de tres meses remitan un plan de medidas de carácter financeiro, e se é preciso fiscal, que apoiem e favorezan as actividades de investigación científica e de desenvolvemento tecnolóxico, porque aínda que no discurso de investidura o señor presidente fixo moita referencia ó desenvolvemento tecnolóxico, a famosa I+D, o certo é que non aparece concretada medida ningunha que teña en conta como un dos factores esenciais do desenvolvemento actual no mundo occidental o I+D, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Igualmente lle pedimos ó señor conselleiro --porque esta é unha vella coita que teñen tódolos profesores e tódolos membros do sistema educativo-- que se homologuen dunha vez as retribucións do profesorado, para os efectos de garantir--la súa plena incorporación ós obxectivos da reforma educativa previstos na LOGSE.

Pasando á Consellería de Ordenación do Territorio, e aínda que non estea presente neste momento o seu representante, dígolle ó señor presidente da Xunta que como xefe do Goberno lle restituía á Administración autonómica a axencia de calidade ambiental de Galicia, e que esta axencia de calidade ambiental asuma as competencias que en medio ambiente ten a Comunidade Autónoma para evitar dislocacións, para evitar que o que debe estar perfectamente centralizado nunha idea global, que é o medio ambiente, deixe de andar por consellerías onde cada unha delas leve un pouco á súa maneira os temas de medio ambiente.

Igualmente lle solicitamos ó

conselleiro de Ordenación do Territorio, insisto, pedíndollo directamente ó señor presidente da Xunta, que se contemple a rede básica de estradas, competencia da Comunidade Autónoma, no horizonte do ano 1993. Así mesmo, que se remita o plan hidrolóxico de Galicia.

Vou intentar apurar un pouquiño e facer unha pequena referencia a cada unha das outras propostas que quedan.

Queremos que se remita o Proxecto de lei de desenvolvemento do réxime local específico de Galicia, e así llelo solicitamos ó señor presidente e ó señor conselleiro da Presidencia.

Con respecto á industria pedimos tamén que se faga un informe sobre as previsións oficiais de distribución do gas natural en Galicia, que sirva de referencia para articular a participación das diversas administracións públicas e do sector privado, que se vaia definindo onde está cada quen con respecto ó aproveitamento de recursos enerxéticos básicos, como pode ser o aproveitamento do gas natural.

En economía queremos que a Xunta de Galicia presente un proxecto de lei que coordine as actuacións das caixas de aforros galegas e as vincule a un eficaz programa de desenvolvemento social e económico de Galicia.

En pesca, aprobar e poñer en práctica para o proximo curso 91/92 un modelo educativo de formación profesional dedicado ós mariscadores e mariñeiros, que poña remate á anarquía da ensinanza actual.

Poderíamos seguir falando de traballo, sanidade e cultura. Penso que co que deixei dito están explicados suficientemente os contidos que todas e cada unha destas 84 propostas de resolución teñen consigo. Son problemas reais, son preocupacións, e é necesario afrontalos neste próximo ano, posible-

mente non só afrontalos senón superalos e realízalos. Pero se non se poden superar e realizar, señores do grupo maioritario, señor presidente do Goberno de Galicia, é necesario que vostedes se poñan claramente a traballar neste camiño, porque é un camiño que lle compete a toda Galicia, é un camiño que se vostedes de boa fe se poñen a andar poden contar claramente coa nosa colaboración e nosa axuda.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rodríguez Pardo.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor CONSELLEIRO DE RELACIONES INSTITUCIONAIS (Vázquez Portomeñe): Señor presidente, señorías, creo que no debate sostido hoxe á mañá quedou absolutamente claro que o Goberno conta cun programa. Outros a verdade é que tentaron facelo aquí. Pola mañá ningunha tentativa de alternativa foi coherentemente esgrimida, que nós saibamos.

Na súa acción o Goberno acadou metas que nun ano, dígase o que se diga, eran descoñecidas en Galicia. E certo é, señores deputados, que nós non nos imos cualificar a nós mesmos. Xa o fixo o pobo, que é o xuíz definitivo neste tipo de temas. Por certo que nos deu alta nota e séguenla dando. A outros dame a impresión de que nin os cualifican, quizais nin o suspenso merecen.

Por iso, nas nosas resolucións, salvo nunha, nos referimos estritamente a accións que deberán cristalizar con institucións radicadas no exterior de Galicia; o interior, Deus mediante, arranxáremolo nós mesmos. Con este prolegómeno breve pásolles a dar conta ás súas señorías de cales son as nosas propostas de resolución.

Na primeira dela pretendemo--la

transferencia do Instituto Español de Oceanografía e as demais transferencias que estatutariamente nos corresponden en materia de ordenación pesqueira, portos pesqueiros e industrias de transformación da pesca. É evidente que acada--las cotas estatutarias en materia de competencias, especificamente nun sector transcendente e productivo como é o da pesca, o do marisqueo e o dos seus derivados, é de transcendente e de notoria importancia ó noso criterio.

Na segunda das propostas de resolución tentamos, exactamente no mesmo camiño, o logro de transferencias que supoñen o cumprimento das previsións estatutarias. Para tal efecto, intentamos o traspaso do Instituto Social da Mariña, transferencia que temos que confesar que se lle resistiu notoriamente tamén ó anterior Goberno, e esperamos neste tema de natureza institucional contar coa axuda dos señores deputados e de tódolos grupos parlamentarios.

Na terceira das propostas de resolución referímonos ás relacións interiores de Galicia. Pretendémola integración de tódolos centros de atención sanitaria dependentes doutras administracións radicadas en Galicia dentro do Servicio Galego da Saúde. Pensamos que é unha tentativa seria de racionalización da política sanitaria e de arbitrar un xeito operativo unitario que vexa cubrir deficiencias ou carencias ata agora observadas.

Na seguinte resolución pretendémola aplicación daquela doutrina de que antes falei e que expuxera o señor presidente da Xunta. Queremos que o Parlamento de Galicia exprese o seu propósito de que a Comunidade Autónoma galega participe activamente na construción de Europa conforme ós seguintes principios.

O primeiro o da subsidiariedade, entendido como especialización da Comunidade Autónoma en tódalas actuacións onde se rebelen máis efi-

cientes.

O segundo o da participación rexional mediante o reforzamento da representatividade de Galicia ante o Consello de Ministros da Comunidade Económica Europea cando estean en xogo competencias exclusivas ou intereses fundamentais do nivel rexional propio.

O terceiro principio, o da participación rexional conxunta, que garanta a posibilidade de participar, desde a fase inicial, no proceso de toma de decisións comunitarias, creándose para tales efectos a medio prazo o consello das rexións e a longo prazo o senado europeo das rexións.

O cuarto principio é o do dereito á apelación de tódalas rexións respecto das decisións do Consello de Ministros e da Comisión europea.

O quinto principio é o da asignación a cada rexión europea da natureza de circunscripción electoral das eleccións ó Parlamento europeo. Para tal efecto, o Parlamento pretendemos que requira á Xunta de Galicia para que á súa vez demande do Goberno central as necesarias accións tendentes a conseguirla incorporación dos devanditos principios ós tratados europeos en calidade de principios constitucionais.

Tamén require o Parlamento galego á Xunta para que demande do propio Goberno central as precisas accións tendentes ó recoñecemento da lingua galega como idioma comunitario, ó igual que se fixo con outras linguas de España.

Señorías, creo que nesta proposta de resolución longa pero transcendente podería haber coincidencias xeneralizadas desta Cámara por canto tenta vigorizalo papel da nosa Comunidade Autónoma nas institucións europeas alí onde están as fontes de decisión e alí onde tamén Galicia ten que busca-la solidariedade necesaria para o seu desenvolvemento; só por este camiño

son estrictamente posible eses logros de solidariedade e de participación activa.

Na outra resolución pretendemos que o Parlamento inste á Xunta para que obteña do Goberno central as necesarias accións para desenvolver a medio prazo, tendentes a outorgarlle ó Senado unha maior competencia territorial, que o configure como foro de discusión e motor capaz de asegura-la equilibrada articulación das autonomías dentro do sistema constitucional. Trátase, polo tanto, de poñer en práctica institucionalmente e desde a autoridade da primeira institución de Galicia, que é o Parlamento, ese segundo corpo de doutrina que tamén glosei na nosa intervención e que expuxera o presidente da Xunta.

Para tal efecto, o Parlamento galego propón as seguintes medidas.

En primeiro lugar, a reforma da Constitución no seu artigo 69, co fin de fixar en 150 o número de senadores elixibles no conxunto do territorio español e noutros 150 os elixibles polos parlamentos autonómicos, erixíndose así o mesmo Senado en auténtica Cámara colexisladora, na que deberán iniciarse as discusións parlamentarias substanciais para o desenvolvemento autónomo e, especialmente, as relativas ó financiamento das comunidades autónomas, co fin de garantir un suficiente nivel financeiro e a aplicación do principio da solidariedade.

En segundo lugar, tamén propón o desenvolvemento por lei orgánica do artigo 131 da Constitución para forma-lo consello autonómico, destinado a coordina-la planificación do Estado central e das comunidades autónomas, así como das súas políticas económicas. E á par pretendemos que o Parlamento galego exprese a súa postura de que nas actuacións do Senado, e conforme ó seu regulamento, se poida usa-la lingua propia de cada Comunidade, de acordo co correspondente Estatuto de autonomía.

Señorías, entendo tamén que esta última proposta de resolución vai ser transcendente pola dinámica que ela mesma encerra, chegando incluso á pretensión da modificación constitucional, controlada, breve, absolutamente puntual, pero ó noso criterio absolutamente imprescindible para lograr--los obxectivos dunha verdadeira participación das comunidades autónomas dentro da organización autonómica de España para lle dar ó Senado o relevante papel que debe ter de Cámara das autonomías, Cámara territorial en definitiva, e para dalgún xeito reivindicar, a través da súa acción e da súa actuación, a aplicación do principio da solidariedade e da xusticia no financiamento, principios sen os cales dificilmente o desenvolvemento autonómico de cada Comunidade vai ser posible.

Moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor Vázquez Portomeñe.

Dado o número de propostas de resolución presentadas e que a concesión dunha rolda única en contra impediría posiblemente a expresión do posicionamento dalgúns grupos, parece procedente suspender agora a sesión, reanudala mañá ás once, e antes de votar darlle unha rolda a cada grupo para o posicionamento definitivo e para explica--las transaccións a que se chegou, de suceder así.

En consecuencia, a sesión reanudarase ás once da mañá.

Suspéndese a sesión.

Eran as oito da noite.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome.....
Domicilio.....
Cidade..... Teléfono.....
Desexo subscribirme ó Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día..... de..... de 19..... ata o 31 de decembro de 19.....
Con data..... de..... de 19....., enviólles por xiro ou talón nominativo, número....., a cantidade de.....pesetas.
..... de..... de 19.....
Asinado

Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre.....
Domicilio.....
Ciudad..... Teléfono.....
Deseo suscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condicións estipuladas a partir del día..... de..... de 19..... hasta el 31 de diciembre de 19.....
Con fecha..... de..... de 19....., les envío por giro postal o talón nominativo, número..... la cantidade de.....pesetas.
..... a..... de..... de 19.....
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.

NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período da subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.